

**DOCUMENTO DE INICIO PARA AVALIACIÓN AMBIENTAL**  
**ESTRATÉGICA**  
**PXOM DE O VALADOURO**

## ÍNDICE

1.	INTRODUCCIÓN.....	4
2.	ESTUDO DO MEDIO RURAL.....	4
2.1	LOCALIZACIÓN E EMPRAZAMENTO.....	4
2.2	CARACTERÍSTICAS DO MEDIO FÍSICO.....	4
2.2.1	Topografía.....	4
2.2.2	Xeoloxía.....	5
2.2.3	Climatoloxía.....	7
2.2.4	Edafoloxía.....	8
2.3	CARACTERÍSTICAS DO MEDIO BIÓTICO.....	11
2.3.1	Comunidades vexetais.....	11
2.3.2	Enclaves faunísticos.....	15
2.3.3	Espazos de interese natural.....	19
2.3.4	Cursos de auga e zonas húmidas.....	22
2.3.5	Formacións elementos naturais de interese.....	23
2.3.6	Hábitats de interese.....	24
2.4	USOS DO SOLO.....	27
2.4.1	Masas forestais.....	27
2.4.2	Superficies cultivadas.....	27
2.4.3	Terreos ocupados por edificacións ou instalacións.....	28
2.5	POTENCIALIDADES DO TERRITORIO.....	29
2.5.1	Capacidade produtiva do solo.....	29
2.5.2	Mineira.....	31
2.5.3	Hidrolóxica.....	31
2.5.4	Enerxías renovables.....	31
2.5.5	Potencialidade turística.....	32
2.6	RISCOS NATURAIS OU TECNOLÓXICOS.....	33
2.6.1	Zonas de altos gradientes topográficos.....	33
2.6.2	Orientación.....	33
2.6.3	Capacidade portante.....	34
2.6.4	Áreas vulnerables á contaminación.....	34
2.6.5	Risco Sísmico.....	37
2.6.6	Risco de Inundacións.....	37
2.6.7	Risco de Incendios.....	38
2.6.8	Riscos de Erosión.....	39
2.7	ÁREAS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ARQUITECTÓNICO OU ETNOGRÁFICO.....	40
2.8	A PAISAXE.....	42
3.	ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL.....	44
3.1	PARROQUIAS.....	45
3.1.1	Estrutura parroquial.....	45
3.2	ENTIDADES DE POBOACIÓN.....	49
3.2.1	Clasificación das entidades de poboación.....	49
3.3	CARACTERÍSTICAS DOS ASENTAMENTOS TRADICIONAIS.....	61
3.3.1	Estrutura do viario.....	61
3.3.2	Características do parceiro.....	61
3.3.3	Localización das vivendas e das edificacións adxectivas.....	61
3.3.4	Peches das parcelas.....	62
3.3.5	Superficies comunitarias.....	62
3.4	CARACTERÍSTICAS DAS CONSTRUCIÓN TRADICIONAIS.....	62
3.4.1	Elementos que conforman a unidade residencial/productiva.....	62

3.4.2	Organización arquitectónica.....	64
4.	DINÁMICA POBOACIONAL E ECONÓMICA.....	66
4.1	CARACTERÍSTICAS E PREVISIÓNS DA EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA.....	66
4.2	CARACTERÍSTICAS E PREVISIÓNS DE CRECEMENTO DAS ACTIVIDADES PRODUCTIVAS.....	67
4.2.2	Habilitación de solo para cubrir a demanda.....	68
5.	NORMAS, PLANS E PROGRAMAS RELACIONADOS.....	69
5.1	MARCO LEGAL.....	69
5.1.1	Normativa europea.....	69
5.1.2	Normativa estatal.....	69
5.1.3	Normativa autonómica.....	70
5.1.4	Legislación sectorial.....	70
5.2	PLANS E PROGRAMAS RELACIONADOS.....	73
5.3	CONCELLOS LIMÍTROFES.....	73
6.	CONTIDO E OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN.....	74
6.1	OBXECTIVOS E CRITERIOS DO PLAN.....	75
6.1.1	Modelo territorial.....	75
6.1.2	Núcleos de poboación.....	76
6.1.3	Solo industrial.....	76
6.1.4	Infraestruturas viarias e mobilidade.....	76
6.2	ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS PROPOSTAS.....	77
6.3	CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO.....	82
6.3.1	Descrición do sistema de núcleos proposto.....	82
6.3.2	Criterios de clasificación e cualificación do Solo Rústico.....	84
6.3.3	Criterios de clasificación e cualificación do Solo Urbanizable.....	86
6.3.4	Criterios de clasificación e cualificación dos sistemas xerais.....	87
7.	EFFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES.....	88
8.	PROCESOS QUE SE SEGUIRAN PARA A ELABORACIÓN DO PLAN.....	92
8.1	CRITERIOS DE PROGRAMACIÓN DE ACTUACIÓNS.....	92
8.2	AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA.....	93

## **1. INTRODUCCIÓN**

Ante a falta dun instrumento de ordenación urbanística do seu territorio o concello de O VALADOURO elabora o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL con arranxo a Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de Ordenación Urbanística e protección do Medio Rural de Galicia

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de O VALADOURO (en adiante PXOM) sométese ao procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica (en adiante AAE) nas condicións que establece a lei 9/2006 de plans e programas, a desenvolver seguindo o procedemento integrado de Avaliación ambiental estratéxica de instrumentos de planeamento urbanístico previsto no artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

O presente documento constitúe o DOCUMENTO DE INICIO ou AVANCE DO PLAN que ten por finalidade servir de orientación á redacción do PXOM.

A lexislación vixente establece que o documento de inicio conterá un estudo detallado do medio rural e do modelo de asentamento poboacional, así como a descrición e evolución do sistema de núcleos que se propoña e do alcance, do contido e dos obxectivos de planificación, así como das propostas e alternativas formuladas. Conterá, así mesmo, unha avaliación da súa desenvolvemento previsible, dos seus efectos ambientais e dos efectos que se prevexan que poidan ter sobre os elementos estratéxicos do territorio, á planificación sectorial e territorial implicada nas normas aplicables.

Por outra banda, o Prego de Prescricións Técnicas que rexen a redacción deste PXOM establece que o documento de inicio debe de conter a estratexia, as directrices e os obxectivos do Plan, expresando a estrutura territorial básica, indicando os problemas detectados e ofrecendo unha primeira aproximación das decisións de ordenación que deben adoptarse, sinalando as alternativas posibles, dando resposta ás solucións das carencias indicadas na diagnose elaborada, fixando os criterios de clasificación e cualificación do solo, a cualificación das dotacións e a programación das accións a acometer.

## **2. ESTUDO DO MEDIO RURAL**

### **2.1 LOCALIZACIÓN E EMPRAZAMENTO**

O Valadouro sitúase no noreste de Galicia e o no centro-norte da provincia de Lugo. Limita, ao norte cos municipios Cervo e Viveiro, ao sur cos de Alfoz e Abadín, ao leste con Alfoz e Foz e ao oeste cos de Muras e Oural. O municipio pertence a comarca da Mariña Central formada tamén polos concellos de Alfoz, Burela, Foz, Lourenzá e Mondoñedo.

Atópase no val do río Ouro amparado polos sistemas montañosos que conforman a serra do Xistral e os Montes do Buido.

### **2.2 CARACTERÍSTICAS DO MEDIO FÍSICO**

#### **2.2.1 Topografía**

A serra do Xistral, os montes setentrionais do Buido e o val do río Ouro son os elementos configuradores

da orografía do territorio que presenta no seu conxunto unha topografía, que salvo na súa zona centro-leste, pode considerarse accidentada debido a diferenza de altitudes e valores de pendente entre unhas unidades topográficas e outras.

Segundo a súa topografía o territorio pode dividirse en tres unidades principais tal e como se observa nos planos Nº 1.3 "Altitudes" e 1.5 "Pendentes".

- A zona de VAL configurada polo río Ouro. Configúrase como unha zona plana, de escasa pendente, localizada no extremo centro-leste municipal e que se estende cara o municipio de Alfoz.
- A zona de TRANSICIÓN, entre o val e as serras de elevadas pendentes que o rodean e que incrementan o encaixamento do terreo nesta área.
- As SERRAS circundantes, con pendentes crecentes e importantes altitudes respecto a zona de val. A Serra do Xistral e os montes do Buio forman parte das denominadas Serras Setentrionais de Galicia sendo o Xistral a formación de maior entidade. Trátase dunha serra alargada en dirección NNE ao longo duns 13 Km que culmina cunha superficie por riba dos 1.000 m que se estende nuns 7 Km desde o SW cara o NE e que abrangue a metade sur municipal. A serra do Buio presentase como unha continuación cara o NE da Serra do Xistral aínda que non chega as mesmas altitudes alcanzando os 722 m (Pau da Vella). Polo tanto, trátase dun relevo residual un pouco ondulado que atravesa o municipio cara o NE.

As maiores altitudes alcánzanse na serra do Xistral con 1.056 m na parroquia de Cadramón no límite sur municipal, mentres que na zona máis baixa a altitude descende ate 94 m, como no núcleo de Ferreira ou os 72 m en Lodeiros ou As Coruxeiras (Santa Cruz).

Os valores de pendente máis baixas (inferiores ao 8%) atópanse na zona centro-leste mentres que nas serras alcánzanse valores do 50%.

### 2.2.2 **Xeoloxía**

O termo municipal de O Valadouro sitúase na zona norte da unidade paleoxeográfica Asturoccidental leonesa. Os materiais orixinais datan do Cámbrico ao Silúrico pero o modelado das estruturas actuais sitúase na Oroxenia Hercínica.

A Zona Astur-Occidental-Leonesa está situada na parte máis oriental de Galicia, comprendida entre a falla de Viveiro polo oeste e o núcleo precámbrico da cordilleira cantábrica polo leste. Caracterízase pola disposición dos materiais en macroestructuras definibles como mantos de corremento ou como pregos asimétricos desprazados sempre cara ao leste.

Na zona Astur-Occidental-Leonesa distínguense tres dominios estratigráficos que de oeste a este son: o Dominio do Manto de Mondoñedo, o Dominio de O Courel e o Dominio de Navia-Alto Sil.

O Valadouro pertence ao Dominio do Manto de Mondoñedo ou Galicia Oriental: formado polo gran prego deitado de Mondoñedo e as súas estruturas asociadas. Presenta un gran interese tamén no referente ás rocas carbonatadas así como polas cuncas intramontanas existentes e zonas planas con depósitos recentes. O prego de Mondoñedo ten un núcleo xistoso precámbrico, constituído pola Serie de Vilalba.

Na zona de estudo están representados fundamentalmente as cuarcitas, os xistos, as rochas graníticas e os materiais detríticos cuxa distribución se reflexa no plano Nº 1.2 "Xeoloxía".

A serra do Buio aparece como un horst coronado por unha superficie oligocena que avanza cara o litoral cantábrico aproveitando a tectónica, onde predominan os granitos e xistos areosos que flanquean ó granito polo leste.

A área montañosa da Serra do Xistral presenta un substrato litolóxico formado maioritariamente por cuarcitas cámbricas, extremadamente pobres en nutrientes (Cuarcitas do Xistral) e rochas graníticas (granodioritas e granitos). Cara ao oeste, predominan as rochas metamórficas, como os gneis ollo de sapo, as cuarcitas e os xistos, mentres que na área central predominan os granitos hercínicos de dúas micas ao norte e as rochas metamórficas cara ao sur; o terzo leste é o dominio das granodioritas tardihercínicas. Ademais dos frecuentes depósitos de bloques de orixe periglacial, as rochas graníticas, fragmentadas por procesos tectónicos, dan lugar a excelentes mostras de modelado, con característicos domos de tipo nubbin, formas subesféricas (bolos) e numerosos exemplos de micromodelado.

### 2.2.2.1 Hidroxeoloxía

O ámbito de estudo polo seu substrato eminentemente granítico e metamórfico non presenta, a priori, unhas características favorables para o desenvolvemento de acuíferos en profundidade limitándose a súa localización as formacións superficiais relacionada con leitos fluviais que en ocasións ven favorecida a súa recarga pola existencia de fracturas próximas. Nestes casos, a escorrentía superficial a favor da pendente cobra especial relevancia na hidroloxía. Entre as diferentes litoloxías as rochas graníticas e os gneises poden posuír unha rede de fracturación o suficientemente ancha para permitir a entrada, circulación e recarga dos acuíferos

As condicións hidroxeolóxicas dos diferentes acuíferos están determinadas por unha serie de características que definen o tipo de permeabilidade, como son características litolóxicas adecuadas, as texturas e as estruturas (porosidade e conductividade hidráulica), as características estruturais tectónicas (fracturas, etc.), a topografía (zonas cóncavas, deprimidas, etc.) e a alteración superficial (formación de mantos de alteración en granitos-xabre).

Estas características permiten clasificar o territorio en tres grandes grupos segundo o grado de permeabilidade:

- **ÁREAS DE MOI BAIXA PERMEABILIDADE** ou impermeables onde afloran metasedimentos, é dicir, terreos antigos, metamorfixados e deformados. Forman estas áreas os materiais xistosos, liditas e ampelitas e ortogneises glandulares. As súas características litolóxicas e texturais non lles permiten a entrada e a circulación de auga favorecendo que corra superficialmente, de xeito a existencia de auga restrínxese a noveis superiores, mais superficiais, que presentan unha grande alteración.
- **ÁREAS DE BAIXA PERMEABILIDADE** producidas pola presenza de rochas graníticas e gneises. A permeabilidade destas rochas débese a que posúen unha porosidade intergranular causada pola alteración das mesmas. Isto da lugar a depósitos en zonas topograficamente aptas nas que a auga se pode infiltrar e dar lugar a acuíferos que se recargan coa auga que escorre pola superficie e coa auga procedente das precipitacións.

- ÁREAS PERMEABLES constituídas por materiais detríticos que presentan unhas características favorables para a infiltración da auga cara o seu interior.

#### 2.2.2.2 Orientación ao vertido

O municipio presenta certos inconvenientes á hora de planificar a instalación de vertedoiros e de calquera tipo de vertido debido a presenza de numerosas áreas vulnerables á contaminación (detríticas en xeral), así como outras que requirirían un estudo en detalle (graníticas e gneísticas) limitando a súa situación as áreas xistosas impermeables ou de baixa permeabilidade.

- Terreos nos que os acuíferos son moi vulnerables á contaminación. Constitúen zonas nas que cómpre extremar as medidas preventivas. Son as formadas por materiais detríticos.
- Terreos nos que os acuíferos son vulnerables á contaminación. Son zonas nas que cómpre extremar as medidas preventivas. Inclúense aquí formacións de permeabilidade baixa e baixa-media que representan as zonas fisuradas (rochas graníticas e gneísticas)
- Zonas nas que por non existir afloramentos de formacións permeables a contaminación afecta case exclusivamente as augas superficiais. Constitúen zonas favorables o vertido pola súa baixa permeabilidade. Están formadas por terreos antigos, pregados e metamorfizados: pizarras, xistos e gneises, principalmente.

#### 2.2.3 Climatoloxía

Para caracterización climática do termo municipal empregáronse datos proporcionados polo Ministerio de Agricultura, Medio Rural e Mariño e datos procedentes de Bioclimatoloxía de Galicia (Carballeira et.al).

As características metereolóxicas de O Valadouro configuran un clima é de transición, suave, debido á situación de abrigo que presenta o concello con respecto aos ventos dominantes, e a que o relevo dificulta a entrada das borrascas do Sudoeste. Ademais o val recibe os ventos do mar Cantábrico, o que contribúe aínda máis a suavizar o clima. Todo isto materialízase nos valores de temperatura media, entre os 18 grados do mes máis cálido e os 8 grados do mes máis frío, a precipitación media anual ao redor dos 1500 mm e un período de libre de xeadas de 253 días ao ano.

A Evapotranspiración potencial (ETP) expresa a cantidade de auga que perde un solo saturado de humidade nunhas condicións ideais. É un valor determinante para o cálculo de posibles déficits de auga estacionais no solo. Calcúlase mediante unha fórmula empírica (Penman 1963) que relaciona insolación, temperatura do aire, humidade relativa e velocidade do vento. O balance hídrico indica a relación entre a precipitación e a ETP, obténdose para cada mes as condicións de humidade teóricas do solo. Para iso suponse unha RAU (Reserva de auga útil) do solo de 100 mm./m<sup>2</sup>. A ETP anual media está entre os 750-800 mm. Os valores máis altos alcánzanse en xuño e xullo mentres que os máis baixos danse nos meses de decembro e xaneiro.

A continuación descríbense as clasificacións bioclimáticas:

##### 1. CLASIFICACIÓN DE THORNWAITE

Divide a zona de estudo segundo rexións de humidade, rexións térmicas, variación estacional da

humidade e concentración estival da eficacia térmica. Con estes parámetros establece os tipos climáticos.

O municipio de Valadouro estaría no tipo climático B3 r B2' a', que corresponde a: Índice hídrico: húmido III. ETP anual: mesotérmico II. Índices de aridez e humidade: baixo ou ningún e Concentración estival da eficacia térmica: menor de 48.

## 2. CLASIFICACIÓN DE ALLUE

Baséase nos datos obtidos dos climodiagramas de Gaussen, establecendo unha serie de rexións fitoclimáticas.

O Valadouro corresponde a la rexión V(VI), equivalente ao clima Atlántico europeo. As características mais destacables deste clima, propio das zonas mais próximas á costa son:

- Clima sen ningún período árido.
- Clima non de alta montaña (altitude menor a 1500 metros).
- Temperatura media do mes máis frío inferior aos 6° C.
- Precipitación anual superior os 650 mm.
- Vexetación de tipo esclerófilo representada pola clase Quarceta ilicis.
- A orde Populeta albae substitúe nos bosques de ribeira a orde Alnetalia glutinosae.

## 3. CLASIFICACIÓN DE PAPADAKIS

Trátase dunha clasificación agroecolóxica, nas que inflúe o período de xeadas ou as mínimas absolutas por ser determinantes nos tipos de cultivos, así como o balance hídrico.

O Valadouro correspóndese co tipo temperado cálido.

A zona da Serra do Xistral presenta características climáticas propias e diferenciadas, marcadas pola súa fisiografía, proximidade ao mar e pola súa posición estratéxica en relación coa dinámica climática rexional. Enclávase no dominio climático oceánico de montaña, aínda que as vertentes noroccidentais enlazan co oceánico húmido, e o rebordo meridional (serra da Carba) co oceánico continental No período outonal-primaveral, a temperatura mínima establécese por baixo dos 0°C. Os cumes montañosos frean o avance das fronteas ciclónicas producíndose frecuentes precipitacións de auga. No período estival rexístrase unha diminución das precipitacións e mantense unha humidade relativa elevada, non rexistrándose en ningún período mensual condicións de seca. As precipitacións medias anuais, que roldan os 1.000-1.400 mm nas partes baixas e vales que rodean o Xistral, incrementanse ata superar os 1.800 mm nas partes altas, situándose por encima dos 2.000 mm nos cumes. Así mesmo, as temperaturas son frescas, con medias anuais de 9-10 °C e so de 17 °C durante o verán. As xeadas e precipitacións en forma de neve son relativamente frecuentes.

### 2.2.4 Edafoloxía

O solo é o substrato principal sobre o que se forma a ordenación dun territorio. A correcta adecuación dos usos aos solos é o elemento clave para acadar a optimización da zona desde un punto de vista



edafolóxico e productivo.

Os solos créanse a partir duns parámetros básicos que se detallan a continuación indicando as características propias en cada caso do concello de O Valadouro:

## 1. O CLIMA

O clima é un factor determinante na formación dos solos. As condicións da zona caracterízanse por temperaturas suaves e abundantes precipitacións, entorno aos 1.500 mm anuais, pero sen presentar seca estival ou ser esta relativamente baixa. Estas condicións favorecen valores baixos de ETP e a dispoñibilidade de auga útil (RAU) durante todo o ano, mesmo en verán.

## 2. O MATERIAL ORIXINAL

Os tipos de solos e as súas propiedades distribúense cunha clara relación co material orixinal.

### a) SOLOS SOBRE CUARCITAS

Son solos ácidos a moi ácidos. Á súa resistencia a alteración e a frecuencia coa que se producen procesos erosivos case non permite o desenvolvemento in situ polo que os únicos solos cunha certa evolución localízanse nas zonas de acumulación ao pé das pendentes ou en pequenos replanos das vertentes. A secuencia topográfica característica dos solos sobre materiais cuarcíticos é a asociación de Leptosoles líticos e úmbricos nas posicións de cumes e ladeiras fortemente erosionadas, regosoles úmbricos en replanos e pes das vertentes e cambisoles húmicos, podsoles cámbicos ou podsoles háplicos nas zonas de maior estabilidade edáfica.

### b) SOLOS SOBRE MATERIAIS GRANÍTICOS

O grado de desenvolvemento dos solos a partir destes materiais é xeralmente escaso, presentando perfís do tipo AR ou AC, e as veces un B incipiente cuxo grado de diferenciación é maior en puntos de acumulación. Os horizontes A son profundos agás en zonas de moita pendente ou rochosas. O horizonte A soe ser úmbrico, de 25-30 cm de espesor, escuro, ácido, co complexo de cambio saturado en aluminio e rico en materia orgánica. A textura é franco-areosa a areosa cunha porcentaxe de arxila inferior o 20%.

Os tipos de solos que se desenvolven sobre este tipo de material orixinal son Regosoles úmbricos que ocupan ladeiras e topografías suaves, onduladas cuxa vocación é o aproveitamento forestal, Cambisoles húmicos que ocupan unha parte importante do territorio municipal e cuxa vocación é o aproveitamento para cultivo e Leptosoles, con perfil AR, co epipedión úmbrico e con presenza de rocha dura continua nos 30 cm superficiais.

### c) SOLOS SOBRE XISTOS

Son rochas nas que o predominio de minerais pouco alterables dá lugar a solos pouco evolucionados, caracterizados polo seu escaso espesor, que se atopan en zonas de cumes e ladeiras, dando lugar a perfís de tipo AR. En zonas deprimidas o solo pode chegar a desenvolverse máis presentando un horizonte B incipiente. Os epipedións teñen como horizonte de diagnóstico o úmbrico ou ócrico por escasa profundidade. A matriz presenta cores

castañas e grises, teñen estrutura débil ou moderada e a textura é de tendencia franca a franco-limosa, con unha fracción arxilosa relativamente abundante. O complexo de cambio está moi saturado. A cantidade de aluminio é moi variable mingando coa profundidade e co contido en materia orgánica.

Favorecen o desenvolvemento de Cambisoles húmicos cuxo perfil mais representativo é a secuencia ABC, A úmbrico e B cámbico, Regosoles úmbricos, con perfil AR o AC con mais de 30 cm, Leptosoles líticos, con perfil AR e menos de 10 cm e Leptosoles úmbricos, con menos de 30 cm de groso. Este tipo de solo son algo menos ácidos que os desenvolvidos sobre granitos sendo mais favorable a súa reserva de humidade que os fai mais resistentes ao déficit do período seco.

#### d) SOLOS SOBRE SEDIMENTOS

Os materiais cuaternarios dispersos polo territorio de Valadouro favorecen o desenvolvemento de solos de tipo gley e fluvisol. Os fluvisoles úmbricos atópanse en vales de inundación fluvial recente que desenvolven un horizonte superior úmbrico e os fluvisoles dísticos son similares aos anteriores pero cun horizonte superior menos rico en materia orgánica.

### 3. O RELEVO

O predominio de terreos de baixa altitude e de pendente débil a moderada favorece a formación de solos tipo cambisol ou terras pardas sobre os que se asenta a vexetación natural e a maior parte das terras de cultivo, xa que soportan perfectamente o traballo agrícola.

Os solos máis aptos para a agricultura son os fluvisoles ou solos de veiga que se sitúan nas proximidades dos cursos fluviais e formáronse con terras procedentes das partes máis elevadas.

### 4. A VEXETACIÓN.

A vexetación natural está profundamente transformada e é maior a influencia humana como axente transformador da paisaxe que a da propia vexetación. O cultivo intensivo provoca o aumento da fracción orgánica nos horizontes superiores, mentres que nas zonas de monte as queimas provocan unha perda de solo patente nalgúns puntos altos do concello.

Nestas condicións as unidades de solos que se atopan no concello de O Valadouro se corresponden con:

- LEPTOSOLES LÍTICOS. Fórmanse sobre afloramentos cuarcítico ou de lousas, son solos en contacto co material orixinal formados por un horizonte A ócrico de escasa profundidade, con abundante materia orgánica. A profundidade é de escasos centímetros, o pH é ácido e non teñen capacidade para albergar usos intensivos. A textura tende a limosa sobre as lousas, e máis areenta sobre as cuarcitas.
- LEPTOSOLES ÚMBRICOS. Asíciáanse aos anteriores en zonas de alta erosión aínda que son solos máis evolucionados que o tipo anterior, cun horizonte A úmbrico de non máis de 30 cm. A granulometría pode ter un valor maior de arxila.
- REGOSOLES ÚMBRICOS. Son solos que se forman sobre depósitos coluviais, caracterizados pola

alta pedregosidade cun horizonte A úmbrico similar o do tipo anterior pero cunha profundidade maior.

- CAMBISOLES HÚMICOS. Son solos formados a partir dos tipos anteriores en que se forma un horizonte B cámbico baixo un A úmbrico, e normalmente sobre un horizonte C de gran profundidade. O pH é algo maior. A materia orgánica segue sendo alta nos horizontes superficiais.
- FLUVISOLES. Son solos formados sobre sedimentos aluviais. Estes horizontes presentan características de redución da materia orgánica.
- PODSOLES: Solos cun horizonte subsuperficial de reacción ácida sobre o que aparece un horizonte eluvial, branquecino e de textura areosa, pobre en nutrientes.

## 2.3 CARACTERÍSTICAS DO MEDIO BIÓTICO

### 2.3.1 Comunidades vexetais

A vexetación é un dos elementos mais aparentes do medio e un dos mais significativos polas relacións que garda co resto de compoñentes bióticos e abióticos. Cada comunidade vexetal é o resultado da combinación de certas condicións ambientais de forma que se poden recoñecer os diferentes ecosistemas dunha área por delimitación das comunidades vexetais presentes nela.

A paisaxe vexetal dunha rexión está condicionada por unha serie de factores que favorecen os distintos tipos de vexetación. O clima é o principal condicionante, ademais do tipo de solos, material xeolóxico, relevo, etc. Non obstante, a vexetación de Galicia está hoxe en día modelada pola acción humana, por séculos de usos orientados a aproveitar a vexetación en interese da poboación humana.

A cobertura vexetal de O Valadouro sufriu unha marcada degradación especialmente de orixe antrópico que favoreceu que a paisaxe vexetal este conformada por un disclimax no que predominan o piñeiro, as comunidades arbustivas e os aproveitamentos agrícolas.

#### 2.3.1.1 Vexetación potencial

O territorio de O Valadouro atopase, en termos bioxeográficos, dentro da rexión Eurosiberiana, provincia cántabro- atlántica, sector galaico-asturiano, subsector galaico setentrional. A clasificación fitoclimática lévanos ao tipo termocolino (mesoatlántico).

A vexetación potencial da zona (Rivas-Martínez (1987) corresponde a serie colino-montana galaicoasturiana acidófila de carballo ou *Quercus robur* (8a *Blechno spicanti-Querceto roboris sigmetum*) que se corresponde no seu óptimo estable cunha carballeira densa onde a especie dominante é o carballo de folla sésil (*Quercus robur*) que se desenvolve sobre solos silíceos pero non soporta unha hidromorfía prolongada xa que nestes casos cede ante os amieiros. Nesta serie o carballo é substituído con frecuencia polo castiñeiro. O mais peculiar desta serie son as ucceiras que se instalan sobre os solos podsolizados e degradados (*Erica mackaiana*, *Ulex gallii*, *Agrostis setacea*). Nos pastos predominan especies como *Agrostis capillaris*, *Trifolium repens* ou *Sieglingia decumbens*.

### 2.3.1.2 Vexetación actual

A vexetación actual é resultado da evolución das poboacións vexetais e da influencia humana sobre esa vexetación que configura unha paisaxe altamente humanizada. A eliminación das formacións boscosas en Galicia como consecuencia da acción antrópica foi xeneralizada. Os bosques foron transformados en pastos ou cultivos, ou deron paso a formacións menos complexas estruturalmente como uceiras e toxais. Ademais cobraron importancia as repoboacións con especies alóctonas que configuran na actualidade unha paisaxe forestal disclimax. Por iso, a paisaxe natural é un mosaico no que as formacións vexetais naturais e maduras aparecen en superficies reducidas e cun grado de alteración considerable.

Actualmente, os restos de bosque orixinal límitanse a escasos reductos menos propicios para a actividade humana como poden ser os biotopos de montaña ou se asocian as zonas húmidas e os cursos de auga tal e como se pode observar no plano Nº I.3 “vexetación”. A paisaxe forestal esta dominada fundamentalmente por pinos e eucaliptos que adoitan formar masas mixtas mentres que os bosques de frondosas puras son unha minoría quedando relegados a manchas illadas.

A orografía do terreo e as características dos solos sinaladas en apartados anteriores condicionaron a proliferación dos aproveitamentos agrícolas na zona do val do río Ouro entorno no que se asentan a maior parte dos núcleos de poboación. Deste xeito, asegúrase o mantemento da vocación forestal dos terreos mais abruptos.

As condicións de humidade ambiental abundante e hidromorfía favoreceron a presenza de prados naturais permanentes, nos que predominan distintos tipos de gramíneas. No que respecta aos prados, cómpre sinalar que hoxe en día non quedan practicamente prados de orixe natural, xa que foron substituídos polos seminaturais, onde predominan especies como *Plantago lanceolata*, *Prunella vulgaris*, *Poa pratensis*, *Poa trivialis*, *Holcus lanatus*, *Trifolium pratense*, *Festuca rubra* ou *Cardamine pratensis*, ás que se suman outras especies introducidas pola actividade humana como *Trifolium repens*, *Lolium perenne* ou *Lolium multiflorum*.

A degradación dos bosques causou a aparición do monte baixo, formacións de mato cuxas especies máis representativas son o toxo (*Ulex europeus*) e os distintos tipos de uceiras (diversas especies do xénero *Erica*). Na zona de estudo predomina o mato de toxal-uceira. Tamén hai que mencionar a presenza da silva, aínda que en menor medida, tanto da silva branca (*Cytisus multiflorus*) como da amarela (*Cytisus scoparius*).

As formacións de ribeira teñen reducida a súa extensión as beiras dos cursos fluviais limitándose a estreitas bandas a modo de bosques de galería. Son bosques mixtos caducifolios dominados polo ameneiro (*Valeriano pyrenaicae-Alnetum glutinosae*).

Descríbense a continuación as principais unidades de vexetación autoctona en termos da súa fisionomía e composición florística existentes no concello de O Valadouro.

#### 1. COMUNIDADES ARBÓREAS NATURALS

Desenvolvemos as comunidades existentes en O Valadouro en catro tipoloxías. Estes tipos de vexetación están relacionados entre eles e normalmente mesturados, polo que os límites poden ser

difusos. No plano de vexetación encádranse dentro dun só tipo.

a) CARBALLEIRAS

Trátase de formacións arbóreas climácicas formadas polo carballo (*Quercus robur*) e outras árbores, principalmente castiñeiros (*Castanea sativa*), bidueiros (*Betula alba subsp. pubescens*) e outros como *Frangula alnus*, *Ilex aquifolium* ou *Arbutus unedo*.

O bosque está cuberto por lianoides como a hedra (*Hedera sp.*) ou a madreSelva (*Lonicera periclymenum*). No sotobosque abundan as herbáceas como *Holcus mollis*, os fentos como *Athyrium filis-femina* ou as silveiras (*Rubus sp.*).

Son formacións de grande interese por ser comunidades maduras, naturais e pola seu escaseza. No municipio destaca a Fraga da Furna e a Fraga das Leiras.

b) COMUNIDADES RIPARIAS

Son bosques mixtos caducifolios dominados polo ameneiro (*Valeriano pyrenaicae-Alnetum glutinosae*). Estas formacións ribeirás están catalogadas como de interese prioritario pola directiva Hábitat. En gran parte dos casos están restrinxidas a uns poucos metros a cada marxe do río, aínda que a súa área potencial é máis extensa. Están caracterizados por algunhas especies arbóreas (*Alnus glutinosa*, *Quercus robur*, *Betula alba subsp. pubescens*, *Salix atrocinerea*), outras arbustivas (*Sambucus nigra*) e un tapiz de herbáceas (*Oxalis acetosella*, *Rorippa nasturtium-aquaticum*, *Saxifraga spathularis*, etc.). Tamén presentan unha gran profusión de fentos como *Dryopteris dilatata*, *Dryopteris affinis*, *Athyrium filis-femina*, *Blechnum spicant* etc.

c) COMUNIDADE DE SALÍX ATROCINEREA

Diferenciamos aquí unha comunidade bastante típica formada principalmente por salgueiros (*Salix atrocinerea*), que ten unha fisionomía case arbustiva, proveniente por degradación do amieiral ripario nalgúns regos. Ademais do salgueiro é frecuente o bidueiro (*Betula alba subsp. pubescens*), *Sambucus nigra* e algún ameneiro (*Alnus glutinosa*).

Estas comunidades teñen un interese menor que o dos amieirais pero a súa conservación propicia a fixación das canles e unha eventual posibilidade do desenvolvemento do amieiral.

Os bosques riparios do interior municipal son a mellor representación da vexetación climácica polo que resulta imprescindible a protección desta unidade para o mantemento da súa singularidade, naturalidade e mantemento das súas funcións ecolóxicas entre as que destacan:

- Regular o microclima do río.
- Asegurar a estabilidade das beiras.
- Regular o crecemento de macrófitas.
- Son un hábitat ideal para un gran número de especies animais e vexetais.
- Supoñen unha fonte de alimento para as especies que albergan.

- Actuar como filtro fronte á entrada de sedimentos e sustancias químicas na canle.
- Cumprir un papel de acumuladores de auga e sedimentos.
- Funcionar como zonas de recarga de augas subterráneas.
- Posúen un gran valor paisaxístico, recreativo e cultural.

## 2. COMUNIDADES ARBUSTIVAS

Inclúense todos os tipos de vexetación de tipo arbustivo presentes no concello. Ao igual que no caso anterior, varios destes tipos están relacionados e os seus límites son graduais.

### a) UCEIRAS HÚMIDAS ATLÁNTICAS (*Gentiano pneumonanthe-Ericetum mackaiana* e *Cirsio filipenduli-Ericetum ciliaris*)

Son uceiras que requiren certa humidade ambiental ademais de edáfica. Atópanse en zonas de influencia de precipitacións ocluídas como son as néboas permanentes. Son formacións de gran interese polo que están catalogadas pola Directiva Hábitat como de interese prioritario.

O tipo principal presente no Valadouro é a uceira con *Erica mackaiana* (*Gentiano pneumonanthe-Ericetum mackaiana*) e pódese considerar dentro do subtipo con *Erica vagans* (*subas. ericetosum vagantis*). Está formado por distintas arbustivas, principalmente *Erica mackaiana*, *Erica cinerea*, *Calluna vulgaris*, *Ulex gallii* ou *Daboecia cantabrica*, acompañadas por herbáceas como *Agrostis stolonifera*, *Molinia caerulea*, *Deschampsia hispanica*, etc. O aspecto xeral é dunha matogueira de altura en torno a 0,5-1 metro.

A uceira húmida con *Erica mackaiana* é a comunidade óptima nas zonas mais elevadas, principalmente sobre substratos cuarcíticos ou de lousas resistentes que favorecen a podsolización.

A súa caracterización edáfica podería supoñer a súa inclusión dentro dun tipo de turbeiras fósiles que se deben conservar. Esta uceira asoma tamén no sotobosque de numerosas explotacións forestais.

### b) UCEIRAS (*Ulici europaei-Ericetum vagantis*)

Comunidade dominada polo breixo *Erica vagans* e polo toxo (*Ulex europaeus*) xunto cun bo número de especies de matogueira como *Erica cinerea*, *Erica umbellata*, *Genista sp.*, *Lithodora prostrata*, *Agrostis stolonifera*, *Physospermum cornubiense*, etc.

### c) UCEIRAS SECAS (*Ulici europaei-Ericetum cinereae*)

Son os toxais típicos frecuentes na paisaxe galega, caracterizados pola presenza do toxo macho (*Ulex europaeus*) con outras especies de matogueira como *Pteridium aquilinum*, *Erica cinerea*, *Daboecia cantabrica*, etc., aínda que adoitan ser comunidades con poucas especies nas que o toxo pode supoñer unha cobertura de case o 100%. Teñen unha altura relativamente elevada, en torno aos 2 metros aínda que ás veces está máis reducida. Estas comunidades favorecéronse das prácticas comúns no rural galego como son as queimas e a extracción do toxo para a elaboración da cama do gando.

### 3. OUTRAS COMUNIDADES

#### a) COMUNIDADES CASMOFÍTICAS (*Sedo-Scleranthetea*)

Desenvólvese sobre os afloramentos rochosos que son frecuentes nos cumios dos montes cuarcíticos e nas paredes escavadas polos ríos. É unha comunidade herbácea que tapiza en parte estes afloramentos con especies de *Sedum spp.* e outras, e que en parte a vai substituído pola uceira de *Erica australis subsp. aragonensis* (*Ulici europaei-Ericetum cinereae subsp. ericetosum aragonensis*).

#### b) COMUNIDADES RUDERAL E NITROFILAS (*Stellarietea mediae*)

Son as comunidades vexetais que colonizan cultivos, cunetas e calquera zona alterada con presenza de nitróxeno asimilable, distribúese por todo o concello acompañando as estradas, os cultivos, as zonas urbanizadas, etc. e está formada por *Fumaria spp.*, *Conyza spp.*, *Calendula arvensis*, etc.

### 2.3.2 Enclaves faunísticos

A fauna polo xeral está moi condicionada pola situación xeográfica e as características ambientais que nela danse, principalmente factores climáticos e usos do solo. As especies recollidas neste estudo inclúen o emprazamento na súa área de distribución. Durante o traballo de campo realizado constatouse a existencia de algunhas delas nas zonas propostas, sen embargo, é probable a ausencia de outras nas mesmas, polo menos de xeito habitual debido a influencia humana, á destrucións de hábitats, as alteracións do medio físico, etc. A adaptación das especies aos medios agrícolas favorece a perda xeneralizada de grandes vertebrados e unha diminución das especies silvícolas en beneficio das pratenses e antropófilas de menor interese de conservación.

Dada a mobilidade da fauna é difícil e arriscado reducir a área de distribución dunha especie a un único hábitat pero si adoitan ocupar e frecuentar un determinado biotopo que achega as condicións máis idóneas para o seu desenvolvemento. As zonas de maior interese faunístico adoitan ir emparelladas ás zonas que se distinguen pola súa naturalidade, alta humidade, diversidade floral e escasa presenza de actividade humana. Os principais refuxios faunísticos a protexer coincidirán, polo tanto, cos valores ambientais sinalados nos dous apartados anteriores.

#### 2.3.2.1 **Bosques, matogueiras e campos de cultivo.**

Nos bosques e campos de cultivo pódense ver rapaces como o lagarteiro (*Falco tinnunculus*), ou o rateiro (*Buteo buteo*) que se alimentan de micromamíferos, réptiles, etc, así como numerosas aves paseriformes.

Como rapazes nocturnas abunda a curuxa (*Tyto alba*) de distribución cosmopolita.

Entre os mamíferos presentes neste tipo de hábitats e que gocen dalgũa medida de protección pódense citar o armiño (*Mustela erminea*) de hábitos nocturnos e con preferencia por biótotos húmidos e o gato montés (*Felis sylvestris*), especie hoxe en día moi rara, catalogada en diferentes listados de fauna ameazada e que hibrida co gato doméstico, de estar presente, habitaría en fragas ben conservadas.

Todos os quirópteros están protexidos ao estar as súas poboacións ameazadas polo uso indiscriminado de plaguicidas, xa que son morcegos insectívoros, e pola degradación e desaparición dos seus hábitats como os densos e antigos bosques caducifolios (problemática común á maioría das especies), entre outras causas.

#### 1. SERRA DO XISTRAL

As particulares condicións climáticas da área, con elevada a moi elevada pluviosidade (dependendo da altura), frecuentes néboas e réxime de temperaturas fresco ou frío, unidas ás condicións topográficas das partes altas, con extensas zonas chás, suaves e onduladas ladeiras e depresións creadas pola alteración do substrato granítico, nas que a drenaxe é deficiente, determinan a gran extensión que ocupan as áreas turbosas e higróturbosas, cuxa superficie se sitúa entre as 6.500 e as 7.000 ha, conferíndolle ao espazo natural unha excepcional importancia xeomorfolóxica e bioxeográfica. A tipoloxía destas turbeiras, dependendo dos diversos factores actuantes (como a natureza das fontes de nutrientes e a topografía), é complexa e inclúe elementos case únicos na Península Ibérica, como as turbeiras de cobertor, cuxas case únicas representacións neste ámbito, con cerca de 800 ha, están no Xistral, considerándose ecosistemas hídricos relictos das serras setentrionais galaico-asturianas.

Entre os invertebrados incluídos no anexo II da Directiva hábitats encóntranse na área o caracol (*Elona quimperiana*), a lesma (*Geomalacus maculosus*), o ropalócero (*Euphydryas aurinia*), e a vacaloura (*Lucanus cervus*). A fauna lepidopterolóxica ten gran relevancia; entre ela aparecen taxons exclusivos das partes altas desta serra, como é o caso de *Erebia epiphron subsp. xistralensis* e *Erebia triarius subsp. pargapondalense*.

Trece especies de anfibios e polo menos dez de réptiles compoñen a herpetofauna. Unha das xoias faunísticas do Xistral é a poboación relictiva de lagarta de turbeira (*Lacerta vivipara*), que habita en turbeiras e prados higróturbosos a uns 1.000 m de altitude e alcanza nesta zona o extremo sudoccidental da súa área de distribución; a súa única outra poboación coñecida en Galicia está nos Ancares. A abundancia de áreas encharcadas, pozas e cursos de auga manteñen, por outra parte, numerosas poboacións de anfibios.

A avifauna inclúe interesantes poboacións de aves forestais e propias de áreas abertas (pasteiros, matogueiras, ecotóns arbustivos). Entre as aves rapaces nidificantes atópase a aguia cobreira (*Circaetus gallicus*), a gataformela (*Circus cyaneus*), a tartaraña cincenta (*Circus pygargus*), ou o azor (*Accipiter gentilis*). A avifauna de áreas arbustivas, matogueiras e as súas áreas ecotonais cos bosques está moi ben representada, cunha mestura de elementos eurosiberianos e mediterráneos, como son a avenoiteira cincenta (*Caprimulgus europaeus*), a cotovía pequena (*Lullula arborea*), a pica das árbores (*Anthus trivialis*), ou a papuxa do mato (*Sylvia undata*). Nas áreas de pasteiro e pedregais con matogueira rara pódese atopar a pica campestre (*Anthus campestris*) e a laverca (*Alauda arvensis*).

Os mamíferos incluídos no anexo II da Directiva hábitats e con presenza na área son o desmán ibérico (*Galemys pyrenaicus*), e a lontra (*Lutra lutra*). Entre os carnívoros é de subliñar a presenza de gato bravo (*Felis sylvestris*), garduña (*Martes foina*), armiño (*Mustela erminea*), e tourón (*Mustela*



putorius). O lobo (*Canis lupus*), conserva nestas serras unha das súas poboacións máis nutridas en Galicia. Entre os herbívoros encóntranse o xabaril (*Sus scrofa*), ou o corzo (*Capreolus capreolus*).

### 2.3.2.2 Ríos

Dentro da fauna doceacuícola atopamos peixes como o salmón (*Salmo salar*) que ascende polas canles en tempada invernal, e a anguía (*Anguilla anguilla*) que polo xeral tende a vivir en augas salobres dos cursos baixos das canles, pero que tamén se pode atopar noutros hábitats. Nas zonas de río ben conservadas con vexetación riparia que alberga a numerosas especies passeriformes e con pouca carga antrópica está presente a londra (*Lontra lontra*). Aparecen sempre ligados a estes ambientes acuáticos os anfibios, como os tritóns (*Triturus spp.*).

Por debaixo da cadea trófica atopamos insectos en fases larvárias das ordes: Tricópteros (frigáneas), Plecópteros (moscas das pedras), Dípteros (moscas e mosquitos), Eferópteros (efémeras), Neurópteros (moscas serpe), Odonatos (libélula).

Estes insectos teñen unha gran importancia ecolóxica, sendo fonte de alimento de peixes, anfibios e aves. Outras ordes características son os Hemípteros Heterópteros das familias dos Coríxidos (barqueiros, *Corixa punctata*), Notonéctidos (nadadores de costas, *Notonecta glauca*), Gerridos (chinches acuáticos como os zapateiros, *Gerris lacustris*) e coleópteros das familias dos Girínidos e Ditíscidos. É frecuente atopar outros invertebrados como platelmintos (planarias) ou anélidos da clase hirudíneos (samesugas).

#### 1. RÍO OURO

Respecto a fauna asociada ademais do cervo volante (*Lucanus cervus*), ameazado a nivel europeo e recollido no Anexo II da Directiva Hábitats, pero aínda frecuente en lugares como este, o río Ouro acolle a unha das poucas poboacións da madreperla de río (*Margaritifera margaritifera*) en España.

Como outros ríos cantábricos, o Ouro alberga seis taxons de peixes continentais autóctonos e numerosas especies de anfibios e réptiles vinculadas aos prados e arboredos riparios e aos substratos rochosos ribeiregos. O salmón (*Salmo salar*) aínda habita este río, aínda que actualmente non parece reproducirse nel. Por outra banda, ademais da troita común (*Salmo trutta fario*), rexístrase a presenza do reo (*Salmo trutta trutta*), a anguía (*Anguilla anguilla*), o escalo (*Chondrostoma duriense*) e, aínda que escasa, a lamprea (*Petromyzon marinus*).

Entre os herpetos cóntase a presenza frecuente de varios taxons endémicos do noroeste ibérico, como a ra patilarga (*Rana iberica*), a salamandra cántabro-galaica (*Salamandra salamandra subsp. bernardezi*) e o lagarto verdinegro (*Lacerta schreiberi*) entre outros.

Os elementos avifaunísticos máis representativos son o martín mariñeiro (*Alcedo atthis*), o mirlo acuático (*Cinclus cinclus*) e a lavandera cascadeña (*Motacilla cinerea*), típicos habitantes do río, mentres que o bosque ripario acolle a un gran número de passeriformes e outras aves terrestres, como as currucas (*Sylvia spp.*), os mosquiteros (*Phylloscopus spp.*), os reyezuelos listados (*Regulus ignicapillus*), os páridos (*Parus spp.*), as oropéndolas (*Oriolus oriolus*) e os lúganos, estes en calidade de invernantes.

Entre os mamíferos é destacable a presenza do desmán ibérico (*Galemys pyrenaicus*) e a lontra (*Lutra lutra*).

### 2.3.2.3 Actividades cinexéticas

A actividade cinexética en Valadouro dase en dous tecores. A evolución da paisaxe cara un contorno fundamentalmente forestal baseado en masas de piñeiro favoreceu netamente a especies de caza maior pouco esixentes en canto as condicións ecolóxicas (como o corzo ou o xabarín).

**CADRO Nº 1.- TECORES EN VALADOURO**

CÓDIGO	NOMBRE	TITULAR	CONCELLOS	SUPERFICIE (HAS)
LU-10218	O Cadramón	Sociedade de Cazadores do Cadramón	O Valadouro	26021083,29
LU-10113	O Valadouro	Sociedade de Caza e Pesca o Valadouro	O Valadouro	131899425,70

Respecto a pesca fluvial o interese que presentan os ríos do interior do concello para este tipo de actividade fan que existan dous coutos de pesca e varias zonas vedadas.

**CADRO Nº 2.- COUTOS DE PESCA E TRAMOS VEDADOS**

NOME	LÍMITE SUPERIOR	LÍMITE INFERIOR	CATEGORÍA
Val do Ouro tramo 1	Ponte frexulfe na estrada que sae de Suaigreja cara os lugares de A Abelleira e o Leirado (O Valadouro)	Presa da Galea (Alfoz), aproximadamente 300 m augas abaixo da ponte da estrada LU-160, entre Mondoñedo e Ferreira do Valadouro	Troita
Tramos vedados. Ouro e afluentes. 11,5 Km	Nacemento (Alfoz)	Ponte Frexulfe, límite superior do couto de Val do Ouro (O Valadouro)	

**GRÁFICO Nº1.- COUTO E TRAMOS VEDADOS**



### 2.3.3 Espazos de interese natural

Os principais valores naturais do territorio están constituídos polo sistema hidrográfico e polos ámbitos perfluviais nos que se pode atopar a mellor representación do bosque climácico de Valadouro e pola Serra do Xistral e os Montes do Buió.

A ordenación sostible destes espazos será fundamental para garantir a conservación e protección dos seus valores non renovables que atinxe tanto aos intereses naturais e culturais como paisaxísticos. A utilización racional dos recursos naturais evitando a degradación do medio, a regulación da permisividade das actividades no solo e a rexeneración ambiental son medidas imprescindibles para esta consecución. O coñecemento e xestión eficaz dos espazos con valores naturais e paisaxísticos, así como todos os elementos que os integran fará posible a súa conservación e a promoción dos seus atractivos como recurso. O territorio municipal ten elevadas aptitudes para o desenvolvemento ecoturístico. A promoción e conservación do contorno cultural e natural e a valoración dos recursos naturais tamén son actuacións imprescindibles para poder manter e desenvolver ese potencial.

A Directiva 92/43/CEE, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, coñecida como “Directiva Hábitats”, adaptada ao noso ordenamento xurídico polo Real Decreto 1997/1995 do 7 de decembro, determina a necesidade de establecer lugares de interese comunitario (LIC) e zonas de especial protección para as aves (ZEPA) propostos polos estados membros, que se integrarán na futura rede europea de espazos protexidos (Rede Natura 2000) como zonas de especial conservación (ZEC).

Do mesmo xeito, Galicia co obxectivo principal de preservar a biodiversidade da flora e fauna silvestres así como de establecer un réxime de protección dos recursos naturais axeitado ao noso territorio desenvolve a lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza como un instrumento xurídico que estableza un marco de protección referido ao territorio galego, permita o desenvolvemento dos criterios orientadores para a defensa global da natureza e dos recursos e posibilite a conservación e xestión específica dos espazos naturais que o necesiten particularmente.

As Normas Subsidiarias de Planeamento da provincia de Lugo localizan no municipio o espazo natural nº 14 denominado Serra do Xistral e do Cadramón. O territorio abrangue tamén parte da Reserva da Biosfera das Terras do Miño e os LICs do Río Ouro e a Serra do Xistral pertencentes a Rede Natura 2000.

#### 2.3.3.1 Reserva da Biosfera

##### 1. TERRAS DO MIÑO

A designación da Reserva da Biosfera Terras do Miño (UNESCO, novembro de 2.002) supón o máis elevado recoñecemento internacional á conservación das paisaxes, hábitats e especies da conca alta dun río, na Rexión Atlántica Europea. Esta declaración supón a integración entre a conservación e o desenvolvemento da poboación local, cun esforzo especial en tarefas de investigación, formación e educación ambiental.

Terras do Miño ocupa unha ampla franxa do centro-norte de Lugo de 36.300 Has, que se

corresponde coa conca alta do río Miño. Os 26 municipios que integran este espazo: Oural, O Valadouro, Muras, Alfoz, Mondoñedo, Abadín, Xermade, Vilalba, A Pastoriza, Riotorto, Guitiriz, Cospeito, Meira, Begonte, Rábade, Castro de Rei, Outeiro de Rei, Pol, Lugo, Friol, Castroverde, Guntín, O Corgo, Baralla, O Páramo e Láncara, posúen unha longa tradición agropecuaria e ocupan no seu conxunto un terzo da superficie total da provincia. Desde o seu nacemento, o Miño e os seus afluentes discorren por unha paisaxe de montañas e vales onde os pastos e as terras dedicadas ao cultivo comparten protagonismo con hábitats naturais de gran valor. Cabe destacar a importancia das fragas (bosques de tipo oceánico), que albergan especies propias de zonas húmidas como o carballo, o castiñeiro, o acivro ou o bidueiro. O curso do Miño debuxa tamén insuas (illas) fluviais, espazos de gran beleza onde se desenvolve unha ampla variedade de flora e fauna acuática. Nestes recónditos lugares adquiren protagonismo pequenos ecosistemas lacustres que se ocultan entre a frondosa vexetación ribeirega e que constitúen as zonas de máxima protección da reserva. Ademais da súa importancia desde o punto de vista ecolóxico, os abundantes cursos fluviais que drenan Terras do Miño fan que este territorio teña un papel decisivo no abastecemento de auga de toda a provincia. A súa declaración como Reserva da Biosfera permite un desenvolvemento económico e humano sostible á vez que se contribúe á conservación dos recursos naturais e dos hábitats presentes nela.

Á calidade das augas do río Miño e dos seus afluentes, non embalsadas neste tramo, sumase a riqueza faunística da contorno e favorece a conservación de especies como o mexillón de río ou as lontras, mentres as zonas montañosas albergan especies emblemáticas como o lobo.

Os ecosistemas fluviais e lacunares dos ríos Parga-Ladra-Támoga e a totalidade das paisaxes de montaña da Serra do Xistral, foron declarados Lugares de Importancia Comunitaria (LIC) dentro da Rede Europea Natura 2000 e forman parte da Rede Galega de Espazos Naturais.

### 2.3.3.2 Rede Natura 2000

O propósito desta Rede é capacitar á Comunidade Europea e aos seus Estados membros a través de criterios homoxéneos para o mantemento ou restauración dun estado de conservación favorable para os hábitats e as especies. Así, a proposta galega para os lugares que se incluírán na Rede Europea Natura 2000, está formada por 57 LIC e 8 ZEPA.

Compre definir como Lugar de Interese Comunitario (LIC) un espazo que na rexión bioxeográfica á que pertence contribúe a manter ou restablecer un tipo de hábitat natural dos que se citan no anexo I o unha das especies do anexo II da Directiva Hábitats nun estado de conservación favorable e que poida así contribuír á coherencia da rede Natura 2000, mentres que como Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) catalóganse zonas naturais de singular relevancia para a conservación da avifauna ameazada de acordo cos criterios establecidos pola Directiva Comunitaria 79/409/CEE.

#### 1. LIC RÍO OURO

O LIC do río Ouro (código ES1120013) ten unha superficie de 72,16 ha e inclúe os concellos de Foz, O Valadouro e Alfoz. Comprende o curso medio e baixo do río Ouro, que discorre en gran parte polo val de O Valadouro, cunha leve pendente (0,29%) e, tras encaixarse lixeiramente cara á metade do seu percorrido polo espazo protexido, salva os últimos 20 m de desnivel ao longo de

pouco máis de 5 km, cunha pendente do 0,37%. A súa canle considérase sinuosa. O réxime fluvial é do tipo pluvial oceánico, cun caudal absoluto de 3,4 m<sup>3</sup>/seg, alcanzando os seus niveis máximos entre decembro e marzo, cun pico en febreiro. O rango altitudinal do LIC é de 0-60 m, cunha media de 19 m. A influencia das augas mariñas faise notar sobre 24 ha, afectando a un pequeno estuario, coñecido como ría de Fazouro, case totalmente colonizado por marismas que, ao leste do seu bocana, ábrese á barra areosa da praia da Pampillosa e O Sarrido, límite externo do espazo natural.

O marco litolóxico é de carácter principalmente metamórfico, constituído por xistos e cuarcitas, sendo de elevado interese a existencia de terrazas fluviais pleistocenas, como as que poden atoparse en Lagoa ou en Trasmonte (Valadouro).

## 2. LIC SERRA DO XISTRAL

O LIC da Serra do Xistral (Código do LIC ES1120015) abarca unha superficie de 22.480,98 ha entre os concellos de As Pontes de García Rodríguez, Abadín, Alfoz, Cervo, Mondoñedo, Muras, O Valadouro, Ourel, Vilalba, Xermade, Xove e Viveiro.

Constitúe unha extensa área montañosa do norte e noroeste da provincia de Lugo, na que se integran as serras do Xistral, A Toxiza e A Carba, servindo de separación natural ás comarcas da Mariña e A Terra Chá. Trátase dunha área moi pouco poboada, con aldeas escasas e moi dispersas, numerosas cabezas de gando pastando en semiliberdade e, desde finais da pasada década, cun intenso aproveitamento da enerxía eólica. A importancia do espazo natural nos ámbitos xeomorfolóxico e botánico, sobre todo, é excepcional. Os movementos tectónicos, a erosión fluvial e os procesos derivados do frío, principalmente os de tipo periglacial, actuaron sobre as antigas superficies aplanadas hercínicas e deron lugar á peculiar e contrastada paisaxe destas serras, con fortes pendentes e vales moi encaixados en vellas fracturas por onde discorren os cursos fluviais, e extensas zonas amesetadas ou de relevo ondulado e suave nas partes máis altas. As altitudes correspóndense cos pisos biolimático colino e montano inferior, cunha media de 700 m s.n.m. e extremos que van desde os 135 e os 1.062 do monte Cadramón. Outros picos notables son os de Seixo Branco (1.057 m), Chao de Lamoso (1.039 m), Xistral (1.031 m) e Lombo Pequeno (1.027 m). Numerosos ríos, algúns deles importantes, teñen o seu nacemento e cabeceira nestas montañas, como é o caso do Eume e os cantábricos Landro, Ouro e Masma, ademais dun gran número de pequenos afluentes destes.

### 2.3.3.3 Zona de Especial Protección dos Valores Naturais

A lei 9/2001 de conservación da natureza regula no seu Art. 16 as Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) como aqueles espazos que polos seus valores ou intereses naturais, científicos, culturais, educativos ou paisaxísticos sexa necesario asegurar para a súa conservación e que non teñan outra protección específica. O mesmo Artigo dispón tamén que nestas zonas deberán incluírse as zonas especiais de conservación que conforman a Rede Natura 2000 que non teñan outra figura de protección das contempladas na citada lei.

Tendo en conta estas consideracións mediante o Decreto 72/2004 do 2 de abril, a Xunta de Galicia declara como ZEPVN, as zonas propostas como LIC e ZEPA para formar parte da Rede Natura 2000 entre as que se atopan os espazos do río Ouro e da Serra do Xistral.

### 2.3.4 Cursos de auga e zonas húmidas

A rede hidrográfica de O Valadouro pertence as cuncas dos ríos Ouro, Xunco e Covo sendo a máis importante do municipio (ver plano nº I.10 "Redes e cuncas hidrográficas") a constituída polo río Ouro.

#### 1. CUNCA DO RÍO OURO

O río Ouro nace na serra do Xistral, na parroquia de O Pereiro, municipio de Alfoz, a uns 800 metros de altitude e desemboca en Fazouro, municipio de Foz. Ten un percorrido de 20 km e forma o límite natural entre os dous municipios que forman o chamado Val do Ouro.

Na súa parte alta predominan os rápidos e augas claras e a medida que chega ao val, o río se ensancha e as súas augas discorren máis lentas, dando lugar a meandros, longas táboas e pozos.

#### 2. CUNCA DO RÍO COBO

Ocupa o sector noroccidental do municipio sendo o curso principal o río Cobo que nace na ladeira setentrional do monte Penido da Pedrosa e se dirixe cara o norte.

#### 3. CUNCA DO RÍO XUNCO

Esta cunca ocupa o sector nororiental do municipio. O río Xunco nace na ladeira oriental do Pau da Vella discorrendo entre os montes Nompedra y Chao de Gamoide. Leva unha dirección NNE nun primeiro tramo e logo vira para rodear Penas Cabaleiras polo norte e tomar dirección leste.

Compre sinalar tamén os regatos que surcan as terras municipais afluentes normalmente do río Ouro ou que desembocan directamente no mar Cantábrico, como é o caso do Moucide, como o río das Cancelas, o río Bao, o rego da Guinda, o río da Fraga das Leiras, o río Hortas ou o río do Val dos Infernos.

En xeral, a maioría dos ríos presentan caudais pequenos, aínda que facilmente poden permitir o abastecemento de poboacións locais para uso doméstico ou rego. A rede fluvial, e en especial os ríos de menor rango, presentan unha clara estacionalidade de seus caudais contando cun período de estiaxe moi marcado durante o verán.

O interese principal dos cursos fluviais reside nas comunidades vexetais e na fauna que albergan e no papel de corredor ecolóxico e de equilibrio hídrico que desenvolven, de abastecemento e regulación dos fluxos de enerxía, ademais do valor ecolóxico e paisaxístico das súas ribeiras.

As formacións de vexetación de ribeira son bosques mixtos caducifolios dominados polo ameneiro. Estas formacións ribeirás están catalogadas como de interese prioritario pola directiva Hábitat. Na maioría dos casos están restrinxidas a uns poucos metros a cada marxe do río, aínda que a súa área potencial é máis extensa. Están caracterizados por algunhas especies arbóreas (*Alnus glutinosa*, *Quercus robur*, *Betula alba subsp. pubescens*, *Salix atrocinerea*), outras arbustivas como *Sambucus nigra* e un tapiz de herbáceas como *Oxalis acetosella*, *Rorippa nasturtium-aquaticum*, *Saxifraga spathularis*, etc.

Os bosques riparios do interior municipal son a mellor representación da vexetación climática polo que resulta imprescindible a protección desta unidade para a conservación da súa singularidade, naturalidade e mantemento das súas funcións ecolóxicas.

- Respecto as zonas húmidas, compre sinalar os numerosos humedais que salpican o territorio

municipal (Ver plano Nº I.9 “Humedais”) catalogados polo Inventario de Humedais de Galicia no que se inclúen os humedais galegos de maior importancia ao amparo da Lei 9/2001, de conservación da natureza. A importancia destas zonas húmidas non ven determinada unicamente polos seus valores ecolóxicos e de reserva da biodiversidade, senón polos beneficios directos e indirectos que fornecen a vida cotiá dos cidadáns. En xeral, a gran riqueza e diversidade dos compoñentes bióticos e abióticos dos humedais fan que se atopen entre os ecosistemas máis complexos e produtivos do planeta. Posúen unha gran variedade de hábitats de transición entre os ambientes terrestre e acuático, e xogan, polo tanto, un importante papel na conservación da biodiversidade e o desenvolvemento económico.

**CADRO Nº 3.- HUMEDAIS EN O VALADOURO**

Código IHG	Nome	Superficie (Ha)	UTM X	UTM Y
1120341	A Ponte Grande	1,21	619121	4825338
1120342	Volta dos Campos	16,90	619696	4823682
1120343	Albarés	4,61	625185	4823041
1120111	Fontelo	1,48	625377	4822512
1120178	Bao	0,75	625019	4822270
1120179	Cabanas	0,24	625195	4821583
1120009	Brañas de Vilasinde	15,28	629628	4830879
1120287	Pasada de Sinás	0,55	617323	4822635
1120281	Penido Novo	537,39	620482	4821824
1120275	A Toxiza 1	151,58	622293	4813384,
1120283	Montes do Buio	795,67	622020	4826894
1120277	Xistral-Cadramón	1.597,63	615985	4815827

### 2.3.5 Formacións elementos naturais de interese

Comprende as áreas do territorio que, aínda que carecen do valor dos espazos naturais citados anteriormente, se considera que deben ser conservadas pola súa contribución á paisaxe ou por constituír fitos dentro do patrimonio característico do municipio.

A efectos de identificar e avaliar as formacións ou elementos naturais de interese, diferenciáronse, os contidos nos apartados seguintes:

- A Fraga da Furna e Fraga das Leiras
- Fervenza da Onza, Pozo das Moscas, Fervenza da Fraga das Leiras, Fervenza de Escouridal.
- Fontes do Río Moudide
- O val do Río Ferreira
- Penido Novo
- A Furna
- O Cadramón

### 2.3.6 **Hábitats de interese**

A Directiva 92/43/CEE do Consello do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres ten por obxectivo conservar, protexer e mellorar a calidade do medio ambiente, incluída a conservación dos hábitats naturais, así como da flora e fauna silvestres.

Defínense como hábitats naturais ás zonas terrestres ou acuáticas diferenciadas polas súas características xeográficas, abióticas e bióticas, tanto se son enteiramente naturais como seminaturais. Entre os tipos de hábitats naturais de interese comunitario inclúense os que se atopan ameazados de desaparición na súa área de distribución natural, presentan unha área de distribución reducida ou ben constitúen exemplos representativos de características típicas dunha ou de varias das seis rexións bioxeográficas seguintes: alpina, atlántica, boreal, continental, macaronesia e mediterránea.

Os tipos de hábitats naturais prioritarios(\*) son aqueles hábitats naturais ameazados de desaparición cuxa conservación supón unha especial responsabilidade para a Comunidade tendo en conta a importancia da proporción da súa área de distribución natural.

O desenvolvemento da Directiva Hábitat 92/43/CEE impuxo a necesidade de realizar un Inventario Nacional, de carácter exhaustivo, sobre os tipos de Hábitat do Anexo I da Directiva que deu como resultado o Atlas dos hábitats naturais e seminaturais de España que desagregou os 124 tipos de hábitat españois do Anexo I en máis de 1600 asociacións e alianzas sintaxonómicas.

Os hábitats naturais e seminaturais identificados no concello de Valadouro relaciónanse no cadro Nº 4.

A Serra do Xistral representa unha das áreas mais importantes de Valadouro para albergar hábitats de interese. En turbeiras de tipo ombrotrofico, como as de cobertor (é dicir, nas que os nutrientes proceden da auga de chuva), propias dos cumios, predominan as comunidades densas de herbáceas e ericáceas, con *Calluna vulgaris*, *Erica mackaiana*, *Agrostis curtisii*, *Agrostis hesperica*, o endémico *Carex duriaei*, *Molinia caerulea*, etc., sendo os briófitos menos frecuentes que noutros tipos de turbeira. Nas etapas pouco avanzadas da formación das turbeiras minerotróficas aparecen *S. auriculatum*, *Sphagnum papillosum* e *Sphagnum pylaesii*, e herbáceas como *Eriophorum angustifolium*, *Carum verticillatum*, *Molinia caerulea*, *Drosera spp.*, *Pinguicula lusitanica* e *Rhynchospora alba*, entre outras. En etapas máis maduras abundan os briófitos do xénero *Sphagnum*, e en particular *Sphagnum denticulatum*, *Sphagnum subsecundum* e *Sphagnum subnitens*, e dependendo da maior ou menor hidromorfía entran diferentes plantas herbáceas e arbustivas, como *Carex echinata*, *Eleocharis multicaulis*, *Juncus bulbosus* e *Viola*



*palustris* nas áreas máis encharcadas, e *Agrostis curtisii*, *Calluna vulgaris*, *Carex duriaei*, *Erica mackaiana* e *Potentilla erecta* nas máis secas.

En conxunto, estas amplas áreas de solos turbosos e higróturbosos albergan formacións vexetais de extraordinario interese botánico, como son, entre outras, *Genisto berberideae-Ericetum tetralicis* e *Gentiano pneumonanthe-Ericetum mackaiana* entre as matogueiras sobre solos máis secos, *Erico mackaiana-Sphagnetum papilloso* nas turbeiras maduras e *Sphagnum pylaesii-Caretum verticillati* e *Drosero intermediae-Rhynchosporium albae* en fases colonizadoras. Son tamén de elevado interese outras comunidades herbáceas máis ou menos asociadas, como os cervunais de *Nardus stricta* ou a vexetación de charcas de *Isoeto-Littorelletea*. Entre as numerosas especies pouco frecuentes, endémicas ou de interese conservacionista encóntranse diferentes briófitos, como *Splachnum ampullaceum* e *Sphagnum pylaesii*, así como os citados *Pinguicula lusitanica* e *Carex duriaei*, *Arnica montana subsp. atlantica*, *Cirsium filipendulum*, *Drosera lusitanica*, *Drosera intermedia*, *Drosera rotundifolia*, *Myrica gale*, *Narcissus cyclamineus*, *Narcissus pseudonarcissus subsp. nobilis* e *Serratula tinctoria subsp. seoanei*.


Malia existir repoboacións forestais bastante extensas, principalmente compostas, en zonas altas, por piñeiros plantados a mediados do século pasado (*Pinus sylvestris* e *Pinus pinaster*, sobre todo), nalgunhas cabeceiras de ríos e partes altas das valgadas, ata os 700 m de altitude, aínda se conservan pequenos bosques autóctonos, en xeral adscribibles á carballeira acidófila colino-montana galaico-asturiana (asociación *Blechno spicanti-Quercetum roboris*), así como algunhas manchas de acivros (*Ilex aquifolium*) ademais de formacións de ripisilva flanqueando os numerosos cursos de auga (asociacións *Valeriano pyrenaicae-Alnetum glutinosae* e *Festuco giganteae-Fraxinetum excelsioris*). A baixa altitude, nalgun dos bosques riparios refúxianse raros feitos (como *Stegogramma pozoii*) e os relictos macaronésicos (*Woorwardia radicans* ou *Hymenophyllum tunbrigense*), o raro briófito (*Schistostega pennata*) e a hepática (*Frullania oakesiana*).

#### CADRO Nº 4.- HÁBITATS DE INTERESE

Hábitat UE	Hábitat ESP	Descrición
3110	211012	Augas oligotróficas cun contido de minerais moi baixo das chairas areosas ( <i>Littorelletalia uniflorae</i> ).
3150	215055	Lagos eutróficos naturais con vexetación Magnopotamion ou Hydrocharition.
3160 *	216013	Lagos e estanques distróficos naturais
3170 *	217044	Estanques temporais mediterráneos
3260	226011	Ríos de pisos de chaira a montano con vexetación de Ranunculion fluitantis e de Callitricho-Batrachion.
4020 *	302023	Uceiras húmidas atlánticas de zonas mornas de <i>Erica ciliaris</i> e <i>Erica tetralix</i> .
4030	303049	Uceiras secas europeas
4090	309036	Uceiras oromediterráneas endémicas con toxo.
5110	411061	Formacións estables xerotermófilas de <i>Buxus sempervirens</i> en pendentes rochosas
6230 *	523013	Formacións herbosas con <i>Nardus</i> , con numerosas especies, sobre substratos silíceos de zonas montañosas (e de zonas submontañosas da Europa continental).
6430	543133	Megaforbios eutrofos hidrófilos das orlas de chaira e dos pisos montano a alpino

7110 *	613016	Turbeiras de cobertor
7150	615012	Depresións sobre substratos turbosos do Rhynchosporion.
8220	7220B1	Pendientes rochosas silíceas con vexetación casmofítica
8230	723031	Rochedos silíceos con vexetación pioneira de Sedo-Scleranthion ou Sedo- albi-veronicion dillenii
9120	812010	Hayedos acidófilos atlánticos con sotobosque de Ilex e as veces de Taxus
91E0 *	81E025	Bosques aluviais de <i>Alnus glutinosa</i> e <i>Fraxinus excelsior</i> ( <i>Alno-Padion</i> , <i>Alnion incanae</i> , <i>Salicion albae</i> ).
9230	823014	Carballeiras galaico-portuguesas con <i>Quercus robur</i> e <i>Quercus pyrenaica</i> .
9260	826030	Bosques de <i>Castanea sativa</i>
9320	832010	Bosques de Olea e Ceratonia
-	215517	Céspedes de charcas dominadas por <i>Ranunculus omiophyllus</i>
-	411531	Espinares e Zarzales
-	515013	Comunidades de ventisqueros
-	541020	Prados higrófilos manexados
-	541032	Pradería-xunqueira oligótrofa orocantábrica meridional
-	541038	Xunqueira oligótrofa atlántica
-	551030	Pradería mesófila de dento meso e supratemperado
-	621130	Esparganiales
-	621331	Esparganiales con nabiza do demo e grama de cen pes
-	621076	Marciegales oligo mesotrofos de lirios amarelos e cárice portugués
-	816014	Freixeiras excelsas
-	823015	Bosque mixto meso-xerófilo mesotemperado orocantábrico.

GRÁFICO Nº2.- MAPA DE HÁBITATS



## 2.4 USOS DO SOLO

A xeomorfoloxía do territorio é un factor clave na ocupación do solo. O sistema tradicional de ocupación do solo en Galicia está moi marcado por este factor e permite establecer unha secuencia de usos dende os vales ate as puntos mais elevados especialmente nun territorio como o de Valadouro, cuxa orografía presenta un marcado contraste entre o val e a montaña, onde a pendente condiciona a expansión dos asentamentos de poboación, que predominan nas zonas mais chairas, e limita o aproveitamento agrícola favorecendo o desenvolvemento das masas forestais nas zonas mais abruptas ou de maior altitude e menor accesibilidade. Polo tanto, a forma de ocupación do solo e a segregación espacial dos usos forestais, agropecuarios e residenciais en Valadouro conserva a estrutura característica deste sistema tradicional. Os usos rústicos predominan no territorio, o uso agrícola desenvólvese no 15,63 % do territorio sendo superado polo uso forestal que predomina no 83 %.

### 2.4.1 Masas forestais

En canto á superficie forestal, esta ocupa case a totalidade da superficie municipal (83% da superficie total). Non obstante, a configuración destas áreas non é sempre arborada predominando as extensións de mato nas zonas mais elevadas. Ademais, as masas forestais de maior entidade están constituídas fundamentalmente por especies de crecemento rápido, como o eucalipto e piñeiro que se estenden formando amplas masas froito das repoboacións ou recolonizacións debido á desaparición dos bosques autóctonos.

#### 2.4.1.1 Titularidade dos montes

A maior parte dos montes de Valadouro pertencen a comunidades de veciños. O seguinte cadro relaciona as comunidades e montes en man común do municipio e as comunidades propietarias

**CADRO Nº 5.- MONTES EN MAN COMÚN**

Nome	Parroquia	Comunidade
Xesto, Campo do Carballido, Porto do Río, Rego da Poltra, Veiga de Lamas, Cadramón e Monte Rubio	Cadramón	Cadramón
Esculca, Barreira Moura, Cabaleiros e Rego do Madeiro	Vilacampa	Vilacampa
Xestaca e Grandavell	San Tomé de Recaré	San Tomé de Recaré
Frexulfe	Frexulfe	Frexulfe
A Laxe	San Xoán da Laxe	San Xoán da Laxe

### 2.4.2 Superficies cultivadas

Mais do 93% da superficie municipal destínase a usos rústicos. Non obstante, o uso agrícola so ocupa o 15% xa que mais do 80% restante esta destinado a explotacións forestais.

As zonas cultivadas localízanse ao longo dos vales dos ríos que atravesan o municipio ocupando grandes extensións, en zonas con pendentes suaves e baixa altitude.

Trátase dun concello baseado en pequenas explotacións no que o número de parcelas descendeu considerablemente nos últimos anos. A súa produción ten un carácter tradicional, dirixida fundamentalmente ao autoconsumo. Os principais cultivos son millo, patacas, trigo e produtos hortofrutícolas alternados coas praderías.

Respecto as características das explotacións agrícolas e gandeiras, o índice de parcelación na comarca é de 11,99 parcelas por explotación, mentres que en Valadouro a cifra é inferior, de 8,60 parcelas duplicando o tamaño da parcelas respecto a comarca.

Segundo o tipo de terras, labradas e non labradas, pódese afirmar que as terras non labradas, que inclúen as terras non labradas propiamente ditas e as labradas con fins forestais, representan en Valadouro o 92,41% da superficie total censada, porcentaxe similar ao medio da comarca (80,9%).

Dentro das terras non labradas, as especies arbóreas forestais representan o 28,84% da superficie total, os "prados, praderías e pasteiros" o 63,57%, e por último situaríanse as denominadas outras, onde se inclúen os terreos rasos dedicados accidentalmente a pastos, as matogueiras, etc., que representan o 6,03% da superficie total. Na comarca, os "prados, praderías e pasteiros" descenden ata o 39,52%, as especies arbóreas forestais aumentan ata o 41,78% e as denominadas outras ata o 15,51%.

En relación coas terras labradas, estas representan en Valadouro o 1,56% da superficie total das explotacións.

Aproximadamente o 28,84% da superficie total das explotacións de Valadouro destínase a especies forestais, o que representa en números absolutos unhas 2.492 Has. A especie predominante é o piñeiro, mesturado en determinadas zonas co eucalipto, esta última é outra das fontes de economía do concello envorcado no aproveitamento forestal.

Pódese observar a estreita relación entre a morfoloxía do territorio e a ocupación do solo. A metade mais occidental do municipio presenta os maiores contrastes orográficos e bioxeográficos sendo tamén maiores as diferencias de ocupación da poboación que se asenta buscando sempre as partes baixas dos vales. En resumo podemos dicir que en Valadouro predominan as masas forestais e os prados, praderías e pasteiros, destinados maioritariamente a alimentación da gandeira.

#### **2.4.3 Terreos ocupados por edificacións ou instalacións**

Os terreos ocupados por edificacións ou instalacións representan unicamente o 1,37% da superficie municipal destacando entre eles o núcleo urbano de Ferreira.

O proceso urbanizador e edificatorio dos últimos anos caracterizouse pola expansión edificatoria do núcleo urbano de Ferreira, cara aos núcleos rurais mais próximos a él, Pena, Rexediora, Tanin, Pazo Granda e A Portela, utilizando como o apoio das novas edificacións o armazón viario de conexión existente entre estas entidades de poboación. O desenvolvemento citado produciuse fundamentalmente cara ao norte do núcleo de Ferreira. A baixa densidade da tipoloxía edificatoria de vivenda unifamiliar, características destas áreas periféricas ao núcleo principal de Ferreira, desenvolvida nas marxes das principais infraestruturas viarias que conectan ditas entidades, favoreceu un continuo edificatorio.

Os núcleos rurais existentes repártense, principalmente pola valle do municipio, no eixo noreste-

suroeste. A maioría destes núcleos aínda que aínda conservan a morfloxía, tipoloxía, estrutura viaria, etc, características dos núcleos rurais.

A edificación destinada a usos industriais pode atoparse en áreas industriais ligadas a núcleos de poboación, principalmente entorno ao núcleo urbano de Ferreira e en industrias exentas, diseminadas, especialmente, nas marxes das principais vías de comunicación.

As edificacións destinadas a usos terciarios distribúense por todo a área urbana de Ferreira, ben nas plantas baixas dos edificios, ou en zonas da propia zona urbana. Existen ademais no concello outras áreas terciarias ligadas ao servizo da estrada, como gasoleiras, hoteis, ..., actividades que se sitúan ao bordo das principais vías de comunicación do concello.

**CADRO Nº 6.- USOS ACTUAIS DO SOLO**

Usos	Superficie (has)	% Sobre total municipal
<b>Rústicos</b>	<b>11.007,23</b>	<b>98,63</b>
Forestal	9.260,77	83
Agropecuario	1.746,46	15,63
<b>Terreos ocupados por edificacións ou instalacións</b>	<b>160,96</b>	<b>1,37</b>
<b>TOTAL</b>	<b>11.168,19</b>	<b>100</b>

## 2.5 POTENCIALIDADES DO TERRITORIO

### 2.5.1 Capacidade produtiva do solo

A aptitude agrolóxica dos solos de Valadouro valorouse segundo o sistema orixinal do servizo estadounidense de conservación de solos (U.S.D.A.) que os clasifica en oito clases nas que os solos de clase 1 serían os máis produtivos e con menores restricións e os da clase 8 os solos totalmente improdutos.

Segundo este sistema, a aptitude dos solos do municipio e especialmente boa entorno o val do río Miñor, onde se concentran as clases 2, 3 e en menor medida 4. Os solos de clase 2 e 3, profundos e con capacidade de retención hídrica, así como as condicións climáticas permiten o establecemento de prados sen a penas manexo.

**CADRO Nº 7.- DISTRIBUCIÓN DAS CLASES AGROLÓXICAS EN VALADOURO**

Clase	Superficie (has)	%
Clase 1	74,12	0,67
Clase 2	1.311,16	11,80
Clase 3	1.045,32	9,40
Clase 4	489,04	4,40
Clase 6	1.038,69	9,40
Clase 7	6.956,49	62,60
Clase 8	191,60	1,73

A aptitude dos solos para uso agronómico de Valadouro é moi aceptable considerando a existencia de importantes extensións sen pendente ou con moi baixos valores e as baixas limitacións no contorno do val do río Ouro. No seu contorno desenvólvense solos lixeiros e fáciles de traballar, non obstante requiren importantes achegas de materia orgánica para corrixir a acidez ou presentan carencias de fósforo, potasio ou calcio ente outros. Cómpre salientar que a área centro-este onde se atopan o solos de maior valor agronómico, engloba tamén a maior parte das entidades de poboación polo tanto a potencialidade do solo vese reducida.

No resto do territorio os cultivos forestais parecen ser os mais axeitados non obstante as limitacións do solos fan que as clases predominantes sexan as mais improproductivas.

Os cultivos forestais son menos esixentes que os herbáceos en canto a requisitos edáficos e climáticos polo que seguindo a clasificación establecida os solos das clases 5, 6 e 7 son os máis apropiados para o aproveitamento forestal. As mellores zonas consideradas para o cultivo forestal son aquelas que non son óptimas para aproveitamentos agrícolas e presentan unhas características mínimas para o asentamento das árbores.

Existen diferentes variables que inflúen sobre a produtividade da masa forestal como a temperatura media diaria, a dispoñibilidade de auga e a composición mineral dos solos e a súa dispoñibilidade para a conformación dos órganos vexetais.

En xeral, a produtividade é alta para especies de clima benigno, como *Pinus pinaster*, as formacións teñen curtas de 30 anos e produtividade de 7 metros cúbicos por hectárea e ano. En zonas por enriba dos 200 metros sobre o nivel do mar algo máis afastadas da costa, a produtividade é tamén alta para *Pinus radiata*. O eucalipto (*Eucalyptus globulus*) ten tamén un óptimo de produción neste tipo de solos e zonas marítimas por debaixo dos 500 metros aínda que soe ser substituído polo piñeiro marítimo.

As condicións climáticas favorecidas pola topografía do terreo e sumadas a un factor favorable de carácter edáfico son factores moi favorables para a explotación gandeira e para a orientación gandeira da agricultura.

As zonas agrarias, localizadas no contorno dos núcleos rurais, son superficies adecuadas para a implantación de pequenas explotacións tanto de carácter tradicional como intensivo. Constitúen ademais

zonas propicias para o aproveitamento gandeiro de tipo familiar. Recoméndase que estas zonas agrogandeiras sitúense a unha certa distancia dos cursos de auga para evitar posibles contaminacións orgánicas por medio de filtracións.

Os solos de baixa calidade tamén poden ser explotados para cama do gando, utilizados como abono orgánico para as terras, aproveitados para o pastoreo extensivo da vexetación herbácea que crece nelas ou para cabana de gando en semiliberdade, como é o caso do gando equino. Estes aproveitamentos poderían supoñer un modo economicamente rendible que favorecería o mantemento da poboación rural e supoñería unha significativa redución de risco de incendio e erosión nestes hábitats.

### 2.5.2 **Mineira**

Os principais materiais susceptibles de explotación existentes no municipio son os graníticos, amplamente estendidos por todo o territorio e os depósitos detríticos das planicies aluviais.

As explotacións mineiras, moi especialmente as que se desenvolven en superficie a ceo aberto, presentan problemas ambientais relacionados coa morfoloxía do terreo, os produtos e residuos derivados da extracción, do transporte de materiais e co impacto paisaxístico que xeran ao orixinar superficies denudadas, carentes de recursos vivos.

Debe considerarse tamén o risco de contaminación que este tipo de actividades supoñen para as augas superficiais e subterráneas próximas e os consecuentes efectos sobre a flora e a fauna, e desde a perspectiva da seguridade e saúde da poboación, os gases e pos en suspensión, as vibracións e ruídos da maquinaria que poden ter consecuencias para os habitantes próximos á explotación.

A rehabilitación dos solos tras a explotación é fundamental para recuperar a superficie afectada na medida do posible e minimizar o impacto paisaxístico e ambiental consecuencia da actividade. Para iso, en conformidade coa lexislación vixente, deben establecerse medidas compensatorias orientadas á rehabilitación da zona procurando que o chan adquira as propiedades necesarias para albergar vida animal e vexetal. Desta forma, aínda sen reproducir o ambiente primitivo, dispónse dun novo hábitat que, en calquera caso, dotará de máis oportunidades as posibles especies colonizadoras.

### 2.5.3 **Hidrolóxica**

Actualmente, non se realiza ningún aproveitamento hidroeléctrico nos cursos fluviais do municipio. O principal aproveitamento está relacionado coa existencia de antigos muíños que realizaban un aproveitamento tradicional.

A conservación das canles e da calidade das augas son quizais o mellor uso que se pode propoñer.

Compre salientar a existencia dunha importante reserva de augas subálveas continentais que se corresponden cos depósitos cuaternarios recentes ligados aos canles fluviais actuais y cuxa potabilidade esta asegurada ao comportarse a roca como filtro natural.

### 2.5.4 **Enerxías renovables**

O aumento crecente da demanda de enerxía eléctrica e a necesidade de conxugar a produción coa

protección do medio ambiente e mellora da calidade de vida, son os motivos que favorecen o desenvolvemento dos aproveitamentos de recursos renovables. Neste caso, as condicións climáticas e as características orográficas de Galicia favoreceron que o grado de implantación da enerxía eólica nesta comunidade sexa elevado, situándoa como referente no sector eólico a nivel mundial.

O xerar enerxía eléctrica sen que exista un proceso de combustión ou unha etapa de transformación térmica supón, desde un punto de vista medioambiental, un procedemento moi favorable por estar exento de problemas de contaminación, non producir alteracións sobre os acuíferos, non contribuír ao efecto invernadoiro ou non destruír a capa de ozono.

As particulares condicións climáticas das Serras Setentrionais de Galicia e en concreto da Serra do Xistral determinaron o seu elevado potencial eólico existindo varios parques eólicos nos seus cumes coas características que se describen no seguinte cadro.

**CADRO Nº 8.- PARQUES EÓLICOS INSTALADOS EN VALADOURO**

NOME	POTENCIA (kw)	PROPIEDAD	ANO	MUNICIPIOS
P.E Buio	4.300	Parques Eólicos de Buio	2006	Cervo, O Valadouro, Viveiro e Xove
P.E Gamoide	32.500	Parques Eólicos de Buio	2005	Cervo, Foz e O Valadouro
P.E Pedra Chantada	21.780	Endesa cogeneración y renovables	2003	Muras, Oul e O Valadouro
P.E Soan	19.500	Acciona Eólica Galicia	1999	Muras e O Valadouro
P.E Ampliación Soan	21.750	Acciona Eólica Galicia	2004	Muras e O Valadouro
P.E Nordés	20.250	Acciona Eólica Galicia	1999	Muras e O Valadouro
P.E Cuadramón	18.750	Acciona Eólica Galicia	1999	Alfoz, Abadín e O Valadouro
P.E Leste	14.250	Acciona Eólica Galicia	2003	Oul e O Valadouro

Por outra parte, a enerxía solar ademais de ser renovable non contamina o ambiente e o seu uso contribúe a diminuír o efecto invernadoiro producido polas emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera. Estes aspectos fan que sexa imprescindible impulsar o aproveitamento dos recursos renovables. Estas fontes de enerxía caracterízanse por renovarse cíclicamente sen prexudicar ao medio ambiente sendo logo, as máis respectuosas co medio.

A orografía do territorio de O Valadouro permite a instalación de mecanismos para o aproveitamento da enerxía solar. Ademais, a súa implantación é sinxela, non require dunhas condicións do terreo demasiado esixentes, contribúe ao desenvolvemento económico e as súas aplicacións son moi amplas.

### 2.5.5 Potencialde turística

O municipio de Valadouro conta con atractivos paisaxísticos, monumentais, gastronómicos e artesanais cuxo potencial e recursos deben de terse en conta como impulsor económico do municipio.

Para observar a paisaxe desde o Alto do Cadramón ou Frexulfe, existe unha ruta de carácter supramunicipal a Ruta Pardo de Cela que pode realizarse tamén en coche e percorre os lugares máis



emblemáticos relacionados co devandito personaxe histórico. O Cadramón e O Xistral son as serras máis setentrionais de Galicia con belas paraxes naturais onde ademais de ver parte da vexetación autóctona pódese observar ao gando que pasta en liberdade durante todo o ano.

Con respecto á artesanía destaca o traballo tradicional da madeira; realízanse xugos de dous tipos en Frexulfe, ademais das "zocas"; así como o traballo da vimbia destacando os cestos de Budián e as "almendreñas" de Ferreira. Tamén ata hai pouco mantíñanse teares activos na zona concretamente en Budián, Vilacampa, Castelo, Adelán, Pereiro e Lagoa. Outra atracción turística é rapa das Bestas" que pasou de ser unha ocupación tradicional derivada do coidado do gando cabalar que se atopa en liberdade polos montes do concello a un atractivo turístico

A oferta turística complementábase cun patrimonio histórico-artístico rico e variado representado por xacementos, vestixios romanos, igrexas, cruceiros e pazos que salpican o territorio municipal, cunha importante oferta de festas e cunha variada gastronomía.

O PXOM debe de establecer na súa ordenación a adecuada conservación das áreas e usos tradicionais anteriormente mencionados, fortalecendo os elementos dos núcleos rurais capaces de aproveitar estes activos como elementos impulsores de novas actividades.

## 2.6 RISCOS NATURAIS OU TECNOLÓXICOS

### 2.6.1 Zonas de altos gradientes topográficos

Atendendo ás características topográficas do territorio, consideráronse que as áreas con aptitude para ser urbanizadas son aquelas cuxa pendente sexa inferior ao 30% (ver plano Nº 1.5 " Pendentes). Valores superiores inclúen zonas con pendentes extremas nas que se poden dar riscos como escorregamentos, desprendementos de rochas, movementos de terras, etc. xa sexan por causas naturais ou antrópicas. Ademais, as características destas áreas que dificultan a súa aptitude para a transformación urbanística se lle suma a escasa accesibilidade que presentan.

A maior parte do territorio de O Valadouro presenta valores de pendente superiores o 15%, limitándose os valores mais baixos a parte centro-este, a zona val.

### 2.6.2 Orientación

No municipio de O Valadouro este factor supón un importante limitador para a urbanización xa que o municipio se configura como unha chaira encaixada pola Serra do Xistral e os Montes do Buió.

Desde un punto de vista enerxético, se debe favorecer a orientación sur das fachadas facilitando a incidencia da radiación solar durante case todo o día.

As zonas máis adecuadas para a transformación urbanística correspóndense coas ladeiras con orientación sur que son as zonas nas que incide máis a radiación solar. Tendo en conta isto e de forma xeneralizada considérase que as mellores ladeiras para a urbanización son as ladeiras oeste de cada un dos grandes vales do municipio. Pode sinalarse que nas orientacións S a insolación será como máximo entre 57% e un 61% superior á de superficies horizontais. Pola contra, as áreas de máxima pendente e orientación N poden chegar a recibir entre un 14% e un 27% da enerxía recibida polas superficies

horizontais.

### 2.6.3 **Capacidade portante**

En xeral, os condicionantes xeotécnicos que se poden atopar no territorio municipal son de tipo litolóxico, xeomecánico e hidroxeolóxico debidos fundamentalmente a existencia de depósitos de alteración e pendentes pronunciadas. Ademais, a presenza de afloramentos de rochas xistosas provoca que existan zonas onde ademais da forte pendente se lle sumen posibles escorregamentos ou desprendementos.

A combinación de factores litolóxicos e xeomorfolóxicos ou a distribución dos materiais condiciona as diferentes características xeomecánicas. En función dos materiais existentes no municipio pódense distinguir desde un punto de vista xeotécnico as seguintes áreas:

- **ROCHAS GRANÍTICAS** . Xeomorfoloxicamente proporcionan formas redondeadas, en ocasións de relevo acusado (Xistral) ou como resaltes nas que a pendente é o principal condicionante. Hidroxeoloxicamente son áreas de baixa permeabilidade onde se favorece, en xeral, a escorrentía superficial a favor da pendente. Xeomecanicamente a súa capacidade de carga é alta e non aparecen asentos diferenciais.
- **ROCHAS XISTOSAS**. Xeomorfoloxicamente poden dar relevos chans ou zonas con pendentes superiores ao 7%. Hidroxeoloxicamente constitúen un substrato impermeable ou de baixa permeabilidade co que se ve favorecida a escorrentía superficial aínda que nas zonas mais chans pódense dar encharcamentos, polo tanto son áreas con mala drenaxe. A súa capacidade de carga oscila entre alta e media.
- **MATERIAIS DETRÍTICOS**. Son depósitos formados por areas, gravas e arxilas que dan lugar a relevos practicamente chans. Nestas zonas pódense dar fenómenos de escorregamento o ser erosionados ou alterados antropicamente. Hidroxeoloxicamente constitúen depósitos permeables. Configuran zonas de inundación pola súa proximidade aos leitos provocando que o nivel freático se atope próximo á superficie e que en épocas de grandes chuvias pasen a formar chairas de inundación. Posúen capacidade de carga baixa a moi baixa e pola súa composición e distribución dos materiais poden presentar asentos diferenciais e erosionarse por parte dos leitos fluviais.

### 2.6.4 **Áreas vulnerables á contaminación**

#### 1. **CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA**

A Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera relaciona os principais contaminantes e indica os niveis máximos posibles para as principais actividades industriais potencialmente contaminadoras, entendéndose como tais aquelas que pola súa propia natureza ou polos procesos tecnolóxicos convencionais empregados constitúen ou poidan constituír un foco continuo ou intermitente de contaminación atmosférica. Segundo o listado de actividades os principais focos de emisión localizados son o tráfico rodado, as caldeiras de calefacción (cunha especial incidencia nos núcleos de poboación concentrados), e algunhas actividades industriais e as diferentes obras de construción que se atopan actualmente en execución.

A construción pesada é unha fonte de partículas que pode ter un substancial impacto temporal na

calidade do aire local. A construción de edificios e estradas son só dous exemplos cun gran potencial de emisión. Nestes dous casos as emisións poden estar asociadas coa limpeza do terreo, perforacións, detonacións, excavacións, outros movementos do terreo e coa construción da instalación en si mesma. Hai que ter en conta ademais, que unha gran parte das emisións proceden do tráfico temporal no lugar da construción.

Como operación adicional de especial interese, destacarase o pintado de edificios como fonte importante de COV's. Considérase, segundo fontes da Comisión Europea un aporte de máis dun 1% sobre as fontes totais e que polas características da operación de emisión, as emisións prodúcense de acordo a un factor de emisión de arredor de 300g/Kg de pintura.

Outro foco emisor é o tráfico rodado. Os procesos de combustión dentro do motor do automóbil van dar lugar ás emisións dunha grande variedade de contaminantes, como partículas de CO, SOx, NOx, CO<sub>2</sub>, COV's e SO<sub>2</sub>. Ademais das emisións procedentes dos motores de combustión van producirse emisións de partículas procedentes da propia vía en contacto co automóbil e referentes ao aire acondicionado (CFC's e HFC's). Algúns contaminantes mencionados interaccionan na atmosfera para dar lugar a diferentes contaminantes secundarios. O ozono é un contaminante secundario formado pola combinación dos COV's e os NOx. Ademais contaminantes como os SOx, os NOx e os hidrocarburos, en presenza da luz solar ou de auga poden dar lugar a partículas secundarias.

Os principais factores que inflúen no tipo e magnitude das emisións son:

- Número de viaxes e o número de Km. percorridos en cada viaxe.
- A altitude.
- A temperatura ambiente e a temperatura de operación.
- Kilometraxe, a idade, o peso e a tecnoloxía de control das emisións do vehículo.
- Tipo de combustible (gasolina, gasóleo).
- As características da viaxe: velocidade, aceleración en quente e o grado de permanencia do motor quente.

As actividades agrícolas e gandeiras aínda que se trata dunha fonte de importancia baixa debida ás substancias presentes nos distintos tipos de abonos (con mención especial para os puríns), entre as que destacan as procedentes da fermentación anaerobia da materia inorgánica, tamén é unha fonte de emisións de metano e amoníaco e en pequenas cantidades, outros como sulfuros ou COV's. As emisións producidas están moi relacionadas co tipo de explotación e coa maquinaria motorizada que se emprega (motores diesel na súa práctica totalidade).

As emisións contaminantes dos incendios forestais van destacar pola súa gran cuantía, pois proceden dun proceso de combustión a gran escala. Os principais contaminantes implicados son partículas (en suspensión e sedimentables), CO, CO<sub>2</sub>, NOx, e COV's. O tamaño, a intensidade e incluso a ocorrencia dun incendio forestal depende directamente de variables como as condicións meteorolóxicas, o tipo de vexetación, o contido en humidade e o peso do combustible "queimable"

por unidade de superficie (carga de combustible dispoñible).

## 2. CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

A base legislativa en materia de ruídos en Galicia é a Lei 7/1997, que ven desenvolvida polo Decreto 150/1999. O ámbito da Lei son as actividades, instalacións e comportamentos que xeren ruídos ou vibracións susceptibles de produciren molestias e que se atopen emprazadas ou se exerzan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia (Artigo 2). Tanto a Lei 7/1997 como o Decreto 150/1999 fan ademais indicacións sobre os métodos de medición, definen os diferentes tipos de ruído, determinan as características que deben reunir as empresas para obter a homologación coa fin de poder realizar as medicións de niveis sonoros, establece as sancións que se imporán a aquelas persoas ou empresas que incumpran a lexislación, etc. Realizan ademais unha diferenciación do territorio en zonas de sensibilidade acústica (aquela parte do territorio que presenta un mesmo rango de percepción acústica), as zonas deben ser definidas polos concellos e son as seguintes:

- a) ZONA DE ALTA SENSIBILIDADE ACÚSTICA: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha protección alta contra o ruído, como áreas sanitarias, docentes, culturais ou espazos protexidos.
- b) ZONA DE MODERADA SENSIBILIDADE ACÚSTICA: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro medio, como vivendas, hotéis ou zonas de especial protección como os centros históricos.
- c) ZONA DE BAIXA SENSIBILIDADE ACÚSTICA: comprende tódolos sectores do territorio que admiten unha percepción do nivel sonoro elevado, como restaurantes, bares, locais ou centros comerciais.
- d) ZONA DE SERVIDUME: comprende os sectores do territorio afectados por servidume sonoras a favor de sistemas xerais de infraestruturas viarias, ferroviarias ou outros equipos públicos que as reclamen.

Cando os usos do solo ou a concorrencia de causas o xustificuen, poderán establecerse outras zonas específicas.

Tendo en conta as diferentes zonas de sensibilidade e a división da xornada en período diúrno (08:00 a 22:00 horas) e nocturno (22:00 a 08:00 horas), a Lei establece uns niveis límite de recepción do ruído tanto para o ambiente exterior como para o ambiente interior, valores que non deben ser superados en ningún caso.

A lexislación autonómica confírelle numerosas competencias ós concellos, que son os responsables de facer que se cumpra coa lexislación no seu termo municipal; determina ademais que son os concellos os encargados de dictar ordenanzas sobre ruídos, que adapten a lexislación autonómica ás necesidades de cada municipio.

Segundo a lexislación autonómica, tanto as zonas de baixa sensibilidade acústica (Zona C: bares, locais comerciais), como as zonas de servidume (Zona D: infraestruturas viarias), son os lugares nos que se producen os principais focos de ruído, e normalmente coinciden ou colindan coas zonas

de baixa (Zona A: espazos culturais) ou de moderada sensibilidade (Zona B: vivendas, hoteis).

A lexislación autonómica non establece especificamente niveis límite para zonas industriais, sen embargo, as industrias xeran importantes niveis de ruído, que en moitos casos, e sobre todo cando estas traballan en horario nocturno, poden causar molestias á poboación.

### 2.6.5 **Risco Sísmico**

Trátase dun dos fenómenos naturais con maior capacidade para producir consecuencias catastróficas sobre áreas concretas de territorio, podendo dar lugar a cuantiosos danos en edificacións, infraestructuras e outros bens materiais, interromper gravemente o funcionamento de servicios esenciais e ocasionar vítimas entre a poboación afectada.

Considerase como zona xeográfica con risco de sufrir terremotos de intensidade igual ou superior a VI, a aqueles Concellos incluídos no Anexo do Real Decreto 997/2002, de 27 de setembro, polo que se aproba a Norma de Construcción Sismoresistente, Parte Xeral e de Edificación (NCSE-02), publicada no BOE nº 244 de 11 de outubro de 2002, que relaciona os Concellos cunha aceleración sísmica básica igual ou maior de 0.4 g entre os que se atopa o municipio de O Valadouro.

### 2.6.6 **Risco de Inundacións**

O Plan Hidrolóxico Galicia-Costa inclúe o núcleo de Ferreira entre as áreas con risco de encharcamentos.

En xeral, os leitos e áreas adxacentes á rede fluvial especialmente en zonas de escasa ou nula pendente, son susceptibles de sufrir inundacións cando a cantidade de auga achegada ao curso fluvial sexa superior a capacidade de drenaxe do propio leito feito que sumado ao nivel freático dos depósitos detríticos adxacentes impide a infiltración do exceso de auga.

Os factores susceptibles de provocar unha inundación son de tipo meteorolóxico, normalmente debidos ao exceso de precipitacións, xeotécnico (desprendementos) ou antrópicos, constituídos principalmente pola urbanización de zonas próximas aos leitos e polo tanto pola impermeabilización do terreo. A efectos da planificación ante este tipo de sucesos, hai que considerar tamén como áreas de perigo de inundacións aquelas zonas que ao longo do rexistro histórico víronse afectadas por este fenómeno.

Cómpre sinalar outros factores que inflúen de forma notoria no grado que alcanzan as inundacións vinculados a:

- Xeoloxía: o grado de permeabilidade inflúe na escorrentía, así os materiais impermeables favorecen a escorrentía superficial polo que a cantidade de auga en superficie aumente considerablemente.
- Edafoloxía: o grado de saturación marca a capacidade do solo para reter mais ou menos volume de auga podendo impermeabilizarse e incrementar a escorrentía superficial.
- Vexetación: a densidade da cobertura vexetal diminúe a escorrentía e a carga sólida en suspensión achegada a rede de drenaxe sendo, polo tanto, moi importante a conservación do manto vexetal e a reforestación.

O Plan Especial de Protección Civil ante o Risco de Inundacións en Galicia identifica o municipio de O

Valadouro como zona C “de risco baixo”.

### 2.6.7 **Risco de Incendios**

O monte desempeña unha tripla funcionalidade: social, ambiental e económica orientada á produción de recursos naturais e ao desenvolvemento rural especialmente nun territorio como o que nos ocupa xa que mais do 80% da superficie do municipio presenta un uso forestal.

O importante valor que o monte desempeña para a nosa sociedade no seu conxunto, vén sendo ameazado pola propagación de incendios forestais, afectando á súa riqueza ambiental e paisaxística e ás actividades agroforestais que se desenvolven nel facendo perigar a sustentabilidade económica e social.

A prevención e defensa contra os incendios forestais no municipio debe ser un obxectivo prioritario, incidindo na concienciación á poboación e na prevención, con especial énfase na silvicultura preventiva e no fomento da xestión forestal sustentable. Así mesmo, as áreas fortemente degradadas pola recorrencia dos lumes deberan ser obxecto de programas de restauración ambiental que contemplan a mellora da calidade ambiental e paisaxística, a restauración hidrolóxico-forestal, e que compaxinen os aproveitamentos silvopastorais, de biomasa, forestais, etc.

Unha parte das causas estruturais que inciden na proliferación de incendios forestais está relacionado co cambio de usos do monte e coa ausencia de ordenación dos usos do territorio dende o punto de vista agrario, forestal e mesmo urbano. Esta situación fai imprescindible a planificación da protección contra incendios forestais proporcionándolle ao monte os tratamentos apropiados, compatibilizando e regulando os seus aproveitamentos, establecendo condicións para os asentamentos rurais, regulando as repoboacións forestais e elaborando plans de prevención e defensa.

O Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga 2010) aprobado polo Consello da Xunta, consonte ao establecido pola Lei 3/2007, do 9 de abril, de loita contra o lume zonifica o territorio segundo o risco de incendio e a prioridade de actuación. No seguinte cadro relaciónanse as características do territorio de Valadouro no Pladiga.

**CADRO Nº 9.- PRIORIDADE DE DEFENSA POR CONCELLO. PLADIGA 2009**

CONCELLO DE VALADOURO	
Vulnerabilidade poboacional	Moderada
Vulnerabilidade do valor económico integral	Alta
Vulnerabilidade do solo	Moi alta
Prioridade de defensa	Baixa

En relación ao planeamento e ordenación dos recursos forestais O Valadouro pertence ao Distrito Forestal VI, A Mariña Lucense (Demarcación da Mariña Central). O Plan de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais de Distrito identifica a parroquia de A Laxe como de alta prioridade de

actuación e as de Budián e Vilacampa como de prioridade media.

Con base en criterios da información histórica sobre a ocorrencia de incendios forestais, vulnerabilidade poboacional, ameazas aos ecosistemas forestais e a protección do solo fronte á erosión, clasifícase o territorio segundo o risco espacial de incendio forestal en Galicia en zonas de baixo risco, medio risco e alto risco de incendio forestal. A Orde do 18 de abril do 2007 define as zonas de alto risco (ZAR) de incendio como as superficies onde se recoñece como prioritaria a aplicación de medidas máis rigorosas de defensa contra os incendios forestais ante o elevado risco de incendio, pola especial frecuencia ou virulencia dos incendios forestais ou a importancia dos valores ameazados.

A incidencia dos lumes forestais acontecidos no Valadouro dende os últimos anos favoreceu que todo o municipio se clasifique como zona de risco de incendio medio. Cabe sinalar como zonas de maior risco as áreas forestais en xeral, tanto de superficies arboradas como de mato e en especial as do Xistral.

A Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia especifica as seguintes épocas de risco de incendio forestal:

- **ÉPOCA DE PERIGO ALTO.** Na que o despregue dos medios de extinción e alertas deberán ser os máximos, en función da avaliación do risco e a vulnerabilidade. A previsión contempla catro meses de duración para esta época. Considerarase, de forma xeral, época de perigo alto os meses de xullo, agosto e setembro, nos que se aplicarán as medidas fixadas na Resolución da Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, do 27 de xaneiro de 2005, para a prevención de incendios forestais. Poderá considerarse igualmente época de máximo perigo, aquel outros períodos do ano no que as condicións meteorolóxicas ou outras circunstancias agraven o risco de incendios.
- **ÉPOCA DE PERIGO MEDIO.** Na que os medios de detección e extinción permanecerán en alerta cun despregue reducido. Aplicarase medidas restritivas para o uso do lume en terreos forestais ou agrícolas. A época de perigo medio comprende, con carácter xeral, os meses de marzo, abril, maio, xuño e outubro, se ben calquera destes meses pode pasar a formar parte doutra época de perigo distinta cando as circunstancias así o requiran.
- **ÉPOCA DE PERIGO BAIXO.** Aquela na que non é preciso adoptar precaucións especiais e o despregue de medios será o adecuado ao nivel de risco previsto nas diferentes zonas. Con carácter xeral comprende os meses de xaneiro, febreiro, novembro e decembro. Ao igual que non caso anterior, calquera destes meses pode pasar a formar parte doutra época de perigo distinta á fixada cando as circunstancias así o requiran.

### 2.6.8 **Riscos de Erosión**

Os procesos xeomorfolóxicos (erosión e sedimentación) son procesos naturais, pero cabe destacar que a intervención humana alterounos establecéndose a aceleración do proceso. O maior ou menor desenvolvemento destes riscos está en función doutros factores naturais: a climatoloxía; a litoloxía (margas, calcarias, pedras de gra, conglomerados, recheos cuaternarios, etc.), segundo a competencia dos materiais, estes serán máis ou menos meteorizables; a pendente, canto máis acusada máis potentes son os procesos erosivos, a cuberta vexetal, canto menos densa é esta, menos axudará a reter o solo e, por último, e actualmente case o máis importante, o uso e a ocupación humana do territorio.

Entre os factores de erosión mais estudados atópanse as chuvias, a erosión hídrica e os incendios:

- **AS CHUVIAS.** A incidencia da erosión por causa das chuvias está directamente relacionada coa presenza de vexetación. Así, os solos que teñen pouca ou escasa cuberta vexetal están desprotexidos fronte o impacto da auga de chuva podendo producir o arrastre das partículas superficiais do solo. En xeral, as características da zona de estudo fan que os valores de erosividade potencial da chuva sexan baixos. Non obstante a superficie deforestada a causa dos incendios fai que o risco de erosión neste caso sexa considerable.
- **EROSIÓN HÍDRICA.** Como se dixo con anterioridade, as características da rede hídrica municipal fan a O Valadouro especialmente vulnerable a aparición de riscos polas avenidas e polo tanto de arrastre de materiais favorecendo a erosión de zonas desprotexidas de vexetación.
- **INCENDIOS FORESTAIS.** Os valores de erosión do solo elévanse nas zonas incendiadas. Polo tanto, tendo en conta a incidencia dos lumes forestais en toda Galicia, este risco se considera grave.

## 2.7 **ÁREAS DE INTERESE ARQUEOLÓXICO, ARQUITECTÓNICO OU ETNOGRÁFICO**

A presenza de numerosos elementos de valor arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico no municipio obriga a proporcionarlles un tratamento acorde coas súas características e a natureza dos seus valores que garanta a súa protección integral e a súa posta en valor.

O patrimonio histórico -artístico rico e variado. Esta representado por xacementos arqueolóxicos, numerosos pazos, igrexas, capelas e cruceiros que salpican o territorio municipal, cunha importante oferta de festas, romarías e cunha variada gastronomía.

Grazas á fertilidade do val Valadouro presenta unha ocupación humana do territorio dende a prehistoria conservándose xacementos do Neolítico como a Arca do Chao de Padorno nos montes de Santo Tomé, nome con que se coñece o dolmen propiamente dito, sen esquecer termos vencellados ó folclore como o chamado “Forno ou casa dos mouros” na parroquia de Budián.

A cultura castrexa vencellada co Bronce Final é observable nos numerosos castros que se poden encontrar no Val e montes circundantes como o castro de Lagoa, o de Recaré, San Tomé e Castro de Ouro, de Bacoí, Santa Cilla, Budián e Santa Cruz.

A Romanización no Valadouro é indubidable. Achado de moedas romanas na zona do Cadramón e tamén utensilios de influencia romana achados nos numerosos castros do Val. Cerámica e outros materiais en poboados como o de Santa Cruz demostran a influencia romana nos séculos II ó IV.

Durante a Alta Idade Media o Val presenta aspectos ou características de territorio pouco romanizado; organización en tribus, poboación adicada ó pastoreo complementándose ás veces cunha agricultura rudimentaria e cunha moi baixa densidade de poboación.

Dende o punto de vista da cristianización o territorio aparece vencellado á comunidade bretona asentada no norte da actual provincia de Lugo.

A chegada dos musulmáns á Península no ano 711 supuxo o asentamento no Val de elementos



poboacionais procedentes do sur.

O Valadouro vive, como o resto da Galicia Medieval, dos anos 1100 ó 1330 un apoxeo do “feudalismo”, escenario de enfrontamentos entre os habitantes da Vila do Castro e o seu Alfoz e os bispos de Mondoñedo. Nesta época creáanse as estruturas que con moi poucas variantes se reproducirán na Idade Media e séculos posteriores.

Don Pedro Pardo de Cela ou o Mariscal, como se lle coñecía no século XV, está vencellado á historia do Castro de Ouro e o seu Alfoz, así a fortaleza do Castro e a súa veciña Frouseira pasan á historia por ser escenarios da súa prisión e cerco.

A antiga ermida de Santa María de Ferreira foi construída no lugar que hoxe ocupa a praza de Vila. A existencia da mesma e o desenvolvemento dun mercado corren paralelos ó longo dos séculos XVIII e XIX. Paralelamente ó derrubo da ermida constrúese a actual igrexa de Ferreira, de estilo neogótico, obra do arquitecto lucense Ruperto Sánchez (1911-1931 nave e ábsides. 1955 torre).

A importancia do mercado e o establecemento de mercaderes e comerciantes procedentes de Castela e da maragatería establecendo os seus comercios ó final das súas rutas leva á creación dun núcleo económico para o Val no século XIX. O crecemento foi rápido e constante e o 27 de Xaneiro de 1894 a rexente Dona María Cristina outórgalle a Ferreira o título de Vila.

A arquitectura civil do Valadouro encadrárase fundamentalmente entre os séculos XVII e XIX, e mostra un traballo de tipo popular. Dedúcese unha gran importancia dos nucleos rurais. A maioría dataríanse no séculos XVIII e XIX, pero polo seu uso continuado obsérvanse diversas alteracións xa do século XX, aínda que hoxe están abandonadas na súa maioría. É curiosa a situación de varias delas, ao pé do Camiño Real a Vivieiro, polo que pode deducir unha gran importancia deste vial. Destacaríanse o Nucleo de Rubas e o do Burgueiro, ámbolos dous sitios na parroquia de Vilacampa. Outros núcleos que tiveron certa importancia foron o da Rexedreira, Tanín, parroquia de A Laxe, Suaigreja e Caamonde, parroquia de Santa Cruz.

Ao pé do xa comentado Camiño Real sitúanse tamén Casas Grandes, sendo un claro expoñente a das e outra que posúe unha estrutura de tipo medieval e mostra bufardas e un arco conopial na boca do forno.

Débense destacar tamén outras Casas Grandes sitas en diferentes parroquias: en San Xiao de Recaré ten importancia a Casa do Casal, tamén coñecida como a Casa dos Abelaira ou das Cerdeiras. As Casas Torre vámolos a encontrar na parroquia de Recaré. A máis destacada é a Torre de Parga, que adquiriu importancia porque foi propiedade do Mariscal Pero Pardo de Cela. A súa orixe e a mesma que a época histórica do Mariscal, momentos das Revoltas Irmandiñas, o século XV.

Existen igrexas en cada parroquia, sendo a de Santa Cruz e a de San Xoan de A Laxe as máis representativas.

As capelas do Carme da Casela (S. XVIII) e a do barrio de Zaragoza (1753), ámbalas dúas de estilo Barroco e sitas na parroquia de Santa Cruz, tamén son destacables

Para rematar queda falar da igrexa parroquial de Ferreira, o núcleo poboacional máis grande, nomeada vila no ano 1894 pola rexente María Cristina de Borbón.

Desgraciadamente a arquitectura popular do Valadouro veuse mermada na súa maior parte polo abandono de moitas das actividades económicas que tiñan lugar. Deste xeito a maior parte dos muiños están abandonados ou simplemente xa desaparecidos. Destacan o do Pazo, Frexulfe, o de Cendemil (S.XIX), Santa Cruz, e os dous de Alaxe e o de Tanín.

A preservación do patrimonio cultural debe integrarse no planeamento e esixe establecer medidas de conservación, protección, restauración e posta en valor como un valor engadido no desenvolvemento de proxectos. Para isto, debe realizarse un traballo previo de información e identificación do patrimonio cultural e a investigación da relación dos valores culturais co territorio que permita elaborar o planeamento relacionando as novas intervencións cos estratos existentes co fin último de manter a relación natural e histórica entre a cultura e o territorio, entre a memoria e a paisaxe.

Polo tanto, os elementos do patrimonio cultural deberán ser obxecto de especial protección no planeamento sendo necesario adecuar a súa inclusión na normativa, no catálogo e nos planos de ordenación. Para tal fin será necesario levar a cabo a identificación dos bens a incluír no catálogo co fin de delimitar os bens e o seu contorno de protección, a elaboración das correspondentes fichas do catálogo e a redacción da correspondente normativa de protección destes elementos.

## 2.8 A PAISAXE

A paisaxe rural en xeral alberga áreas edificadas de baixa intensidade onde predominan as vivendas unifamiliares nas que se mesturan superficies arboradas, praderías e campos de cultivos que lle outorgan maior variedade cromática e calidade paisaxística. Normalmente, existe certa homoxeneidade desde o punto de vista topográfico o situarse en lugares mais ben deprimidos que lle confiren características de visibilidade de espazos focalizados ou pechados nos que as edificacións dispersas e a dominancia de praderías e cultivos son os que realmente condicionan os trazos mais importantes no referente a cores e a heteroxeneidade da paisaxe, moitas veces incrementada pola presenza de cursos de auga.

Un dos trazos distintivos da agricultura do lugar, é o minifundio ou o dominio da pequena e fragmentada propiedade cun sistema de cultivo intensivo pero pouco evolucionado no que non se pode falar dunha explotación tipo. Predominan aquelas que adoptan un modelo diversificado cuxa boa parte da produción esta destinada o autoabastecemento e cuxa produtividade é baixa e pouco competitiva. Unidas a estas existe un mercado reducido de explotacións que se modernizaron en técnicas e sistemas de produción (aínda que de carácter familiar) orientando a maior parte da produción ó mercado.

En xeral, a Galicia interior está configurada por dous grandes unidades paisaxísticas, a montaña e o conxunto de planicies e vales interiores que engloban un mosaico de chairas e vales fluviais nos que se suceden grandes espazos horizontais constituídos por unha combinación mais ou menos complexa de superficies aplanadas, vales fluviais, depresións sedimentarias con outros vales mais angostos ou encaixados.

O modelo de asentamento da maioría dos núcleos do concello conserva as características morfolóxicas tradicionais, trátase de pequenas entidades de poboación compostas por unha media de entre 6 e 10 vivendas por entidade.

A forma de ocupación do solo e a segregación espacial dos usos forestais, agropecuarios e residenciais no municipio está moi relacionada coa xeomorfoloxía do territorio que condiciona os asentamentos de poboación e limita o aproveitamento agrícola favorecendo o desenvolvemento das masas forestais nas zonas mais abruptas ou de maior altitude e menor accesibilidade. Así, a paisaxe rural considerase homoxénea desde un punto de vista topográfico ao situarse en lugares mais ben deprimidos que lle confiren características de visibilidade de espazos focalizados ou pechados.

En xeral, os núcleos de poboación sofren dun illamento consecuencia do paulatino abandono das súas funcións tradicionais, a estrutura parcelaria mantense, pero van perdendo poboación e as vivendas tradicionais quedan baleiras e abocadas á ruína nalgúns casos e en outros, o cambio de mentalidade que durante séculos conservou intactas as tipoloxías arquitectónicas ligadas á cultura agraria, experimentan unha precipitada transformación froito da mecanización e industrialización. Este cambio xorde sen ningún proceso de adaptación ou criterio cultural dando lugar a ampliacións e modificacións das edificacións tradicionais que implicasen ruínas e devastadores cambios nas edificacións afectadas. En definitiva a maioría das entidades de poboación de escasa identidade foron perdendo efectivos demográficos, derivado do cambio de uso e actividade dos usuarios e os que mantiveron o uso foron desvirtuando o carácter tradicional e patrimonio cultural do concello.

Actualmente as entidades rurais próximas ao núcleo urbano do concello, Ferreira: O Pazo, Tanín, Granda, A Pena, e A Portela, foron desaparecendo como tales e aparecen hoxe incluídas no "tecido urbano" ao longo ou na proximidade das principais vías de comunicación que as comunica coa capital municipal.

A grandes rasgos, no territorio de Valadouro poden distinguirse dúas paisaxes diferenciadas: por unha banda a chaira nor nordeste no contorno do val do río Ouro e pola outra o sistema montañoso que predomina cara o sur r noroeste municipal definidas a través de catro unidades de paisaxe:

#### 1. ZONA URBANA

Esta unidade inclúe a área do municipio caracterizada pola maior densidade de poboación, correspondéndose co núcleo de Ferreira, o único con características urbanas existente en Valadouro. Nesta zona a urbanización alcanza a súa máxima densidade e o mínimo grado de naturalidade.

A Zona urbana, está ocupada fundamentalmente por edificacións de tipo residencial cun aspecto visual xeométrico e case regular, sobre todo nas zonas que rodean o casco antigo e de mais recente construción, nas que predominan as cores propias das edificacións, sobre todo grises dada a dominancia da pedra como material construtivo nesta zona.

A superficie ocupada polo casco urbano presenta o carácter edificatorio mais intensivo en comparación cos demais núcleos rurais existentes en Valadouro. Non obstante, inclúe prazas e parques públicos e privados con exemplares arbóreos de interese que enriquecen a paisaxe e a elevan a calidade de vida da poboación.

Destacan dentro desta unidade urbana áreas que reúnen características de singularidade que lle imprimen un claro interese histórico -artístico ou paisaxístico, ben sexa pola calidade e antigüidade da edificación ou ben polas características do seu contorno, este é o caso, entre outros, dos Pazos

ou dos ríos Zamáns e Miñor que discorren polo núcleo urbano de Valadouro no que tamén conflúen.

## 2. ZONA RURAL

Concentrados na metade nordeste atópanse núcleos residenciais de carácter eminentemente rural nos que a altura e densidade de edificacións respecto a unidade anterior diminúe considerablemente. A xeometría segue sendo mais o menos regular e as cores son mais heteroxéneas enriquecidas polas terras de cultivo e praderías adxacentes.

Reúne tamén o sistema tradicional de aproveitamentos do medio rural galego formado por pequenas unidades de explotación agrícolas e gandeiras nos que predomina o millo e os prados de sega e dente.

En xeral, a maior parte dos núcleos que compoñen esta unidade non constitúen asentamentos claramente definidos e compactos se non que a zona orixinaria funciona como cabeceira ou centro que ostenta a toponimia e en torno a ela, de forma mais ou menos dispersa, especialmente sobre as vías de comunicación ou zonas de maior calidade paisaxística, articúlase agrupacións de vivendas unifamiliares.

## 3. REDE HÍDRICA

Esta unidade esta asociada a rede hídrica municipal, as súas ribeiras e aos bosques húmidos asociados. Destaca polo seu valor ecolóxico e paisaxístico, por ser a mellor representación do bosque autóctono e por constituír elementos de rotura de paisaxes homoxéneas.

## 4. SERRA DO XISTRAL

As particulares características desta Serra dentro do municipio levan a súa inclusión dentro dunha unidade propia.

Trátase dunha área de media montaña e relevo bastante accidentado na que se rexistran os puntos mais elevados do territorio municipal, destacable pola súa riqueza xeolóxica, biodiversidade e polos seus elementos etnográficos e arqueolóxicos.

## 3. **ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL**

O modelo de asentamento da maioría dos asentamentos do concello conserva as características morfolóxicas tradicionais, trátase de pequenas entidades de poboación compostas por unha media de entre 6 e 10 vivendas por entidade.

Os núcleos de poboación sofren dun illamento consecuencia do paulatino abandono das súas funcións tradicionais, a estrutura parceira mantense, pero van perdendo poboación e as vivendas tradicionais quedan baleiras e abocadas á ruína nalgúns casos e en outros, o cambio de mentalidade que durante séculos conservou intactas as tipoloxías arquitectónicas ligadas á cultura agraria, experimentan unha precipitada transformación froito da mecanización e industrialización, este cambio xorde sen ningún proceso de adaptación ou criterio cultural dando lugar a ampliacións e modificacións das edificacións tradicionais que implicasen ruínas e devastadores cambios nas edificacións afectadas. En definitiva a maioría das entidades de poboación de escasa identidade foron perdendo efectivos demográficos, derivado do cambio de uso e actividade dos usuarios e os que mantiveron o uso foron desvirtuando o

carácter tradicional e patrimonio cultural do concello.

Actualmente as entidades rurais próximas ao núcleo urbano do concello, Ferreira: O Pazo, Tanín, Granda, A Pena, e A Portela, foron desaparecendo como tales e aparecen hoxe incluídos no "tecido urbano" ao longo ou na proximidade das principais vías de comunicación que as comunica coa capital municipal, polo tanto o crecemento urbano destes eixes vai creando un continuo urbanizado lineal conectado coa capital e conformando un único núcleo urbano.

A zona do concello que experimenta un crecemento de vivendas corresponde co núcleo urbano de Ferreira. As restantes entidades de poboación do concello de características rurais experimentan en xeral unha regresión poboacional e habitacional.

Os principais equipamentos de carácter municipal atópanse localizados na área urbana e proximidades, concentrándose nas áreas rurais: os cemiterios, campos de festa e capelas de eido parroquial.

O núcleo urbano de Ferreira desempeña un papel esencial para o desenvolvemento das entidades rurais do resto do concello. Ademais do auxe do sector servizos, pódense constituír outras formas de diversificación económica nas áreas rurais, fomentando as potencialidades e aproveitamento dos recursos existentes no concello.

### **3.1 PARROQUIAS**

#### **3.1.1 Estrutura parroquial**

O termo municipal de O Valadouro está dividido en dez parroquias, as características demográficas e habitacionais máis importantes están contidas nos seguintes apartados.

##### **1. CARACTERÍSTICAS DEMOGRÁFICAS**

O concello de O Valadouro, contaba no ano 2.001 con 2.398 habitantes, repartidos en dez parroquias e en 182 entidades de poboación, o que representa unha media de 763 habitantes por parroquia e de 13 habitantes por entidade.

Atendendo ao tamaño poboacional destaca a parroquia de Ferreira (683 habitantes). A continuación ségueno as parroquias de; Laxar (310 habitantes), Valadouro (286 habitantes), Budián (282 habitantes), Moucide (249 habitantes) e Cadramon (224 habitantes). O resto de parroquias están por debaixo dos 150 habitantes, atopando no nivel inferior a parroquia de Vilacampa con 66 habitantes.

Ferreira, ademais de ser a parroquia con máis poboación, é tamén a que presenta maior densidade de poboación (359 habitantes/Km<sup>2</sup>). Analizando o nivel de dispersión da poboación nas parroquias, presenta un índice de 98 habitantes/entidade, cifra moi superior ás que ofrecen as demais parroquias con cifras inferiores a 25 habitantes por entidade, situándose no nivel inferior, a parroquia de Vilacampa con 4 habitantes/entidade, situada ao noroeste de concello, que se configura como a parroquia con maior dispersión do concello.

##### **2. DISTRIBUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS**

As 182 entidades de poboación, existentes no concello de O Valadouro intégranse en dez

parroquias, destacando polo seu tamaño habitacional a parroquia de Ferreira (389 vivendas), situada na zona centro-este do concello, séguenlle, pero a moita distancia, as parroquias de O Valadouro (134 vivendas) e Laxar con 129 vivendas, localizadas tamén na zona centro este contiguas á parroquia de Ferreira.

A parroquia de Ferreira polariza o 37,29% das vivendas totais do concello. Non obstante está parroquia está integrada polo núcleo de maior entidade que corresponde á capitalidade do concello. As parroquias de Laxar e O Valadouro, polarizan o 25% do parque de vivendas totais dentro do concello. As tres parroquias con maior índice de edificación polarizan entre as tres o 62,50% das vivendas totais existentes dentro do concello. É importante aclarar que o núcleo de Ferreira orixinal acabou absorbindo as entidades de: Tanín, Tras do Río, O Pazo, A Veiga, A Pena Castelá e Rexedoira. Non todas as entidades mencionadas pertencen á parroquia de Ferreira, polo que o núcleo urbano esta composto por entidades de poboación pertencentes a tres parroquias; Laxar, Ferreira e O Valadouro.

As 7 parroquias restantes polarizan o 37,5%, situándose como a menos ocupada por vivendas a parroquia de Vilacampa con 24 vivendas.

A parroquia que se observa maior densidade de vivendas é ala de Ferreira (205 vivendas/km<sup>2</sup>), destacando por enriba das demais, e as restantes ségueno en orde decrecente; Recaré (24 vivendas/km<sup>2</sup>), O Valadouro (18 vivendas/km<sup>2</sup>), Budián (12 vivendas/km<sup>2</sup>) e Laxar (10 vivendas/km<sup>2</sup>). As cinco restantes parroquias non superan as 7 vivendas/Km<sup>2</sup>.

As parroquias con maior densidade de vivendas, son as que observan tamén menor dispersión con valores de 56 viv/entidade (Ferreira), 9 viv/entidade (Laxar).

### 3. RESUMO PARROQUIAL

A parroquia con maior densidade de poboación e vivenda corresponde con a de Ferreira que inclúe a capital municipal con 359 hab/Km<sup>2</sup> e 205 viv/Km<sup>2</sup>, o resto de parroquias teñen unhas características de densidades de poboación e vivenda moi similares non superando ningunha delas as 25viv/Km<sup>2</sup>/km<sup>2</sup> e ,40 hab/Km<sup>2</sup>.

No termo municipal destaca por ter localizadas a maioría das entidades de poboación na zona este do concello de norte a sur debido ás características morfolóxicas do terreo, a excepción da parroquia de Vilacampa, localizada integramente na zona norte ao oeste do concello, a cal reparte as súas entidades de poboación deste a oeste próximas á estrada autonómica LU-161.

#### a) PARROQUIA DE BUDIÁN

Comprende 27 entidades de poboación, todas elas de carácter rural. As entidades de maior tamaño son; O Calvario, Escourido, Penaredonda e Trasisto con tan só 11, 13, 11 e 12 vivendas respectivamente, o resto de entidades non superan as 10 vivendas por entidade.

#### b) PARROQUIA DE CADRAMÓN

Comprende 23 entidades de poboación, todas elas de carácter rural. As entidades de maior tamaño son la de O Tuteilo e Fonte dá Vila e con tan só 16 e 15 vivendas, respectivamente.

## c) PARROQUIA DE FERREIRA

Comprende 6 entidades de poboación de carácter rural e unha única entidade de carácter urbano, Ferreira, que con 279 viv. e 661 hab. Constitúese no único núcleo urbano do concello.

## d) PARROQUIA DE FREXULFE

Está integrada por 21 entidades de poboación de carácter rural. As entidade de maior tamaño é; O Chaiño con tan só 12 vivendas.

## e) PARROQUIA A LAXE

Está constituída por 14 entidades de poboación, todas elas de carácter rural. A entidade de maior tamaño é nla de Tanín con 59 vivendas.

## f) PARROQUIA MOUCIDE.

Comprende 15 entidades de poboación, todas elas de carácter rural. A entidade de maior tamaño é A Granda con 16 vivendas.

## g) PARROQUIA DE RECARÉ (SAN XIAO).

Está constituída por 13 entidades de poboación de carácter rural, non superando ningunha as 5 vivendas.

## h) PARROQUIA DE RECARÉ (SANTO TOMÉ)

Está constituída por 13 entidades de poboación de carácter rural, non superando ningunha as 6 vivendas. A de maior entidade corresponde con Os Novás.

## i) PARROQUIA DE O VALADOURO (SANTA CRUZ)

Comprende 36 entidades de poboación de carácter rural. Os núcleos de maior tamaño son o de A Veiga e Vilarao con 11 e 14 vivendas. O resto de entidades desta parroquia non supera as 8 vivendas por entidade.

## j) PARROQUIA DE VILACAMPA

Comprende 16 entidades de poboación de carácter rural. Ningunha delas supera as 4 vivendas por entidade.

Parroquia	Superficie (Km2)	Entidades (nº)	Ocupación (Ent./Km2)	Poboación			Vivendas		
				Poboación 2.001 (Hab.)	Densidade (Hab/Km2)	Nivel de dispersión (Hab/Entid)	Vivendas 2001 (nº)	Densidade (Viv/ Km2)	Nivel de dispersión (Viv./Entid)
1. - BUDIÁN (Santa Eulalia)	7,5	27	3,6	282	38	11	92	12	3
2. - CADRAMÓN, O (San Xurxo)	33,1	23	0,7	224	7	10	81	2	4
3. - FERREIRA (Santa María)	1,9	7	3,7	683	359	98	389	205	56
4. - FREXULFE (Santa Eulalia)	11,9	21	1,8	146	12	7	55	5	3
5. - LAXE, A (San Xoán)	12,5	14	1,1	310	25	22	129	10	9
6. - MOUCIDE (Santo Estevo)	12,5	16	1,3	249	20	16	85	7	5
7. - RECARÉ (San Xíao)	1,2	14	11,7	79	66	6	29	24	2
8. - RECARÉ (Santo Tome)	7,5	17	2,3	73	10	4	25	3	1
9. - VALADOURO (Santa Cruz)	7,5	43	6	286	38	7	134	18	3
10. - VILACAMPA (Santa María)	20,5	21	1	66	3	3	24	1	1
<b>TOTAL</b>	<b>16,1</b>	<b>182</b>	<b>1,6</b>	<b>2.398</b>	<b>21</b>	<b>13</b>	<b>1.043</b>	<b>9</b>	<b>6</b>



## 3.2 ENTIDADES DE POBOACIÓN

O cadro nº 10 contén a relación de entidades de poboación existentes no concello de O Valadouro, con expresión para cada unha delas da súa poboación e número de vivendas, así como a súa evolución no período 1.981/2001. Na toponimia do ano 2001, os datos de poboación e vivenda nalgunhas entidades de poboación son nulos.

Incluídos no cadro nº 10 quedan recollidas todas as entidades de poboación tomando como base a toponimia do 2001. Na columna de observacións recóllense as diferenzas entre os datos oficiais da toponimia e os datos do Instituto Nacional de Estatística do mesmo período. Obsérvase que existen un grupo de entidades de poboación que carecen de datos oficiais do INE.

### 3.2.1 Clasificación das entidades de poboación

Para establecer a clasificación das entidades de poboación existentes en O Valadouro, o Prego de Condicións Técnicas da Xunta de Galicia para a elaboración dos Plans Xerais especifica que: "a clasificación realizarase por categorías: cidade, vila, aldea, barrio, lugar, casal, etc. e se tal non resulta operativa por as características concretas do concello, deberán diferenciarse os tipos de entidades de poboación en atención ao seu tamaño, disposición, densidade, función, xerarquía, etc."

No termo municipal, dadas as características das entidades de poboación existentes, óptase por establecer a súa clasificación, atendendo ás variables de tamaño, disposición, densidade, etc., citadas anteriormente.

#### 1. TAMAÑO

Atendendo ao tamaño poboacional e habitacional, no concello de O Valadouro destaca a capital municipal, Ferreira, con 854 habitantes e 469 vivendas. Entre este grupo e o seguinte existe unha grande diferenza de tamaño incluíndose o resto de entidades do concello no grupo de entidades que non superan as 25 vivendas por entidade, trátase dun grupo de entidades moi pequenas

#### 2. DISPOSICIÓN

Atendendo á disposición das entidades de poboación no territorio municipal, estas poden localizarse illadas e diferenciadas doutras entidades ou ben contiguas por proximidade pero conservando a súa propia entidade. No plano nº I.14 diferéncianse os asentamentos de poboación de entidade e de varias entidades.

#### 3. DENSIDADE

A densidade de edificación constitúe un trazo diferenciador moi importante para avaliar se unha determinada agrupación de vivendas, ten unha densidade de vivendas crítica que permita ou non constituír un núcleo de poboación.

No plano nº I.16 determinanse as densidades de vivenda existentes no territorio. As densidades máis altas corresponden ao núcleo capital e ao núcleo de Tanín, descendendo notablemente a densidade nos demais entidades de poboación do concello.

#### 4. FUNCIÓN

O núcleo capital, Ferreira, o de maior tamaño do concello en poboación e vivenda. Ademais é o centro que aglutina todas as dotacións públicas de equipamento e espazos libres, o comercio e as actividades produtivas vinculadas principalmente ao sector industrial e terciario. Polo tanto o seu eido de influencia esténdese a todo o concello.

No núcleo de Tanín, segundo en tamaño do concello, a oferta de dotacións públicas de equipamento son moi inferiores ás do núcleo de capital (ver plano nº1.20) e o nivel de servizo destes equipamentos limitáanse ao eido parroquial.

Nas demais entidades de poboación existentes, destacan pola súa función unicamente aquelas entidades (centros parroquiais) que dispoñen de dotacións de equipamento. Estas dotacións en todos os casos teñen un nivel de servizo de eido parroquial e están constituídas por escolas, locais sociais, pistas polideportivas, igrexas, capelas, cemiterios e campos de festa.

Compatibilizando totaldas variables citadas anteriormente, o sistema de entidades de poboación existentes no concello de O Valadouro clasificouse nas seguintes categorías:

- ENTIDADE PRINCIPAL: Ferreira (capital municipal).
- ENTIDADES MOI PEQUENAS: As demais entidades de poboación existentes.

**CADRO Nº 10.- ENTIDADES DE POBOACIÓN EXISTENTES**

Tamaño das entidades	Vivendas (2001)		Poboación(2001)		Clasificación
	Nº	%	Hab.	%	
MAIOR DE 450 VIV. Ferreira+Tanin+O Pazo+Granda+ A Portela+A Pena+ A Rexedoira	472	45,0	874	36,44	PRINCIPAL
TOTAL	472	45,0	874	36,44	
ENTRE 25 E 15 VIV. A Cabanela A Granda	15 16	1,44 1,53	36 47	1,50 1,96	MOI PEQUENAS
TOTAL	31	2,97	83	3,46	
ENTRE 14 E 5 VIV. 40 Entidades	274	26,55	775	32,31	MOI PEQUENAS
TOTAL	274	26,55	775	32,31	
MENOR DE 5 VIV. 126 Entidades	266	25,50	666	27,77	MOI PEQUENAS
TOTAL	266	25,50	666	27,77	
TOTAL CONCELLO	1.043	100	2.398	100	

**CADRO Nº 11.- RELACIÓN DAS ENTIDADES DE POBOACIÓN, EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN E DO PARQUE DE VIVENDAS. (CONCELLO DE O VALADOURO)**

Parroquia/Entidade	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Observacións
	1981	2001			1981	2001			
<b>1. -BUDIÁN (Sta. Eulalia)</b>	<b>384</b>	<b>282</b>	<b>-26,56</b>	<b>negativa</b>	<b>136</b>	<b>92</b>	<b>-32,35</b>	<b>negativa</b>	
Amarela, A	17	15	-11,76	negativa	4	4	0	nula	
Arnela, A	9	5	-44,44	negativa	2	2	0	nula	
Budián de Redeiro	8	14	75	positiva	2	2	0	nula	
Calvario, O	38	29	-23,68	negativa	11	13	18,18	estacionaria	
Casal de Diego	9	18	100	positiva	5	5	0	nula	
Casás, Os	18	13	-27,78	negativa	5	3	-40	negativa	
Centeás	6	5	-16,67	negativa	3	2	-33,33	negativa	
Corveira	3	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Coto dá Rega	--	6	--	--	--	1	--	--	Non figura en Censo 1981
Escourido	17	6	-64,71	negativa	13	2	-84,62	negativa	
Freitemunde	3	10	233,33	positiva	2	2	0	nula	
Granda, A	24	7	-70,83	negativa	6	3	-50	negativa	
Lobeira	21	18	-14,29	negativa	5	5	0	nula	
Machuco, O	2	3	-50	--	5	3	-40	negativa	
Pena Redonda	32	24	-25	negativa	11	9	-18,18	estacionaria	
Pereiros	11	2	-81,81	negativa	3	1	-66,67	negativa	
Porto dá Vaca, O	SD	1	--	--	2	1	-50	negativa	
Pradia	27	13	-51,85	negativa	7	5	-28,57	negativa	
Reguengo, O	3	2	33,33	negativa	1	1	0	nula	
Requeixo, O	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001

Parroquia/Entidade	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Observacións
	1981	2001			1981	2001			
Retorno, O	SD	--	--	--	3	--	--	--	Non figura en INE 2001
San Cristovo	25	19	-24	negativa	6	5	-16,67	estacionaria	
Sara, A	13	6	-53,85	negativa	7	2	-71,43	negativa	
Telleira, A	20	10	-50	negativa	7	3	-57,14	negativa	
Trasisto	43	31	-27,91	negativa	12	10	-16,67	estacionaria	
Vedreiro, O	15	8	-46,67	negativa	4	2	-50	negativa	
Vilacemil	20	17	-15	negativa	8	6	-25	estacionaria	
<b>2. - O CADRAMÓN (San Xurxo)</b>	<b>345</b>	<b>224</b>	<b>-35,07</b>	<b>negativa</b>	<b>121</b>	<b>81</b>	<b>-33,06</b>	<b>negativa</b>	
Abelleira, A	8	3	-62,5	negativa	5	1	-80	negativa	
Albardo, O	26	17	-34,62	negativa	6	6	0	nula	
Andamil	11	8	-27,27	negativa	3	3	0	nula	
Balsa, A	5	6	20	positiva	3	2	-33,33	negativa	
Bustomeao	8	2	-75	negativa	3	1	-66,67	negativa	
Campo, O	24	16	-33,33	negativa	11	6	-45,45	negativa	
Cancelas, Ás	4	4	0	nula	1	1	0	nula	
Arcea	5	1	-80	negativa	1	1	0	nula	
Cortegaza	7	4	-42,86	negativa	3	3	0	nula	
Veigas, Ás	8	7	-12,5	negativa	3	2	-33,33	positiva	
<b>3. - FERREIRA (Santa María)</b>	<b>718</b>	<b>683</b>	<b>-4,87</b>	<b>negativo</b>	<b>299</b>	<b>389</b>	<b>30,1</b>	<b>positiva</b>	
Cabezán	3	1	-66,67	negativa	2	1	-50	negativa	
Castelá, A	20	14	-30	negativa	7	6	-14,29	estacionaria	
Ferreira	661	642	-2,87	negativa	279	375	34,41	positiva	

Parroquia/Entidade	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Observacións
	1981	2001			1981	2001			
Pena, A	19	24	-26,32	positiva	7	6	-14,29	estacionaria	
Piñeiros, Os	11	0	-100	negativa	2	-	--	--	Non figura en INE Vivendas 2001
Rebuxento	3	2	-33,33	negativa	1	1	0	nula	
Reirado, O	1	0	100	negativa	1	-	--	--	Non figura en INE Vivendas 2001
<b>4. - FREXULFE (Santa Eulalia)</b>	<b>263</b>	<b>146</b>	<b>-44,49</b>	<b>negativo</b>	<b>79</b>	<b>55</b>	<b>-30,38</b>	<b>negativa</b>	
Abelleira, A	5	2	-60	negativa	1	1	0	nula	
Aniño	11	5	-54,55	negativa	3	2	-33,33	negativa	
Baer	SD	--	--	---	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Cazcalleira, A	4	4	0	nula	4	2	-50	negativa	
Cerdeiras	12	16	33,33	positiva	5	7	40	positiva	
Chaíño, O	65	27	-58,46	negativa	17	12	-29,41	positiva	
Couso	8	0	-100	nula	3	--	--	--	Non figura en INE Vivendas 2001
Coutomil	6	4	-33,33	negativa	1	1	0	nula	
Escallal, O	14	6	-57,14	negativa	4	3	-25	estacionaria	
Freixido	15	11	-26,67	negativa	5	4	-20	negativa	
Galegos, Os	6	4	-33,33	negativa	1	1	0	nula	
Lagar, O	14	8	-42,86	negativa	5	4	-20	estacionaria	
Leirado, O	13	14	7,69	positiva	3	4	-33,33	negativa	
María Arteira	17	7	-58,82	negativa	5	2	-60	negativa	Non figura en Toponimia Xunta
Painzás	11	3	-72,73	negativa	2	1	-50	negativa	
Pazo, O	12	2	-83,33	negativa	3	1	-66,67	negativa	
Piñeiro	9	1	-88,89	negativa	3	1	-66,67	negativa	

Parroquia/Entidade	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Observacións
	1981	2001			1981	2001			
Soloso, O	21	19	-9,52	negativa	5	5	0	nula	
Suaigreja	SD	2	--	--	1	1	0	nula	
Teixeda	7	4	-42,86	negativa	2	1	-50	negativa	
Vilaestremil	11	4	-63,64	negativa	3	1	-66,67	negativa	
Vilares	2	3	50	positiva	2	1	-50	negativa	
<b>5. - Laxar, A (San Xoán)</b>	<b>437</b>	<b>310</b>	<b>-29,06</b>	<b>negativa</b>	<b>152</b>	<b>129</b>	<b>-15,13</b>	<b>negativa</b>	
Augarrió	20	12	-40	negativa	6	5	-16,67	estacionaria	
Cabras Figas, Ás	17	4	-76,47	negativa	7	3	-57,14	negativa	
Casela, A	4	2	-50	negativa	4	1	-75	negativa	
Granda, A	10	10	0	nula	6	3	-50	negativa	
Mansián	31	30	-3,23	negativa	11	9	-18,18	estacionaria	
Pazo, O	91	23	-74,73	negativa	10	10	0	nula	
Pedreira, A	8	6	-25	negativa	3	2	-33,33	negativa	
Penas dan Laxar, Ás	24	14	-41,67	negativa	14	5	-64,29	negativa	
Portela, A	30	22	-26,67	negativa	11	8	-27,27	negativa	
Rexedoira, A	29	22	-24,14	negativa	11	11	0	nula	
Ribadela, A	12	17	41,67	positiva	9	6	-33,33	negativa	
Tanín	126	131	3,97	positiva	47	59	25,53	estacionaria	
Tras dous Ríos	29	12	-58,62	negativa	11	6	-45,45	negativa	
Zaragoza	6	5	-16,67	negativa	2	1	-50	negativa	
<b>6. - MOUCIDE (Santo Estevo)</b>	<b>304</b>	<b>249</b>	<b>-18,09</b>	<b>negativa</b>	<b>101</b>	<b>85</b>	<b>-15,84</b>	<b>estacionaria</b>	
Barbeita	16	15	-6,25	negativa	5	5	0	nula	

Parroquia/Entidade	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Observacións
	1981	2001			1981	2001			
Barreira, A	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Campón, O	21	25	19,05	positiva	12	9	-25	estacionaria	
Casanova, A	15	11	-26,67	negativa	8	5	-37,5	negativa	
Granda, A	51	47	-7,84	negativa	18	16	-11,11	estacionaria	
Gúín	43	30	-30,23	negativa	12	9	-25	estacionaria	
Igrexa, A	9	3	-6,67	negativa	4	3	-25	estacionaria	
Lourido	25	12	-52	negativa	7	6	-14,29	estacionaria	
Muxilán	5	2	-60	negativa	2	1	-50	negativa	
Outeiro, O	18	15	-16,67	negativa	5	4	-20	estacionaria	
Pé de Arosa, O	31	17	-45,16	negativa	8	7	-12,5	estacionaria	
Pena, A	--	3	--	--	--	1	--	--	Non figura en Censo 1981
Ponche, A	40	33	-17,5	negativa	11	9	-18,18	estacionaria	
Ruibal, A	11	10	-9,09	negativa	3	3	0	nula	
Teixoeira, A	11	11	0	nula	2	2	0	nula	
Vilares	8	15	87,5	positiva	3	5	66,67	positiva	
<b>7. - RECARÉ (San Xíao)</b>	<b>111</b>	<b>79</b>	<b>-28,83</b>	<b>negativa</b>	<b>37</b>	<b>29</b>	<b>-21,62</b>	<b>negativa</b>	
Alvariña, A	18	5	-72,22	negativa	7	4	-42,85	negativa	
Alvaroxil, O	4	6	50	positiva	2	2	0	nula	
Carballas, Ás	2	6	200	positiva	1	1	0	nula	
Casal	4	4	0	nula	2	2	0	nula	
Catadoiro, O	4	3	-25	negativa	2	2	0	nula	
Escouredo, O	9	5	-46,44	negativa	2	2	0	nula	

Parroquia/Entidade	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Observacións
	1981	2001			1981	2001			
Fonte dá Vila, A	11	6	-45,45	negativa	3	4	33,33	positiva	
Fornos	12	10	-16,67	negativa	3	4	33,33	positiva	
Mercurín	6	6	0	nula	1	1	0	nula	
Pazo, O	8	5	-37,5	negativa	2	1	-50	negativa	
Sa	18	13	-27,78	negativa	7	3	-57,14	negativa	
Torre, A	8	5	-37,5	negativa	1	1	0	nula	
Torrullón, O	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Trasmil	7	5	-28,57	negativa	2	2	0	nula	
<b>8. – RECARÉ (Santo Tome)</b>	<b>123</b>	<b>73</b>	<b>-40,65</b>	<b>negativa</b>	<b>41</b>	<b>25</b>	<b>-39,02</b>	<b>negativa</b>	
Alvite	12	9	-25	negativa	2	2	0	nula	
Casal do Rico	9	1	-88,89	negativa	3	1	-66,67	negativa	
Casas de Baixo, Ás	13	5	-61,54	negativa	4	2	-50	negativa	
Casas de Riba, Ás	9	7	-2,22	negativa	3	2	-33,33	negativa	
Esqueira	7	5	-28,57	negativa	2	1	-50	negativa	
Estibada, A	5	3	-40	negativa	2	1	-50	negativa	
Fonte de Alvite, A	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Laranxeiras, A	11	3	-72,73	negativa	5	3	-40	negativa	
Muxueira, A	5	4	-20	negativa	2	2	0	nula	
Navallo, O	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Novás, Os	27	18	-33,33	negativa	5	6	20	estacionaria	
Pardellas	--	1	--	--	--	1	--	--	Non figura en Censo 1981
Pedralba	8	6	-25	negativa	1	1	0	nula	



Parroquia/Entidade	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Observacións
	1981	2001			1981	2001			
Pedrouzos	15	11	-26,67	negativa	4	3	-25	estacionaria	
Puñín	2	0	-100	negativa	4	--	--	--	Non figura en INE Vivendas 2001
Verdeal, A	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Xurucido	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
<b>9. - SANTA CRUZ DO VALADOURO (Santa Cruz)</b>	<b>395</b>	<b>286</b>	<b>-27,6</b>	<b>negativa</b>	<b>148</b>	<b>134</b>	<b>-9,46</b>	<b>estacionaria</b>	
Albares	11	6	-45,45	negativa	5	5	0	nula	
Bandexa	SD	4	--	--	1	1	0	nula	En Censo 1981 figura en Vilacampa
Bardoleiras	4	2	-50	negativa	2	2	0	nula	
Bermún	15	9	-40	negativa	5	6	20	positiva	
Cabanas	12	6	-50	negativa	2	2	0	nula	
Cabanela, A	41	36	-12,2	negativa	14	15	7,14	positiva	
Camonde	5	6	20	positiva	3	3	0	nula	
Carballas, Ás	3	1	-66,67	negativa	2	1	-50	negativa	
Carreira, A	SD	8	--	--	3	3	0	nula	
Casanova, A	9	7	-22,22	negativa	3	3	0	nula	
Casela, A	SD	0	--	--	3	1	-66,67	negativa	
Cendemil	30	23	-23,33	negativa	12	9	-25	estacionaria	
Cernadela	3	0	-100	negativa	2	4	100	positiva	
Couto, O	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001

Parroquia/Entidade	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Observacións
	1981	2001			1981	2001			
Curuxeiras, Ás	16	7	-56,25	negativa	2	1	-50	negativa	
Fontelo	5	12	140	positiva	3	5	66,67	positiva	
Fraxope	3	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Gatoi	14	2	-85,71	negativa	5	3	-40	negativa	
Gradaílle	7	3	-57,14	negativa	2	2	0	nula	
Lamas, Ás	12	0	-100	negativa	4	3	-25	estacionaria	
Lapa, A	18	2	-88,89	negativa	5	3	-40	negativa	
Leas, As	2	3	50	positiva	1	2	100	positiva	
Liñares	5	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Lodeiros	29	25	-13,79	negativa	9	8	-11,11	estacionaria	
Machuco, O	--	5	--	--	--	1	--	--	Non figura en Censo 1981
Pazos	4	6	50	positiva	1	2	100	positiva	
Pedregal, O	4	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Pedrido	11	5	-54,55	negativa	5	3	40	negativa	
Portelo, O	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Rego dá Pía, O	7	1	-85,71	negativa	2	1	-50	negativa	
Revolta, A	6	1	-83,33	negativa	2	1	-50	negativa	
Río Cabreiro	24	23	-4,17	negativa	9	6	-33,33	negativa	
Sabugueira	8	0	-110	negativa	5	2	-60	negativa	
San Cosme	SD	4	--	--	1	2	100	positiva	
Soutiño	--	1	--	--	--	1	--	--	Non figura en Censo 1981
Suaigreja	3	5	66,67	positiva	3	1	-66,67	negativa	

Parroquia/Entidade	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Observacións
	1981	2001			1981	2001			
Torre, A	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Valiña Boa	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Vao	4	4	0	nula	1	1	0	nula	
Veiga, A	31	28	-9,68	negativa	9	11	22,22	estacionaria	
Vilar, O	14	6	-57,14	negativa	5	4	-20	estacionaria	
Vilarao	26	32	23,08	positiva	8	14	75	positiva	
Zaragoza	9	3	-66,67	negativa	3	2	-33,33	negativa	
<b>10. - VILACAMPA (Santa María)</b>	<b>104</b>	<b>66</b>	<b>-36,54</b>	<b>negativa</b>	<b>39</b>	<b>24</b>	<b>-38,46</b>	<b>negativa</b>	
Abelleira, A	9	6	-33,33	negativa	2	2	0	nula	
Azoreira, A	5	1	-80	negativa	1	1	0	nula	
Bandexa, A	SD	1	--	--	1	1	0	nula	
Burgo, O	8	--	--	--	2	--	--	--	Non figura en INE 2001
Burgueiros, Os	3	1	-66,67	negativa	1	1	0	nula	
Campo Pequeno	4	0	-100	negativa	2	--	--	--	Non figura en INE Vivendas 2001
Carballo, O	2	2	0	nula	1	1	0	nula	
Carregal, O	5	16	220	positiva	2	4	100	positiva	
Casás, Os	3	2	-33,33	negativa	1	1	0	nula	
Couto, O	3	4	33,33	positiva	1	1	0	nula	
Cruz, A	3	6	100	positiva	1	2	100	positiva	
Limpadoiro, O	2	--	--	--	2	--	--	--	Non figura en INE 2001
Modia, A	2	1	-50	negativa	1	1	0	nula	
Muíño, O	2	0	-100	negativa	1	--	--	--	Non figura en INE Vivendas 2001

Parroquia/Entidade	Poboación (Hab)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Vivendas (Nº)		Variación (%)	Tendencia 81/01	Observacións
	1981	2001			1981	2001			
Rego Dereito	2	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Requeixo, O	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Rozas	16	10	-37,5	negativa	3	3	0	nula	
Rubás, O	SD	--	--	--	1	--	--	--	Non figura en INE 2001
Silvosa, A	25	8	-68	negativa	7	2	-71,43	negativa	
Tarreo dá Corte, O	3	1	-66,67	negativa	1	1	0	nula	
Trobo, O	7	7	0	nula	6	3	-50	negativa	
<b>TOTAL</b>	<b>2.921</b>	<b>2.398</b>	<b>-17,9</b>	<b>negativa</b>	<b>1.053</b>	<b>1.043</b>	<b>-0,95</b>	<b>nula</b>	

**FONTES:**

- Censo de Poboación de España de 1981
- Nomenclátor. Provincia de Lugo. INE
- Nomenclátor de Lugo. INE -2001
- Elaboración propia

### 3.3 CARACTERÍSTICAS DOS ASENTAMENTOS TRADICIONAIS

#### 3.3.1 Estrutura do viario

Podemos distinguir dous tipos de estrutura viaria a nivel municipal; por un lado o viario de conexión entre asentamentos que establece as comunicacións dos asentamentos entre se e o viario do asentamento establece as comunicacións do núcleo coas zonas de produción agrícolas, forestais

As principais arterias de comunicación do concello de O Valadouro co exterior son a estradas autonómicas LU-161, LU-162 LU-163, de titularidade autonómica, que atravesan o concello de norte a sur e deste a oeste, a rede viaria se complementa co resto de estradas provinciais que establecen un viario de conexión entre todas as entidades de poboación e o viario de asentamento de titularidade municipal que establece a conexión da zonas de produtivas cos núcleos rurais

Nun terceiro nivel a escala de núcleo atopamos o viario interior dos núcleos rurais. As distintas construcións nos asentamentos, algunhas delas aparecen unidas entre medianeiras dando lugar a camiños estreitos, con rúas de escasa sección que buscan o trazado das curvas de nivel. Todo iso formando un conxunto homoxéneo articulado por unha rede de camiños que comunica e relaciona unhas aldeas con outras.

#### 3.3.2 Características do parceiro

Trátase dun concello baseado en pequenas explotacións. O número de parcelas descendeu considerablemente. A súa produción ten un carácter tradicional, dirixido fundamentalmente ao autoconsumo. Os principais cultivos son millo, patacas, trigo e produtos hortofrutícolas alternados coas pradarías.

#### 3.3.3 Localización das vivendas e das edificacións adxectivas

Debido á aptitude agrícola e gandeira xunto coa topografía da zona, existen numerosas construcións adxectivas as características das cales cando se trata de núcleos pechados con casarío denso, a escaseza de espazo dentro dos núcleos dá orixe a que os hórreos, cortes e alpendres cheguen a formar parte do núcleo.

As cortes son as dependencias máis directamente ligadas á casa, dado o constante coidado que precisan os animais e a calor que desprenden, o cal é aproveitado para dar mais confort á planta primeira da vivenda, polo tanto o mais habitual é que o gando se sitúe na planta baixa da vivenda.

O hórreo, e os secadoiros son as construcións máis importantes dentro do conxunto produtivo da zona, constitúen unha das máis significativas achegas arquitectónicas á hora de conformar a paisaxe, así como un elemento peculiar da xeografía do concello.

Normalmente este tipo de agrupacións enténdense pola necesidade de buscar unha mellor ventilación para os celeiros, razón pola que adoitan aparecer, cunha orientación uniforme, nun lugar alto ou aberto onde o vento circule con facilidade. É habitual atopar este tipo de conxuntos dentro do concello aproveitando espazos xa conformados dentro do propio lugar, un exemplo desta particularidade

atopámola no núcleo de Anzas, onde o hórreo busca un lugar elevándose por enriba da rúa.

Os secadoiros ou popularmente denominadas "palleiras", normalmente utilízase para gardar a herba e a palla seca para alimentar ao gando durante os meses mais duros do inverno, polo que consecuentemente se adoita situar nun lugar próximo á corte e coa situación correcta para ter ventilación e evitar as humidades.

Os pozos non teñen unha situación concreta dentro da organización espacial das construcións adxectivas, senón que dependerá directamente doutro tipo de factores; vexetación, humidade do terreo,..., dito localización procurará situarse á maior distancia posible das cortes e próximo á cociña, nalgúns casos, o pozo pode aparecer nos muros da casa ou mesmo no seu interior.

### 3.3.4 **Peches das parcelas**

Dentro do Concello de O Valadouro, os peches máis comunmente utilizados como deslinde entre parcelas son principalmente de tres tipos;

- Por un lado a utilización de estacas de madeira unidas mediante un arame metálico.
- Peches vexetais de silvas continuadas polo propio terreo
- Os máis habitualmente utilizados nos núcleos rurais e bordeando os camiños son; os muros de cachotaría no seu estado natural.

### 3.3.5 **Superficies comunitarias**

Existen un grande número de espazos arquitectónicos que serven como lugar de relación e comunicación para a comunidade. As fontes as prazas, as "eiras" ou os recintos feiriais son espazos públicos utilizados pola totalidade dos veciños.

Un lugar de encontro mais directamente ligado á arquitectura relixiosa que á popular é o espazo aberto que se xera diante das igrexas parroquiais, xeralmente lousado e pechado por un muro de baixa altura onde a comunidade de veciños realiza a maior parte das súas reunións os domingos despois da misa.

As prazas son espazos públicos non planificados que xorden normalmente na encrucillada dos camiños ou como localización entorno á "eira", onde o campesiño acaba utilizándoo como lugar de encontro e relación. Polo xeral son espazos que se reducen a unha simple explanada de terra, case sempre cuberta de árbores e rodeada de edificios e peches de terreos sen ningunha aliñación determinada, sempre cruzada por unha ou dúas vías principais.

## 3.4 **CARACTERÍSTICAS DAS CONSTRUCIÓN TRADICIONAIS**

### 3.4.1 **Elementos que conforman a unidade residencial/productiva**

A unidade célula agrícola confórmana un conxunto de edificacións compactas o centro das cales é a vivenda, arredor da cal están todos os elementos produtivos e de subsistencia da comunidade familiar.

A base económica da maioría das entidades do concello están altamente ligados á agricultura e gandaría, polo tanto a organización da vivenda e as construcións adxectivas están ligadas ao tipo de

explotación.

As diferentes funcións da vivenda non se desenvolven nun só corpo edificado, senón que en torno a un núcleo central (vivenda) se desenvolven unha serie de volumes, que normalmente aparecen en corpos independentes preto da vivenda ou pegadas a ela, noutros caso trátase dunha arquitectura caracterizada por un rotundo e limpo volume prismático con cubertas a catro augas nas que polo xeral non aparecen edificacións pegadas de ningún tipo. Este tipo de edificacións consta de dúas plantas, na baixa localízanse as cortes e a cociña separadas por un corredor ou corredor que une as dúas fachadas denominado localmente como "pasadeiro"

As edificacións independentes máis características dentro da organización das unidades residenciais/productivas son os hórreos e "palleiras", dos cales falaremos a continuación:

O tipo de hórreo máis característico dentro do territorio municipal de O Valadouro é un hórreo de planta rectangular alongada, de cámara moi estreita e alta, a suspensión é alta, ápoíase sobre dous muretes de cachotaría que continúan coa mesma sección ás paredes menores da cámara (penais). As paredes maiores son totalmente de madeira. O teito é de lousa a catro augas, dous maiores sobre os costais que determinan a aresta lonxitudinal e dous menores sobre os penais.

O acceso é sempre exterior, en moitos caso non existe escaleira construída, sobe por unha de man, pero como a suspensión é alta é habitual atopar unha escaleira de pedra, na dirección lonxitudinal do hórreo e sen alcanzar o umbral da cámara. A cuberta leva pedras soltas para asegurar as láminas de lousa contra o vento.

Dentro do Concello de O Valadouro atopamos dende exemplos de alpendres da topoloxía máis primitivos realizada con elementos vexetais, composto dunha armazón triangulada de paus a dúas augas coas vertentes recubertas ata o solo de ramas de árbores da zona. A partir deste exemplo xorde a introdución dos muros portantes de granito construídos de forma moi precaria, que dan lugar aos exemplos máis xeneralizados dentro do concello.

"Os alpendres" son as dependencias de almacenamento máis usuais dentro do Concello de O Valadouro e coa mesma antigüidade que as vivendas tradicionais. Aínda que se destinan a moitos fins a súa fundamental misión é a do almacenamento, a finalidade primordial é a de salvagardar das inclemencias do tempo o carro e todas as ferramentas de traballo do campo, tamén son un lugar onde se localiza o "obradoiro" para facer traballos de artesanía, ben polos propios agricultores ou polos que teñen unha dedicación máis completa en certos oficios, como os: canteiros, cesteiros, carpinteiros, etc.

Nestas edificacións os días de mal tempo realízanse moitas de taralas domesticas e agrícolas; desfollar o millo, cortar a leña, pelar certos legumes,... os de máis complexidade acollen baixo o seu teito outras dependencias que xeralmente se atopan na vivenda, o forno e ás veces, tamén, as cortes e o galiñeiro, ou fai a función de almacén de palla cando non existe unha construción dedicada a iso.

Dentro do Concello de O Valadouro aparecen os muíños hidráulicos de río, a maioría deles en bastante mal estado de conservación, sitúanse nas ribeiras das correntes de auga que aproveita a forza motora xerada polo movemento e peso da auga, sendo frecuente a transformación dos grans de cereais en fariña

Dende o punto de vista arquitectónico componse de varias partes: presa e comporta para a captación da auga, pozo para o seu almacenamento, a canle que contén a auga para activar, o rodicio coa súa forza e por ultimo a edificación do muíño propiamente dita.

O espazo interior consta dunha zona con solo de madeira, pedra ou terra e outra construída a base de grandes lousas de pedra que salvan a distancia entre os muros laterais da cavidade inferior e que soportan o peso do pé e a moenda. a cavidade inferior do muíño onde atopa o rodicio esta composto por dúas paredes laterais unha delas cun ou varios ocos dependendo das dimensións do muíño, para dar saída á auga a través da canle.

Outra construción adxectiva, asociada á vivenda e de grande importancia e presenza dentro da arquitectura popular do municipio de Valadouro son os pozos, presente en case todas as unidades produtivas e residenciais ou en zonas publicas. Adóitase localizar próximo á casa vivenda para facilitar o seu uso. A tipoloxía característica deste municipio é de pozo cuberto e pechado por muros de cachotería ou cantería e cubertos por un telladiño de armazón de madeira e cuberta de lousa. Polo xeral todos os pozos dispoñen dunha zona onde pousar o cubo. Outra construción destinada a aproveitar a abundancia de auga son as fontes, con diversas solucións e localizacións variadas, dentro do Concello de Valadouro localizáronse dous tipos; por un lado a fonte de manancial e a fonte de cano, que consiste nun burato que leva unha saída de auga sobre unha soleira de pedra que contén unha canle por onde circula a auga..

Noutros casos, tamén habituais dentro do Concello de O Valadouro, aparecen edificacións independentes da vivenda principal, que concentran dentro da mesma superficie o alpendre, "palleira e corte. O mal estado de conservación das edificacións tradicionais levou, na actualidade que algunhas vivendas tradicionais en estado practicamente ruinoso se utilicen hoxe en día como alpendres, e cortes.

Os fornos son pequenas construcións, que se utilizaban orixinalmente para cocer o pan, é importante estudar e analizar esta estrutura posto que foi un factor importante na economía agraria da vida rural, aparecendo, nalgúns casos como propiedade individual e noutros como propiedade comunitaria, é por iso que a súa localización responde ao carácter da súa propiedade. Dentro do Concello de O Valadouro aparecen asociados á vivenda ou en edificacións independentes próximas á vivenda nun alpendre.

As características destas construcións adxectivas corresponden a unha construción de planta semicircular con muros de cachotería e cuberta de lousas de lousa a unha auga, como único oco cara ao exterior pode aparecer unha pequena ventá, o acceso realízase dende dentro de ala edificación. A organización espacial é moi sinxela, consta dun espazo que contén a ambos os dous lados dos muros laterais unha plataforma horizontal, denominada "tendais" onde se daba forma á masa e a continuación o forno que ocupa todo o ancho de ala construción. A localización destas construcións aparece normalmente vinculada coa vivenda.

### 3.4.2 **Organización arquitectónica**

Atópanse dúas variedades de alternativas; por un lado os núcleos de poboación composto de pequenas aldeas disgregadas, formada por un pequeno número de casas ou granxas illadas ou entre medianeiras, agrupadas en barrios de forma profusa.



Xeralmente a vivenda campesiña consta dunhas características propias, perfectamente diferenciadas, xeradas polo singular modo de vida dos seus usuarios.

## 1. CASA VIVENDA.

Dentro do concello do O Valadouro podemos dividir a topoloxía das vivendas dentro das entidades de poboación en dúas categorías, por un lado a casa bloque illada e por outro a casa composta. Ambas as dúas topoloxías comparten características construtivas: Trátase de edificacións construídas con lousas de cachotería, consolidado, ás veces, con morteiro de barro e nalgunhas ocasións recuberta con algún revestimento, desaparecido hoxe en día, pola mala calidade.

As cubertas constrúense con lousas irregulares de bo tamaño de lousa, dependendo da tipoloxía; casa bloque ou casa composta a cuberta é de tres ou catro augas para o primeiro caso e de dúas augas para o segundo. A cumieira é paralela á fachada e non conta con máis aleiro que un pequeno voo de 10 a 20 cm na última fiada de lousas. Os faldróns das cubertas están rematados nos extremos por picos de pedra que reforzan a unión das lousas. Os faldróns continuos sen mansardas nin bufardas. Unicamente sobresaie do faldrón de cuberta a cheminea, que habitualmente pode chegar a superar a altura de cumieira.

Os ocos están delimitados no seu contorno por grandes pezas de cantería que reforzan a escasa calidade dos muros.

### a) A CASA BLOQUE

A vivenda illada en bloque, trátase dunha arquitectura que sobresaie polo seu limpo e rotundo volume prismático, unha arquitectura, que se presenta cun corpo único. A singularidade espacial redúcese polo tanto á presenza de dúas plantas rectangulares ou cadradas perfectamente delimitadas polos muros colectores da edificación: a planta baixa, en grande parte ocupada por corte que poden chegar a ocupar dous das tres renxías, que conta ademais cun amplo corredor que une as fachadas; frontal e posterior, algunhas veces ampliado por un vestíbulo que se utiliza como "pendello", onde se gardan parte do material de traballo do campo e unha cociña caracterizada polo grande tamaño da "lareira", moitas veces situado no medio dun pano do muro co fin de permitir a colocación de solozos en todo o seu contorno mais unha escaleira de madeira, debaixo da cal, nalgunhas ocasións, se instala o corte, que nos conduce á planta vivenda.

A planta primeira de uso residencial, consta dun amplo comedor, varios cuartos, case sempre exteriores e unha última dependencia na que se gardan os alimentos de uso.

### b) A CASA COMOPOSTA

No concello aparecen exemplos de como as edificacións adxectivas se van pegando á vivenda principal de forma lineal ou perpendicular dando fronte en ambas as dúas marxes a un camiño que dá acceso a todas as construcións tanto residenciais

As diferentes funcións da vivenda rural non se integran nun só corpo edificado, senón que a agrupación se desenvolve seguindo un desenvolvemento lineal, por xustaposición de construcións similares, ou seguindo un desenvolvemento perpendicular, mediante a

prolongación da construción inicial. Algunhas entidades de poboación están conformadas por edificacións compostas contiguas unhas a outras.

## 2. CASA VIVENDA ENTRE MEDIANEIRAS

### a) DOS NÚCLEOS RURAIS

A vivenda de tipoloxía máis sinxela localizada nos núcleos rurais mais compactos do concello son; edificacións entre medianeiras con fachada lisa, o acabado é recebado con morteiro de barro e posteriormente caleado toda a superficie do paramento, agás as pezas de canteiría de granito que enmarcan os ocos de portas e ventás, que se deixan vistas. A cuberta é a dúas augas e o material de cubrimento é a lousa de lousa, a cumieira é paralela á fachada.

As cubertas son de lousa, constituídas por faldróns continuos.

### b) DO NÚCLEO URBANO

A súa localización principal atopa puntualmente é no núcleo urbano de Ferreira.

Como consecuencia da industrialización e dunha próspera economía, desenvólvese un tipo de arquitectura máis traballada, detallada e preocupada pola estética e ornamentación, a calidade construtiva é superior ao modelo anterior, motivo polo cal perdurou máis no tempo.

A distribución interior da vivenda procede dun lento proceso evolutivo e espacial do modelo anterior. Na planta baixa sitúase o corte e almacén, e na primeira planta, a cociña, a sala e os cuartos. Tanto na distribución dos espazos como construtivamente as diferenzas co modelo anteriormente citado non son significativas, agás nos elementos singulares da fachada; os balcóns corridos que ocupan lonxitudinalmente a primeira planta, ou de xeito independente cada un dos ocos da fachada e as galerías. A finalidade da cal é alcanzar un mellor illamento térmico e proporcionar un novo espazo vívideiro.

## 4. DINÁMICA POBOACIONAL E ECONÓMICA

### 4.1 **CARACTERÍSTICAS E PREVISIÓNS DA EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA**

O municipio de Valadouro contaba no ano 2008 con 2.210 habitantes o que representa un descenso en números absolutos de 17 habitantes con respecto ao ano 2007. Aproximadamente o 55% da poboación concéntrase, principalmente, nas Parroquias localizadas na zona centro-norte do municipio; Laxe, Ferreira, Laxe e Budian. O restante 45% da poboación repártese en pequenas entidades ou núcleos de carácter rural. A parroquia de Ferreira é a de menor superficie pero a que contén o maior número de habitantes ao concentrarse nela o único núcleo urbano do municipio, cun total de 866 habitantes o que supón o 38,88% da poboación total municipal.

Nos últimos 7 anos a poboación municipal decreceu un 7,13 % o que representa en números absolutos unha perda de 171 habitantes pero, en todo caso, destaca o núcleo capital de Ferreira que mantivo e aumentou a poboación durante os períodos entre 2002 e 2007, alcanzando no ano 2007 cifras poboacionais similares ás do período 2001.

Atendendo fundamentalmente ás características dos núcleos de poboación, tamaño e densidade, no

Concello de Valadouro poderíanse distinguir ás seguintes zonas:

- ZONA CENTRO. Está integrada polas parroquias de Valadouro, Recare( San Xiao), Ferreira e Laxar. Esta zona concentra o núcleo urbano de Ferreira, así e todo destaca pola situación que presenta con respecto ao resto, polarizan un 46,34% do total poboacional de Valadouro, 1.032 habitantes, en pequenas entidades localizadas en torno á capital municipal e ás principais vías de comunicación a día de hoxe do Concello.
- ZONA NORTE. A continuación da anterior atopámonos coa zona máis destacada da superficie municipal, as parroquias de Moucide e Budian, incluída dentro desta zona atópase tamén grande parte de superficie da parroquia de Laxar incluída no apartado anterior por concentrarse todas as entidades de poboación na zona sur da parroquia. Concentran aproximadamente un 22,7% dos habitantes de Valadouro, concretamente 496 habitantes, repartidos en 39 entidades de poboación de características rurais que en ningún caso superan os 35 habitantes por entidade nin as 13 vivendas por entidade.
- ZONA SUR. Nesta zona localizamos as parroquias de Santo Tome de Recare, Frexulfe e Cadramon, de características rurais similares aos da zona norte. Concentran 138 habitantes repartidos entre 44 entidades de poboación, o que supón o 6,2% da poboación total municipal.
- RESTO DO MUNICIPIO. Neste apartado inclúese a parroquia de Vilacampa localizada na zona noroeste, a característica da cal, é que as entidades que compoñen a devandita parroquia son as únicas que están localizadas na zona oeste do municipio, é dicir, as condicións topográficas do municipio favorece a localización dos núcleos ao abeiro das montañas e nas zonas menos abruptas do municipio, conformándose, deste xeito, na área este do Concello, bosques de piñeiros e eucaliptos e baleiros de edificacións. Este parroquia consta de 60 habitantes repartidos por 16 entidades de poboación próximas á principal arteria de comunicación entre o municipio e a zona costeira.

En relación coa vivenda, o 45% das vivendas totais do municipio concéntranse no núcleo urbano. Obsérvase que a cifra demográfica é inversamente proporcional ao dato de crecemento das vivendas no mesmo período. O crecemento das vivendas durante o período 2001- 2008 en números absoluto foi de 417 vivendas, o que significa un aumento do 40% con respecto ao período 2001, das cales o 98% concéntranse na parroquia de Ferreira. Este crecemento habitacional produciuse principalmente como consecuencia do traslado de vivendas de segunda residencia dos municipios costeiros a Valadouro.

As primeiras estimacións realizadas sobre a evolución demográfica para o ano horizonte do PXOM (ano 2024), prevese que a poboación municipal de Valadouro, descenda, fundamentalmente debido ao carácter rural do municipio. Con todo prevese un crecemento moderado do núcleo urbano de Ferreira para o ano horizonte do PXOM.

#### **4.2 CARACTERÍSTICAS E PREVISIÓNS DE CRECIMENTO DAS ACTIVIDADES PRODUCTIVAS**

En Valadouro a distribución da poboación activa por sectores económicos é a seguinte: sector primario 29,50 %, sector secundario 28,8 % e sector servizos 40,4 %. Como se aprecia destaca a participación do

sector servizos, mentres que a incidencia do sector primario e secundario é equilibrada.

#### 1. SECTOR PRIMARIO

O sector primario ten unha participación do (29,50 %) no conxunto da economía municipal. O subsector agrícola concentra o 27,9% da poboación activa e o pesqueiro o 1,60%

#### 2. SECTOR SECUNDARIO

Dentro do sector secundario englobase a industria e a construción. O subsector industrial absorbe o 14,9 % da poboación activa e o subsector da construción ocupa ao 13,9 %. A caída da construción iníciase no ano 2005 e sofre un acusado descenso a partir do ano 2007.

O aproveitamento dos recursos forestais, sobre todo do eucalipto, é unha actividade que xera importantes ingresos e ademais inflúe na aparición doutras como os serradoiros de Ferreira e Frexulfe. As Industrias puntuais localizadas no municipio dedícanse principalmente a: Fábrica de zocos; carpintarías; serradoiros; empresas de construción, e talleres.

Na actualidade a oferta deste tipo de solo non existe.

En relación coa construción, a capital, Ferreira, fusionada con; Pena, Rexedoira, Tanin, Pazo, Granda e Portela foron as principais áreas receptoras de novas vivendas nos últimos anos e configúrase como o de maior crecemento. A medio prazo prevese un crecemento moi moderado do sector secundario, sobre todo, pola perda de participación do sector da construción que non se espera que chegue a alcanzar os niveis de participación dos últimos anos.

#### 3. SECTOR SERVIZOS

O sector servizos é o que alcanzou maior participación na economía de Valadouro e espérase que sexa o de maior crecemento nos próximos anos. Este sector foi crecendo constantemente, ao ir consolidándose o núcleo capital como o principal centro comercial, de equipamentos e servizos do municipio e concellos interiores limítrofes pola súa proximidade ás áreas costeiras

#### 4.2.2 **Habilitación de solo para cubrir a demanda**

O PXOM debe prever as reservas de solo necesarias para cubrir a demanda previsible de solo residencial e dos sectores productivos no ano horizonte do Plan (12 anos a partires da súa aprobación definitiva).

##### 1. SOLO RESIDENCIAL

A reserva de solo residencial establecerase en función das previsións de crecemento, da poboación e da vivenda, realizadas para o ano horizonte do PXOM, así como da capacidade residencial que ofrezca o solo urbano.

##### 2. SOLO INDUSTRIAL

Na actualidade non existe solo empresarial no municipio, mantéñense as actividades existentes. A actividade industrial existente repártense entre áreas puntuais de; Fábrica de zocos; carpintarías; serradoiros; empresas de construción e talleres.

Está previsto o desenvolvemento dun polígono industrial para cubrir a demanda de solo existente.

### 3. SOLO TERCIARIO

Prevese que o sector servizos, que ofrece un importante peso no conxunto da economía municipal, sexa o de maior crecemento nos próximos anos. Non obstante resulta difícil avaliar as necesidades de solo para este sector, tanto pola diversidade de actividades comprendidas neste, coma polas distintas formas en que se localizan estas actividades. Ademais, como se comentou anteriormente, boa parte das actividades consideradas como industriais, realmente teñen unha pequena parte de taller e o resto se destina á exposición e venda.

## 5. NORMAS, PLANS E PROGRAMAS RELACIONADOS

### 5.1 **MARCO LEGAL**

O PXOM redátase conforme o ordenamento legal vixente. Así, entre outras, cúmprense as seguintes disposicións e normativas.

#### 5.1.1 Normativa europea

- Directiva Aves 79/409/CEE, do 2 de abril de 1979.
- Directiva Hábitat 92/43/CEE, do 21 de maio de 1992.
- Directiva 96/61/CE, do 24 de setembro de 1996, relativa á prevención e control integrado da contaminación.
- Convenio de Espoo, do 25 de febreiro de 1991, ratificado pola UE, publicado no BOE do 21 de outubro de 1997.
- Directiva Avaliación de Impacto Ambiental 97/11/CEE, do 3 de marzo de 1997.
- Directiva Marco da Auga 2000/60/CE, do 23 de outubro de 2000.
- Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño do 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- Directiva 2002/49/CE relativa a avaliación e xestión do ruído ambiental.
- Directiva 2003/4/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de xaneiro do 2003, relativa ao acceso do público á información medioambiental.
- Directiva 2003/35/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de maio do 2003, que establece a participación do público na colaboración de certos plans e programas relativos ao medio ambiente.
- Directiva 2006/12/CEE do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de abril do 2006, relativa aos residuos.

#### 5.1.2 Normativa estatal

- Lei 38/1995, do 12 de decembro, sobre o dereito de acceso á información en materia de medio ambiente.

- Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- Lei 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación Ambiental de proxectos.
- Lei 6/2010, de 24 de marzo, de modificación do texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de proxectos, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro.

### 5.1.3 Normativa autonómica

- Real Decreto 442/1990 de 13 de setembro de avaliación de impacto ambiental para Galicia.
- Decreto 327/1991 de Avaliación dos efectos ambientais para Galicia.
- Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.

### 5.1.4 Legislación sectorial

#### 1. ESTRADAS

- Lei 25/1988, de estradas e camiños estatais
- Lei 4/1994 de Estradas de Galicia. Real Decreto 1812/1994 regulamento xeneral de estradas. (Modificacións en los RD 579/1999 e 1191/1997)

#### 2. ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Plan de Ordenación Urbana. Aprobado en 1993.
- Decreto 28/1999, Regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da lei do solo en Galicia.
- Decreto 330/1999, Unidades mínimas de cultivo en Galicia.
- Decreto 80/2000, Plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.
- Lei 12/2001 de modificación da lei de concentración parcelaria en Galicia.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia coas modificacións derivadas da lei 15/2004.
- Lei 6/2007 de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- Lei 8/2007, de 28 de maio, do solo.
- Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

#### 3. PATRIMONIO

- Decreto 571/63 sobre Cruceiros
- Real decreto III/1986 do 10 de xaneiro de desenvolvemento de Sectorización da Lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español.

- Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Decreto 199/97, de Regulación da Actividade Arqueolóxica de Galicia.
- 4. NATUREZA
  - Lei 4/1989 de Conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestres. Lei 40/1997 sobre Reforma da Lei 4/1989. Lei 41/1997 pola que se modifica a Lei 4/1989.
  - Real decreto 1997/1995 de Conservación de Hábitats Naturais.
  - Lei 4/1997, de Caza de Galicia.
  - Real decreto 1193/98, polo que se modificou o Real decreto 1997/95 de Conservación de Hábitats Naturais.
  - Lei 9/2001 de conservación da natureza.
  - Lei 43/2003 de Montes, modificada pola Lei 10/2006.
  - Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
  - Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia.
- 5. AUGAS
  - Real Decreto 1/2001, polo que se aprobou o texto refundido da Lei de Augas
  - Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos. (DOG N° 137, 17.07.06).
  - Real Decreto 9/2008, do 11 de xaneiro polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico, aprobado polo Real Decreto 849/1986, de 11 de abril (BOE N° 14, 16/01/2008).
  - Real Decreto 606/2003, Regulamento Público Hidráulico.
- 6. AMBIENTE ATMOSFÉRICO
  - Lei 7/1997, do 11 de agosto de protección contra a contaminación acústica.
  - Decreto 150/1999, do 7 de maio, polo que se aproba o regulamento de protección contra a contaminación acústica.
  - Lei 8/2002 de Protección del Medio Ambiente Atmosférico para Galicia.
  - Real Decreto 1796/2003, do 26 de decembro, relativo ao ozono no aire ambiente.
  - Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído.
  - Real Decreto 1513/2005, do 16 de decembro, polo que se desenvolve a lei 37/2003, de 17 de novembro, do ruído, no referente a avaliación e xestión do ruído ambiental.
  - Lei 1/2005, pola que se regula o réxime do comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.
  - Real Decreto 1370/2006, do 24 de novembro polo que se aproba o plan nacional de asignación de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro, 2008-2012.

- Real Decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula a subministración de información sobre emisións do regulamento e-prtr e das autorizacións ambientais integradas.
- Real Decreto 812/2007, do 22 de xuño, sobre avaliación e xestión da calidade do aire ambiente en relación co arsénico, o cadmio, o mercurio, o níquel e os hidrocarburos aromáticos policíclicos.
- Lei 34/2007, de 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera.
- Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

#### 7. RESIDUOS

- Orden 23/12/1986 normas complementarias en relación con las autorizacións de vertidos de augas residuais.
- Lei 20/1986 Básica de Residuos Tóxicos e Perigosos (RTP)
- Lei 11/1997, de 24 de abril, de residuos e envases.
- Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.
- Real Decreto 2116/1998 polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais.
- Lei 16/2002 de Prevención e Control integrados da contaminación.
- Real Decreto 1383/2005, de 20 de decembro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.
- Decreto 174/2005, polo que se regulou o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o rexistro xeneral de produtores e xestores de residuos de Galicia.
- Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia.
- Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Decreto 59/2009, do 20 de febreiro, polo que se regula a rastrexabilidade dos residuos.

#### 8. ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS

- Lei 8/1.997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aprobou o Regulamento de Desenvolvemento e Execución da Lei de Accesibilidade e Supresión de Barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

#### 9. VARIOS

- Lei 54/1997, do 27 de novembro do sector eléctrico.
- Real Decreto 401/2003 de Infraestruturas de Telecomunicacións.
- Real Decreto 316/2006, do 17 de marzo, polo que se aprobou o Código Técnico da Edificación.
- Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia.



- Lei 45/2007, do 13 de Decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural.
- Decreto 262/2007, do 20 de decembro polo que se aproban as Normas do Hábitat Galego.

## 5.2 PLANS E PROGRAMAS RELACIONADOS

As conclusións dos plans e programas relacionados co municipio de Valadouro e o planeamento dos municipios limítrofes tivéronse en conta nas determinacións establecidas polo PXOM.

O Concello de Valadouro dispón como instrumento de ordenación urbanística; un Plan de Ordenación Urbana do ano 1993. O modelo que establecía a lexislación vixente ao amparo de devandito Plan, a lei 11/1985 (LASG), contemplaba a clasificación de solo de núcleo rural, como un ámbito territorial vinculado a un asentamento da poboación dentro do que podían coexistir distintas clases de solo. É necesario, por tanto, no municipio de Valadouro dar un tratamento unitario e coherente á totalidade de terreos integrados no ámbito de cada núcleo rural delimitado.

Cabe sinalar a incidencia de outros plans que realizan unha importante función orientativa para a elaboración do PXOM como:

- A estratexia galega para o desenvolvemento sustentable
- A estratexia paneuropea para a conservación e diversidade biolóxica e paisaxística
- Convención europea da paisaxe
- 6º Programa europeo de Medio Ambiente
- As liñas estratéxicas da Unión Europea para o desenvolvemento sustentable
- A estratexia galega para o medio ambiente
- Programa de Desenvolvemento Rural para o período 2007-2013 (PDR)
- Código Galego de Boas Prácticas Agrarias
- Plan sectorial eólico de Galicia
- Plan hidrolóxico de Bacía.
- Directrices de Ordenación do Territorio.

## 5.3 CONCELLOS LIMÍTROFES

O Concello de Valadouro limita cos concellos que se indican a continuación, os plans vixentes o en redacción destes son os seguintes:

1. XOVE (LUGO)
  - a) Plan vixente: Normas Subsidiarias de Plan (28-10-2004), afectadas por decreto 15/2007 do 1 de febreiro da Xunta de Galicia.
  - b) Plan en redacción: Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)
2. CERVO (LUGO).

- a) Plan vixente: Normas Subsidiarias de Planeamento base 12.07-1978, N.S.P adaptadas á LASGA (Municipio de Cervo) de 1994 (15-12-1993), N.S.P. Núcleo de Cervo (10-6-1994)
  - b) Plan en redacción: Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)
3. FOZ (LUGO).
- a) Plan vixente: Normas Subsidiarias de Planeamento (11-11-1981).
  - b) Plan en redacción: Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)
4. ABADIN (LUGO).
- a) Plan vixente: Delimitación de Solo Urbano (24-01-1992).
  - b) Plan en redacción: ---
5. ALFOZ (LUGO).
- a) Plan vixente: Normas Subsidiarias de Planeamento (3-04-1991).
  - b) Plan en redacción: ---
6. VIVEIRO (LUGO).
- a) Plan vixente: Normas Subsidiarias de Planeamento (2-09-1997).
  - b) Plan en redacción: ---
7. OUROL (LUGO).
- a) Plan vixente: Normas Subsidiarias de Planeamento (9-10-1984).
  - b) Plan en redacción: ---
8. MURAS (LUGO).
- a) Plan vixente: Normas Subsidiarias de Planeamento (18-09-1978).
  - b) Plan en redacción: ---

## **6. CONTIDO E OBXECTIVOS DA PLANIFICACIÓN**

De acordo coa problemática detectada e no marco da lexislación urbanística e de carácter sectorial vixente, no presente apartado elaborase un avance de propostas de ordenación, así como dos criterios relativos á estrutura territorial e urbana, á clasificación e cualificación de solo, á cualificación de dotacións públicas e á programación das accións previstas, para dar resposta a ditos problemas.

As propostas de ordenación contidas nos apartados seguintes parten de dúas premisas:

- Asíumese o papel de área estratéxica de conservación que as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) asignan a Valadouro.
- Delimítanse os núcleos rurais e modifícase o modelo de crecemento e expansión do núcleo urbano de Ferreira no PXOM vixente, fomentando a consolidación do núcleo urbano, e os núcleos rurais delimitados fronte á dispersión edificatoria.

## 6.1 OBXECTIVOS E CRITERIOS DO PLAN

O obxectivo fundamental do PXOM basease en configurar un modelo que favoreza o desenvolvemento equilibrado e sustentable do territorio contribuíndo a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación compatibilizando coa protección e potenciación de patrimonio cultural e natural existente.

### 6.1.1 Modelo territorial

En relación co modelo territorial de Valadouro propoñense as seguintes directrices:

#### 1. FOMENTAR A CONSOLIDACIÓN DO NÚCLEO URBANO.

Proponse acotar a expansión do núcleo urbano sobre terreos rústicos, fomentando a consolidación do núcleo urbano, mediante a incorporación á trama xeral dos espazos vacíos existentes entre as tramas consolidadas, e definindo os límites dos novos desenvolvementos, que estarán dimensionados conforme aos crecementos residenciais previstos no ano horizonte do PXOM.

#### 2. FORTALECER OS NÚCLEOS TRADICIONAIS E POR EN VALOR O TERRITORIO

Trátase de fortalecer os núcleos tradicionais, que aínda conservan a súa estrutura, morfoloxía e tipoloxías tradicionais, aínda que teñan perdido o vencellamento das súas actividades co sector primario, para proceder á delimitación dos eidos que deben conservarse e establecer, no seu caso, os límites das súas zonas de expansión, de acordo co crecemento previsto para estes núcleos.

Con iso se persegue acotar as expansións indefinidas, apoiadas no entramado viario de estradas e camiños, e protexer os solos rústicos con valores naturais, paisaxísticos, productivos, etc. colindantes con estes asentamentos, e permitir, a súa vez, a posta en valor do termo municipal.

Débese de revitalizar e conservar os núcleos rurais próximos a espazos valiosos como a Serra do Xistral, o Río Ouro e elementos de interese arquitectónico ou histórico por considerarse especialmente oportunos para o desenvolvemento de accións que configuren centros desde os cales acceder e gozar dos elementos de interese do municipio de Valadouro. A adaptación destes núcleos rurais deberá de ofrecer unha renovación e posta en valor das tipoloxías tradicionais preexistentes e a mellora das infraestruturas e equipamentos.

#### 3. MELLORAR A ACCESIBILIDADE E MOBILIDADE NO TERMO MUNICIPAL

Trátase de mellorar a accesibilidade e mobilidade no termo municipal. Coa mellora das principais arterias de comunicación do municipio e a mobilidade intermunicipal dos municipios da costa cos municipios limítrofes estímase que mellorará notablemente a accesibilidade ao termo municipal. Con todo no interior do municipio, tanto no núcleo urbano como no medio rural, a rede viaria, fóra das travesías das principais estradas que discorren polo municipio, teñen escasa capacidade polas reducidas seccións das vías.

Por tanto para mellorar a accesibilidade e mobilidade no termo municipal, expónse a mellora das vías estruturantes e de conexión que deberá complementarse coa adopción doutras medidas, como a implantación de varios modos de transportes diferentes (peonil, bicicleta, autobús, vehículo particular), dando prioridade aos modos de transporte colectivo.

#### 4. PULAR POLO DESENVOLVEMENTO SUSTENTABLE

A planificación do territorio será compatible co ciclo hídrico e optimizará, en xeral, o consumo dos recursos naturais. Estará orientada a procura dun modelo territorial eficiente no que se minimicen os efectos sobre a calidade do ar e o cambio climático e a xeración de residuos o tempo que se garante a conservación da biodiversidade territorial e se protexen e poñen en valor os valores paisaxísticos.

#### 5. PROTECCIÓN DO PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL.

A ordenación fomenta a protección do patrimonio natural e cultural, identificando no Catálogo do PXOM todos os bens integrantes do patrimonio e establecendo as medidas para a protección dos citados bens, elementos e conxuntos, así como dos seus entornos de protección.

##### 6.1.2 **Núcleos de poboación**

En relación cos núcleos de poboación existentes propóñense os seguintes criterios de ordenación:

##### 1. NÚCLEO URBANO

###### a) CONSOLIDACIÓN DO NÚCLEO URBANO

Proponse conseguir unha estrutura urbana sólida, que poida chegar a dispor do solo necesario para atender a demanda de servizos, actividades produtivas, e equipamentos, de carácter municipal.

###### b) CREACIÓN DE ESPAZOS CON FUNCIÓNS ECOLÓXICAS

Ademais da reserva de espazos libres e zonas verdes establecida legalmente para cubrir os déficits actuais e os que resulten da capacidade máxima residencial establecida polo PXOM, proponse establecer unha reserva de espazos destinados a cumprir funcións ecolóxicas, como a redución ou mitigación da contaminación, a integración en corredores ecolóxicos (mediante a conexión dos espazos libres) ou a drenaxe de augas de escorrenta.

##### 2. NÚCLEOS RURAIS

A ordenación que se propón para os núcleos rurais, parte da identificación e delimitación dos núcleos que, aínda que perderon na súa maioría a vinculación das súas actividades co sector primario, manteñen a morfoloxía, estrutura, tipoloxía e características dos núcleos rurais e localízanse nun ámbito rústico.

##### 6.1.3 **Solo industrial**

O solo industrial esta ubicado na periferia este do núcleo de poboación de Ferreira de Valadouro proximo al ayuntamiento de Alfoz. Ten unha forma rectangular e paralela a carretera LU-162, e unha superficie aproximada de 118.375 m2.

##### 6.1.4 **Infraestruturas viarias e mobilidade**

As propostas de ordenación relativas a infraestruturas viarias e mobilidade fundaméntanse na mellora da

accesibilidade e a mobilidade no termo municipal.

As melloras previstas no PXOM, para as vías debe complementarse coa adopción doutras medidas como, a reordenación do tráfico urbano e a implantación de varios modos de transportes diferentes.

Para mellorar a accesibilidade e mobilidade no termo municipal, precísanse tamén novas mellora de conexión dos núcleos de poboación.

O PXOM tamén terá en conta o trazado de aliñacións nos núcleos rurais, coa finalidade de ampliar a sección das vías, sempre que sexa posible e, en definitiva, aumentar a capacidade do viario rural.

## 6.2 ANÁLISE DAS ALTERNATIVAS PROPOSTAS

A ordenación urbanística do termo municipal de O Valadouro está regulada por un Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente pola Dirección Provincial de Urbanismo no ano 1.993. Este documento debe revisarse, en primeiro lugar, para incorporar e integrar na ordenación ás determinacións establecidas na lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas modificacións derivadas. O modelo que establecía a lexislación vixente ao amparo de devandito Plan, a lei 11/1985 (LASG), contemplaba a clasificación de solo de núcleo rural, como un ámbito territorial vinculado a un asentamento da poboación dentro do que podían coexistir distintas clases de solo. É necesario, por tanto, no municipio de Valadouro dar un tratamento unitario e coherente á totalidade de terreos integrados no ámbito de cada núcleo rural delimitado.

Para avaliar a ordenación inicial proposta, estudouse a posibilidade de manter a situación actual do concello valéndose do Plan do ano 1993 como ferramenta de ordenación do territorio (alternativa “cero”) comparando a situación coas alternativas de ordenación resultantes da aplicación de todos os medios que a lexislación urbanística e sectorial vixente poñen o alcance do planeamento (alternativas “un” e “dous”).

A alternativa “cero” define o estado actual do concello. Esta alternativa xeraría problemas territoriais e sociais derivados dun modelo de ordenación que precisa mellorarse tendo en conta a análise realizada sobre o actual planeamento vixente.

O proceso urbanizador e edificatorio dos últimos anos caracterizouse pola expansión edificatoria do núcleo urbano de Ferreira, cara aos núcleos rurais mais próximos a él, utilizando como o apoio das novas edificacións o armazón viario de conexión existente entre estas entidades de poboación. O desenvolvemento citado produciuse fundamentalmente cara ao norte do núcleo de Ferreira. Mediante o proceso de desenvolvemento citado consolidáronse algunhas áreas do núcleo orixe. O modelo de asentamento da poboación en Ferreira presenta os seguintes trazos:

### 1. NÚCLEO URBANO

En Valadouro destaca un único núcleo urbano: Ferreira fusionado con Pena, Raxediora, Tanin, Pazo Granda e A Portela. A baixa densidade da tipoloxía edificatoria de vivenda unifamiliar, características destas áreas periféricas ao núcleo principal de Ferreira, desenvolvida nas marxes das principais infraestruturas viarias que conectan ditas entidades, favoreceu un continuo edificatorio.

## 2. NÚCLEOS RURAIS

Os núcleos rurais existentes repártense, principalmente pola valle do municipio, no eixo noreste-suroeste. A maioría destes núcleos aínda que aínda conservan a morfoloxía, tipoloxía, estrutura viaria, etc, características dos núcleos rurais.

## 3. INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS.

O desenvolvemento urbanístico de Valadouro buscou o seu apoio na estrutura viaria existente, constituída polas principais estradas que atravesan o municipio (LU-162, LU-152, LU-163, LU-161, PR-01-01, PR-15-02, PR-63-02, PR-63-03, PR-63-04, PR-63-05, PR-63-06). Estas vías son suficientes para cumprir os tráxicos que se xeran no interior do municipio polas actividades urbanas, industriais e comerciais asentadas no municipio.

As comunicacións dos núcleos rurais coas áreas urbanas establécense a través dunha intrincada rede de estradas e camiños.

En síntese, o municipio non presenta acusados déficits na súa estrutura viaria pero o sistema viario interurbano descrito, deberá completarse con melloras nas vías que permitan mellorar a accesibilidade desde o sistema interurbano aos núcleos de poboación.

## 4. INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS.

En canto as infraestruturas de servizos, os maiores déficits céntranse en saneamento.

A cobertura dos servizos é limitada, existen déficits en saneamento xa que a rede unicamente abastece ao núcleo urbano de Ferreira e o abastecemento cobre algúns dos núcleos pertencentes ás parroquias de Valadouro, Laxe, Budián e Recaré.

Será necesario reforzar rede de abastecemento para asegurar o abastecemento futuro en época estival. Tamén sería conveniente realizar os estudos oportunos co obxectivo de garantir no futuro os recursos de auga necesarios, de acordo cos desenvolvementos previsibles.

## 5. DOTACIÓNS PÚBLICAS DE ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTO.

Cuantitativamente, a dotación de espazos libres e zonas verdes, presenta déficits, sobre todo, no que atinxe aos espazos libres e zonas verdes do sistema xeral ou dotacións ao servizo de todo o municipio.

A dotación actual de espazos libres e zonas verdes de carácter local (xardíns, prazas e áreas de xogo) está máis diversificada e repártese entre as parroquias de Vilacampa e Ferreira.

Aínda que o PXOM vixente establece reservas de solo para espazos libres e zonas verdes no núcleo urbano, a maioría destes espazos manteñen a titularidade privada ao non haberse xestionado as actuacións correspondentes en que se inclúen ou non haberse obtido devandito solo para uso público.

En relación coas dotacións de equipamento, Valadouro ofrece unha oferta de equipamentos públicos que se centralizan fundamentalmente no núcleo urbano de Ferreira, capital municipal.

Os núcleos da Veiga, O Campón, O Pazo e A Fonte da Vila pertencentes ás parroquias de Santa

Cruz de Valadouro, Moucide, Laxar e Cadramón, respectivamente, inclúen escolas públicas de carácter rural, o resto de equipamentos rurais son principalmente cemiterios parroquiais.

Por tanto a nivel de equipamentos, a problemática é máis cualitativa que cuantitativa, estimándose que as reservas de solo que estableza a PXOM para equipamentos, deben de concentrarse no núcleo urbano e completarse con dotacións nos núcleos rurais máis deficitarios.

Ademais da problemática que afecta á estrutura territorial, hai que engadir que o crecemento en Valadouro caracterízase por:

#### 6. CRECIMENTO DO NÚCLEO DE POBOACIÓN URBANA

O proceso de asentamento disperso entre Ferreiravella, Tanin, Pena, Rexedoira, Pazo Granda e Portela, apoiado na rede de estradas e nunha intrincada rede de camiños e pistas existentes, levou consigo a desestruturación do sistema de asentamentos tradicionais, xa que a dispersión da edificación ao redor destas entidades de poboación, unida á proximidade entre estes asentamentos favoreceu a contigüidade espacial de edificacións residenciais, edificacións de uso agrícola e nalgúns casos edificacións industriais.

Destes asentamentos tradicionais, aínda perduran estruturas orixinarias no núcleo de Ferreiravella e Tanin, aínda que nos desenvolvementos posteriores presentan unha mestura importante con edificacións recentes. Estes asentamentos perderon paulatinamente a vinculación da súa actividade co sector primario.

#### 7. DESPOBOAMENTO E DECLIVE DOS NÚCLEOS RURAIS

O declive dos núcleos rurais debido ao abandono das actividades produtivas relacionadas co medio rural, o envellecemento da poboación e os altos índices de mortalidade tivo como consecuencia o abandono paulatino dos núcleos rurais tradicionais, moitos deles próximos a espazos valiosos e múltiples elementos de interese.

O mantemento da alternativa “cero” como modelo territorial incrementaría co tempo as carencias que entorpecen o desenvolvemento sustentable de Valadouro que require dun planeamento que fomenta unha serie de accións para a mellora da calidade de vida e das oportunidades de desenvolvemento; condicionantes para a protección do patrimonio natural, cultural e paisaxístico; accións que fomenten o desenvolvemento endógeno e que propicien a chegada e deleite de visitantes do concello.

O concello de Valadouro promove unha alternativa de planeamento onde a preservación dos valores naturais, culturais e paisaxísticos son a base principal, aproveitando vocación do territorio municipal para desenvolverse a partir dos seus recursos naturais, base principal da súa economía. A integración de criterios ambientais e de sustentabilidade nas distintas fases de planificación permiten evitar os impactos negativos antes de que estes se produzan mediante a coherente aplicación de medidas preventivas. No planeamento unha medida preventiva fundamental é axustar o consumo de recursos ás estritas necesidades de crecemento, minimizando este co establecemento dunhas densidades que permitan acadar unha elevada calidade ambiental.

Ordenar urbanisticamente o municipio baixo criterios de sustentabilidade e de integración ambiental non presenta moitas alternativas onde escoller, pois a súa patente ruralidade e evolución socioeconómica, a

explotación dos recursos naturais, o seu sistema de asentamentos, e o patrimonio ambiental, cultural e paisaxístico, son fortes condicionamentos que marcan as liñas estratéxicas a seguir; estratexias que teñen que ter como obxectivos básicos deter o despoboamento, frear o abandono das actividades tradicionais, asegurar a continuidade do modelo de asentamento, e mellorar a calidade ambiental e de vida da poboación.

Neste senso enfrontámonos con dúas alternativas de ordenación de cuxa valoración resulta mais óptima a denominada como Alternativa 2 que se describe con mais detalle nos seguintes apartados.

Na alternativa 1 mantense a delimitación do núcleo urbano das normas. No interior do núcleo e ao borde da estrada provincial LU-161 e LU-163 a tipoloxía é a de vivenda entre medianeiras. A medida que nos afastamos do centro do núcleo a tipoloxía varía, converténdose en vivenda unifamiliar aillada.

Dentro do núcleo aparecen baleiros edificatorios que a través de planes especiais de reforma interior crearanse viais, equipamentos e zonas verdes novos, o que dará lugar a un crecemento ordenado. Así mesmo ao norte de núcleo preveuse un solo urbanizable residencial de baixa edificabilidade e tipoloxía unifamiliar aillada.

Na alternativa 2, como resultado do estudo da capacidade residencial do municipio, e en base a proxección de poboación dos últimos anos, o crecemento do núcleo limitase aos solos urbanos non consolidados, desta maneira consolidaranse os espazos baleiros, manterase o solo urbano existente e o núcleo crecerá con dotacións. As dotacións locais e sistemas xerais de espazos libres e zonas verdes do solo urbano situarase as beiras do río Ferreira, creando barreiras vexetais en torno a este para protexelo. Como resultado obtense unha zona verde que atravesa o núcleo urbano de norte a sur ao longo do río Ferreira o que permitirá crear un percorrido peonil paralelo ao río para dar servizo a toda a poboación.



**CADRO Nº 12.- ANÁLISE COMPARATIVA: A1 vs A2**

Variables	Critérios	A1	A2
PAISAXE	Considerarase a fragilidade paisaxística como un factor limitante para admitir actuacións con impacto significativo.	2	1
NATUREZA	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais.	2	1
	Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais: Pular pola repoboación con especies arbóreas autóctonas, Garantir acceso a espazos naturais e posta en valor de elementos naturais, patrimoniais, etc	1	2
PATRIMONIO	Preservar e valorizar os elementos patrimoniais	1	2
MEDIO SOCIO-ECONÓMICO	Considerar a estrutura demográfica e socioeconómica do ámbito e da área de influencia (coherencia do parque coas condicións demográficas e socioeconómicas do concello; oportunidade económica)	1	2
	Favorecer a ocupación de postos de traballo no ámbito de influencia; garantir dotación de equipamentos;etc.)	1	2
	Favorecer entorno de traballo saudable e seguro	1	2
	Garantir a non exclusión (considerar perspectiva de colectivos vulnerables; facilitar acceso á formación de distintos colectivos)	1	2
	Favorecer a cohesión social	1	2
MEDIO INDUSTRIAL	Contribución a creación de entorno de traballo de calidade.	1	2
	Optimización de eficiencia de actividades económicas.	1	2
MOBILIDADE	Pular por reducir as necesidades de mobilidade	1	2
	Eficiencia na Conectividade	1	2
ENERXÍA	Aforro de consumo enerxético	2	1
ATMOSFERA	Redución de emisións contaminantes	2	1
CICLO HÍDRICO	Garantir funcionamento de ciclo hídrico en tódalas súas fases e procesos	1	2
	Pular polo aforro no consumo de recursos hídricos	1	2
	Garantir viabilidade de sistemas de abastecemento e saneamento	1	2
CICLO MATERIAIS	Xestión eficaz de fluxos de materiais e residuos	1	2
SOLO	Axustar usos ó entorno e a obxectivos propios do planeamento	1	2
	Pular por un desenvolvemento ordenado e eficiente	1	2
<b>VALORACIÓN GLOBAL DAS ALTERNATIVAS</b>		<b>25</b>	<b>38</b>

### 6.3 CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO

Mediante a clasificación do solo do termo municipal, O PXOM establece a diferenza entre o solo que actualmente se atopa urbanizado ou consolidado pola edificación, o solo susceptible de incorporarse ao proceso de desenvolvemento urbanístico e o solo que debe permanecer a salvo do proceso urbanizador e edificatorio.

Nesta fase do traballo, o PXOM trata de identificar as zonas urbanizadas ou consolidadas pola edificación (núcleos urbanos, núcleos rurais, urbanizacións residenciais, parque empresariais e asentamentos industriais) e as zonas do territorio que, polos seus valores, potencialidades ou existencia de riscos naturais o tecnolóxicos, deben ser preservadas do proceso urbanizador.

Tamén se definen os criterios que se utilizarán para establecer as reservas de solo urbanizable.

#### 6.3.1 Descrición do sistema de núcleos proposto

Aproximadamente o 55% da poboación de Valadouro concéntrase, principalmente, nas Parroquias localizadas na zona centro-norte do municipio; Laxe, Ferreira, Laxe e Budian. O restante 45% da poboación repártese en pequenas entidades ou núcleos de carácter rural. A parroquia de Ferreira é a de menor superficie pero a que contén o maior número de habitantes ao concentrarse nela o único núcleo urbano do municipio, cun total de 866 habitantes o que supón o 38,88% da poboación total municipal.

En Valadouro destaca un único núcleo urbano: Ferreira fusionado con Pena, Raxediora, Tanin, Pazo Granda e A Portela

Os núcleos rurais existentes repártense, principalmente polo val do municipio, no eixo noreste-suroeste. A maioría destes núcleos aínda conservan a morfoloxía, tipoloxía, estrutura viaria, etc, características dos núcleos rurais.

#### 1. SOLO URBANO

A delimitación de solo urbano proposta basease nos requirimentos establecidos no Art. 11 LOUG, relativos a malla urbana, consolidación por ocupación da edificación ou existencia de servizos urbanísticos.

##### a) SOLO URBANO RESIDENCIAL

De acordo cos requirimentos establecidos no Art. 11 da LOUG e coas determinacións do PXOM vixente, proponse clasificar como solo urbano residencial os terreos que xa estaban clasificados como solo urbano residencial no PXOM vixente.

O PXOM prevé a consolidación do núcleo urbano. Por tanto, a ordenación urbana persegue:

- A renovación paulatina dos tecidos actuais e a integración dos numerosos espazos intersticiais baleiros na trama urbana xeral.
- A cobertura dos déficits de espazos libres e equipamento público existentes nestas zonas, utilizando para eles os espazos intersticiais baleiros existentes entre as tramas

consolidadas.

- A mellora das infraestruturas de servizos e da urbanización de estas zonas.

## 2. SOLO DE NÚCLEO RURAL

A delimitación do solo dos núcleos rurais proposta obedece aos criterios contidos no Artigo 13 LOUG que establece, que constitúe o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento tradicional de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais, tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivendas o seu grado de consolidación pola edificación e a tipoloxía histórico-tradicional do seu entramado e das edificacións existentes.

De acordo coa “Análise sobre o modelo de asentamento poboacional”, os núcleos rurais existentes en Valadouro cumpren os requirimentos establecidos no Art. 13 LOUG, relativos a: número de edificacións, a densidade de vivendas o seu grado de consolidación pola edificación e a tipoloxía histórico-tradicional do seu entramado e das edificacións existentes, etc, así e todo, a maioría de estes asentamentos perderon a vinculación da súa actividade co sector primario e, ademais, nos contornos dos núcleos orixinais de estes asentamentos mestúranse edificacións tradicionais e recentes, como consecuencia do proceso de crecemento disperso das últimas décadas.

Ademais, a proximidade entre núcleos rurais e a dispersión existente nos seus contornos permitiron a continuidade de vivendas apoiadas na rede viaria e na intrincada rede de camiños.

Dadas as características dos núcleos poboación e a efectos da clasificación de solo dos núcleos rurais, diferenciáronse dúas situacións: núcleos rurais co solo urbano ou situados na súa área de influencia e núcleos desligados das áreas urbanas e rodeados de solo rústico. O solo dos núcleos comprendidos no primeiro grupo propónse a súa clasificación como urbano e o solo dos comprendidos no segundo grupo como solo de núcleo rural.

### a) TIPOS DE NÚCLEOS RURAIS

A ordenación que se propón parte da identificación e delimitación dos núcleos rurais, en función das súas características, do grao de consolidación edificatoria existente e das previsións de crecemento. De acordo coas devanditas variables a lexislación vixente define os seguintes tipos básicos de núcleos rurais:

- **NÚCLEO RURAL HISTÓRICO-TRADICIONAL**

Comprende os núcleos rurais existentes no termo municipal de Valadouro que se caracterizan pola súa morfoloxía, tipoloxía tradicional das súas edificacións, vinculación da actividade coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole, que se describen no documento de "Análise sobre o Modelo de Asentamento de Poboación" que manifesten a imbricación tradicional do núcleo co medio físico en que se sitúa.

Para este tipo básico de núcleo, o PXOM prevé a conservación das súas características histórico-tradicionais.

- **NÚCLEO RURAL COMÚN**

Comprende os asentamento que o PXOM recoñece como núcleos rurais pero que non presentan as características histórico-tradicionais do tipo de núcleo rural descrito no apartado b-1) anterior. A delimitación deste tipo de núcleo, de conformidade co establecido no Art. 13.3 LOUGA, basearase nas previsións de crecemento do PXOM.

- **NÚCLEO RURAL COMPLEXO**

Inclúense neste tipo básico, os núcleos rurais existentes en Valadouro, caracterizados por ser o resultado da concorrencia e compatibilidade no mesmo ámbito, dos dous tipos citados nos apartados b-1) e b-2) anteriores.

### 6.3.2 **Criterios de clasificación e cualificación do Solo Rústico**

No apartado de Estudo do Medio Rural, diferenciáronse as zonas do territorio de Valadouro que, polos seus valores naturais, paisaxísticos, produtivos, culturais, etc, deben permanecer a salvo do proceso urbanizador. Estes solos clasificaranse como solo rústico de especial protección (SREP) e en función dos valores que deben protexerse, esta clase de solo dividirase nos seguintes tipos:

#### 1. **SREP AGROPECUARIA**

O PXOM inclúe na categoría de solo rústico de protección agropecuaria, de conformidade co disposto no Art. 32.2.a) LOUG, as áreas do municipio de Valadouro que son obxecto de protección pola súa alta produtividade agrícola ou gandeira, posta de manifesto pola existencia das explotacións que a avalan ou polas propias características ou potencialidade dos terreos ou das zonas onde se encravan, así como polos que son obxecto de concentración parcelaria a partir da entrada en vigor da LOUG ou fóranos nos dez anos anteriores á devandita data, salvo que deban ser merecedores doutra protección. Tamén se inclúen nesta categoría de solo, as áreas de cultivo libres de edificación de superficie maior de 10 has.

#### 2. **SREP FORESTAL**

Comprende, de conformidade co disposto no Art. 3.2.b) da LOUG, os terreos do municipio de Valadouro que sustentan masas arbóreas que deben ser protexidas por cumprir funcións ecolóxicas, produtivas, paisaxísticas, recreativas ou de protección do solo, e igualmente aqueles terreos de monte que, aínda cando non sustentan masas arboradas, protéxense por cumprir as devanditas funcións e, en todo caso, polas áreas arbóreas formadas por especies autóctonas, así como por aquelas que sufrisen os efectos do lume a partir da entrada en vigor da LOUG e nos cinco anos anteriores a esta. Igualmente inclúense nesta categoría de solo aqueles terreos que declare a Administración competente como áreas de especial produtividade forestal. Tamén se inclúen nesta categoría os montes públicos e os montes veciñais en man común, en tanto non se declare á súa afectación pola administración competente.

#### 3. **SREP DE ESPAZOS NATURAIS**

O PXOM inclúe na categoría de solo rústico de protección de espazos naturais, de conformidade co disposto no Art. 32º. 2.f) LOUG, os terreos do municipio que polos seus valores ou intereses

naturais, culturais, científicos, educativos e paisaxísticos é necesario asegurar a súa conservación. O eido suxeito a esta protección correspóndese coa Serra do Xistral, o LIC do Río Ouro e os hábitats de interese prioritario que alberga o municipio.

#### 4. SREP DE AUGAS

De conformidade co disposto no Art.32º.2.d) LOUG, o solo rústico de protección de augas está constituído polos terreos situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano, definidos na lexislación reguladora das augas continentais como canles naturais, ribeiras e marxes das correntes continuas ou descontinuas de augas e como leito ou fondo das lagoas e encoros, terreos inundados e zonas húmidas e a zona de servidume. Así mesmo, inclúese nesta categoría de solo as zonas de protección que para tal efecto se delimitan no presente Plan que se estenden, como mínimo, á zona de policía definida pola lexislación de augas, salvo nos tramos que, no seu caso, o presente PXOM xustifica suficientemente a súa redución. Tamén terán a devandita consideración os terreos situados fóra dos núcleos rurais e do solo urbano, con risco de inundación, e aqueles baixo os cales existan augas subterráneas que deban ser protexidas.

#### 5. SREP PAISAXÍSTICA

De conformidade co establecido no Art. 32º.2.g) LOUG, inclúense na categoría de solo rústico de protección de interese paisaxístico, os terreos lindantes coas estradas e demais vías públicas, exteriores aos núcleos rurais, que ofrecen vistas panorámicas do territorio, do curso dos ríos ou dos vales, dos monumentos ou edificacións de singular valor, así como os accesos a fitos paisaxísticos significativos e os propios fitos.

#### 6. SREP DE INFRAESTRUTURAS

Comprende, de conformidade co disposto no Art. 32º.2.c) LOUG, os terreos rústicos destinados á localización de infraestruturas e as súas zonas de afección non susceptibles de transformación, como son as de comunicacións e telecomunicacións, as instalacións para o abastecemento, saneamento e depuración de auga, as de xestión dos residuos sólidos, as derivadas da política enerxética ou calquera outra que xustifique a necesidade de afectar unha parte do territorio, conforme ás previsións dos instrumentos de ordenación do territorio e do presente PXOM.

#### 7. SREP DE PATRIMONIO CULTURAL

Comprende, de conformidade co disposto na lei 8/1995, do 30 de outubro, de Patrimonio Cultural de Galicia, na Lei 16/1.985 do Patrimonio Histórico Español:

Os edificios, conxuntos e elementos de interese histórico, artístico, arquitectónico, urbanístico e/ou ambiental, etnográfico ou cultural.

- Os elementos illados que sen estar identificados nos planos por o seu pequeno tamaño, teñen recoñecido o seu interese histórico, artístico e/ou cultural, por aplicación das disposicións contidas no Decreto 449/1973 de 22 de Febreiro, por o que se protexen os hórreos e cabazos de máis de 100 anos e no Decreto 571/1963, do 14 de Marzo, por o que se protexen os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruzamentos de termo e pezas similares de interese histórico-artístico de máis de 100 anos.

- Os depósitos e zonas arqueolóxicas.
- As zonas, enclaves, edificios, construcións, restos ou depósitos que, no seu caso, sexan inventariados polos Organismos Competentes en materia de Patrimonio Histórico, Artístico e Cultural.
- Ademais dos solos rústicos de especial protección citados anteriormente, tamén se establecen os terreos que, carecendo de valores específicos merecedores de protección, o PXOM considera inaxeitados para o seu desenvolvemento urbanístico, en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais o de desenvolvemento sostenible. Este solo se clasificará como “solo rústico de protección ordinaria”.

Ademais dos solos rústicos de especial protección citados anteriormente, tamén se establecen os terreos que, carecendo de valores específicos merecedores de protección, o PXOM considera inaxeitados para o seu desenvolvemento urbanístico, en consideración aos principios de utilización racional dos recursos naturais o de desenvolvemento sostenible. Este solo se clasificará como “solo rústico de protección ordinaria”.

### **6.3.3 Criterios de clasificación e cualificación do Solo Urbanizable**

#### **1. SOLO URBANIZABLE**

Atendendo ás previsións de crecemento da vivenda e dos sectores produtivos, e de acordo coa oferta de solo dispoñible para ditos usos, o PXOM establecerá as reservas de solo urbanizable necesarias destinadas a usos: residencial, industrial e terciario, para absorber a demanda prevista no ano horizonte do Plan.

##### **a) SOLO URBANIZABLE RESIDENCIAL**

O dimensionado das reservas de solo urbanizable residencial, estará en función das previsións de crecemento da vivenda ao ano horizonte do PXOM e da capacidade de vivendas que ofrezca o solo urbano. Polo que se delimitará solo urbanizable residencial, cando a capacidade de vivendas en solo urbano sexa insuficiente para absorber o crecemento previsto.

O PXOM debe establecer as reservas de solo necesarias para cubrir a demanda de solo residencial ao ano horizonte do PXOM. Estas reservas deberán localizarse sobre todo no núcleo urbano de Ferreira e nos núcleos rurais periféricos.

Por outra banda, de acordo coas últimas tendencias, considérase que a oferta de novas vivendas debe cubrir a demanda de edificación plurifamiliar e unifamiliar.

Para os efectos do cálculo da capacidade residencial en solo urbano, teranse en conta os espazos ocupados actualmente polas actividades industriais, para as que o PXOM prevé a súa recolocación en solos industriais, pola capacidade residencial que poden ofrecer no futuro.

##### **b) SOLO URBANIZABLE INDUSTRIAL**

Na actualidade existe oferta de solo industrial na zona limítrofe co municipio de Alfoz. O PXOM establecerá a correspondente reserva de solo urbanizable industrial. Tendo en conta as

necesidades de solo industrial derivadas da demanda de solo e do futuro realoxo de industrias existentes en zonas inadecuadas.

As reservas de solo industrial localizaranse preferentemente, tendo en conta a relación destes emprazamentos, coas principais vías de comunicación do municipio co exterior.

### 6.3.4 **Criterios de clasificación e cualificación dos sistemas xerais**

O PXOM establecerá as reservas de solo necesarias para a implantación das dotacións de carácter público, de acordo coa estrutura territorial e urbanística que establezca o PXOM e coas exigencias legais.

#### 6.3.4.1 **Sistemas xerais**

A estrutura xeral proposta está integrada polos sistemas xerais que, se definen como as dotacións públicas que están deseñadas ou previstas no PXOM para o servizo da totalidade da poboación do municipio, e en especial, para implantar as infraestruturas básicas do modelo de desenvolvemento urbano.

De acordo coa función asignada polo PXOM, os sistemas xerais (SX) existentes e previstos cualificaránse en:

#### 1. SX DE EQUIPAMENTOS

Comprende os locais, edificacións e espazos de carácter público destinados a usos: Docentes, Sanitario-asistenciais, Socioculturais, Deportivos, Relixiosos, Administrativos, Comerciais e Funerarios.

As reservas de solo para o sistema xeral de equipamento, deberá de cumprir cos estándares exigidos legalmente e dimensionarase en función da oferta actual e das previsións de crecemento residencial no ano horizonte do PXOM.

#### 2. SX ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES.

O sistema xeral de espazos libres e zonas verdes comprende os espazos libres de edificación e os terreos destinados a plantacións de arbolado e xardinería destinados a garantir a salubridade, o repouso e lecer da poboación, a mellorar as condicións ambientais dos espazos urbanos, a protexer e illar as vías de tránsito rápido, ao desenvolvemento de xogos infantís e, en xeral, a mellorar as condicións estéticas e ambientais dos núcleos urbanos.

Dentro dos espazos citados distinguiranse os seguintes: Espazos libres, parques (urbanos, forestais e arqueolóxicos), xardíns, áreas de xogo e áreas recreativas.

As reservas de solo para o sistema xeral de espazos libres e zonas verdes, deberá cumprir cos estándares exigidos legalmente e dimensionarase, en función da oferta actual e das previsións de crecemento no ano horizonte do PXOM.

#### 3. SX DE COMUNICACIÓNS E TRANSPORTES

Comprende os espazos, instalacións e edificacións destinados ao transporte de persoas e

mercadorías, así como os que permitan igualmente a permanencia destes estacionados ou aqueles, en que se producen operacións de carga ou descarga e outras labores auxiliares.

Dentro do sistema xeral de comunicacións e transportes diferenciaranse as seguintes clases: Comunicacións viarias e Garaxe-aparcamento.

As reservas de solo para o sistema xeral de comunicacións e transporte dimensionarase en función dos obxectivos de ordenación establecidos no PXOM.

#### 4. SX DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS.

Comprende os espazos, edificacións e instalacións destinados aos servizos de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas, suministro de enerxía eléctrica, gas, telecomunicacións e outros servizos que sexan necesarios.

As reservas de solo para o sistema xeral de infraestruturas de servizos dimensionarase, en función da situación actual de ditas infraestruturas e do desenvolvemento urbanístico previsto polo PXOM, xa que as novas actuacións previstas deberán integrarse na estrutura xeral do

##### **6.3.4.2 Dotacións locais**

Comprende os terreos dotacionais públicos de titularidade municipal que están deseñados ou previstos para o servizo de ámbitos concretos, como polígonos ou sectores.

Como nos sistemas xerais, as dotacións locais tamen se cualificarán, en función dos usos asignados polo PXOM en dotacións locais de equipamentos, de espazos libres e zonas verdes, viarias e de servizos urbanísticos.

As reservas de solo para dotacións locais de equipamento e espazos libres e zonas verdes, deberán cumprir cos estándares exigidos legalmente e dimensionarase, en función da oferta actual e das previsións de crecemento no ano horizonte do PXOM.

As reservas de solo para dotacións locais viarias e de servizos urbanísticos dimensionaranse en función dos obxectivos de ordenación establecidos no PXOM.

## **7. EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES**

Sobre as accións do PXOM susceptibles de xerar impactos, a principal causa deriva do feito da ocupación do solo e dos cambios nas súas características naturais. A intensidade da modificación depende fundamentalmente da singularidade e calidade dos elementos do medio a modificar, da maneira na que se produce o cambio (ocupación, consumo de recursos, etc.), das externalidades que a ocupación xerará na comunidade e do balance sobre a mellora socioeconómica que producirá.

Predominarán os efectos de carácter positivo debidos a configuración dun modelo territorial eficiente e funcional coherente coa realidade municipal, que optimice o consumo do solo, fomente a consolidación e mellora das áreas edificadas, evite a fragmentación do territorio, optimice os recursos hídricos, fomente a redución dos residuos, conserve a biodiversidade do territorio e poña en valor os elementos de interese ecolóxico, cultural e paisaxístico existentes.

Os impactos, tanto de carácter positivo ou negativo, significativos ou non, debidos á clasificación e



cualificación do solo son os mais importantes dos derivados da planificación urbanística.

A clasificación do solo orixina impactos por causas directas ou indirectas. Entre as primeiras atopase o consumo de recursos para edificación e infraestruturas coa conseguinte perda de vexetación, hábitats, impermeabilización do solo, etc. Entre as indirectas están as asociadas ao consumo de auga, enerxía, con maior ou menor incremento dependendo do grado de conectividade e mobilidade, etc..

A calificación do solo con asignación do uso e intensidade e outro factor determinante nos impactos derivados da clasificación. A segregación, a diversidade nos usos das diferentes zonas, as intensidades, as condicións de deseño espacial, o planeamento de desenvolvemento, a integración paisaxística, etc. farán que as accións do planeamento sexan mais ou menos impactantes co medio.

A delimitación dos solos urbanos faise sobre a malla existente que resulta reforzada coas propostas do Plan e que parten das establecidas no planeamento en vigor. Entre as propostas do Plan adquiren especial significación as actuacións de completión e remate dunha estrutura urbana aínda inacabada e infradotada.

Os solos urbanos non consolidados perseguen a concentración, completando e enchendo as tramas urbanas, e oriéntanse á recualificación destas con actuacións de mellora nas dotacións, nos equipamentos, nas infraestruturas e servizos, nas que a súa incidencia ambiental e socioeconómica considérase, como moi positiva. Estes son aspectos de importancia nos que fundamentar a sustentabilidade polas súas implicacións na conservación dos recursos (solo, auga, etc), na redución das necesidades de transporte e de consumo enerxético, na produción e a xestión de residuos ao minimizar o consumo de materiais, así como o custe infraestrutural e dos servizos por habitante, etc. Deste xeito conséguese, ademais, preservar a paisaxe e maillos recursos naturais e, ao mesmo tempo, non se condiciona negativamente a viabilidade futura dos diferentes aproveitamentos agropecuarios e forestais periurbanos e rurais.

O sistema de espazos libres aumenta coas previsións do plan, cuns estándares superiores aos establecidos na lexislación vixente ao igual que o sistema xeral de equipamentos. En calquera caso, os acondicionamentos para uso público nestes espazos son coherentes cos valores ambientais que se pretenden protexer e coas súas dinámicas, polo que se precisan actuacións que recuperen e consoliden os espazos de interese ambiental potenciando ás súas características naturais. O incremento na superficie proposta de zonas verdes contribúe ao incremento das calidades urbanas.

Respecto a delimitación dos solos urbanizables, a súa aceptable capacidade de acollida e contigüidade cos solos urbano e industrial consolidados, orixina un impacto por ocupación compatible e asumible polas súas acaídas ordenacións e positiva incidencia territorial. Para estas novas área de crecemento resolverase a integración cos tecidos preexistentes preservando as densidades, edificabilidades e a percepción paisaxística existentes así como a integridade do medio rural próximo.

A integración de criterios ambientais e de sustentabilidade nas distintas fases de planificación permiten evitar os impactos negativos antes de que estes se produzan mediante a coherente aplicación de medidas preventivas. No planeamento unha medida preventiva fundamental é axustar o consumo de recursos ás estritas necesidades de crecemento, minimizando este co establecemento dunhas densidades que permitan acadar unha elevada calidade ambiental.



**CADRO Nº 13.- ACCIÓNS DO PXOM SUSCEPTIBLES DE PRODUCIR IMPACTOS NEGATIVOS SOBRE DETERMINADAS VARIABLES AMBIENTAIS**

Categoría de solo		Atmosfera	Solo	Ciclo hídrico	Paisaxe	Biodiversidade		M.Socioeconom.	Consumo de recursos	Xeración de residuos
						Flora	Fauna			
SOLO URBANO	Consolidado	<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>
	Non Consolidado	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>
NÚCLEO RURAL		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
SOLO RÚSTICO	S.R.P.O	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	S.R.E.P.Ag									
	S.R.E.P.E.N									
	S.R.E.P.P									
	S.R.E.P.I									
	S.R.E.P.F									
	S.R.E.P.A				<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		
SOLO URBANIZABLE	S.U.N.D	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	S.U.D	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
SISTEMAS XERAIS	S.X Viario	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			
	S.X. Servizos		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
	S.X Equipamento		<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>					
	S.X E.L e Z.V		<input type="checkbox"/>		<input type="checkbox"/>					

## 8. PROCESOS QUE SE SEGUIRAN PARA A ELABORACIÓN DO PLAN

### 8.1 CRITERIOS DE PROGRAMACIÓN DE ACTUACIÓN

A materialización das previsións contidas no PXOM, precisará dun proceso de desenvolvemento, xestión e execución das actuacións establecidas no mesmo, dentro dos tres quadrienios posteriores á aprobación definitiva do PXOM.

De acordo cos obxectivos do PXOM, no documento de “Estratexia de Actuación”, establecerase un conxunto de actuacións (viarias, de servizos urbanísticos, de espazos libres e de equipamento) dirixidas a cubrir os déficits actuais na estrutura xeral e, por outra banda, definiranse unha serie de actuacións urbanísticas en solo urbano e en solo urbanizable, que servirán para completar a ordenación urbana e para absorber o crecemento residencial e dos sectores produtivos previsto no ano horizonte do PXOM.

Para que a estratexia de actuación prevista poida cumprirse, será preciso garantir que as actuacións se desenvolvan e executen nos prazos previstos e, para iso, adquirirán especial importancia, as actuacións de carácter PREFERENTE ou actuacións nas que estará comprometido o seu desenvolvemento e execución nun prazo concreto. As demais actuacións previstas considéranse como NON PREFERENTES ao no estar garantido o prazo proposto no PXOM.

En resumo e a efectos de garantir un desenvolvemento coherente do PXOM establecerase a seguinte clasificación de actuacións:

#### 1. POLAS CARACTERÍSTICAS DA ACTUACION

##### a) ACTUACIÓNS URBANISTICAS

Son as actuacións de carácter urbanístico que o PXOM prevé en solo urbano non consolidado e en solo urbanizable delimitado. Para cada unha destas actuacións urbanísticas, para os efectos de coordinar as actuacións que deben ir asociadas, o PXOM establecerá as correspondente actuacións infraestructurais (viario, abastecemento, saneamento, etc.) que deban realizarse previa ou simultaneamente.

##### b) ACTUACIÓNS DOTACIONAIS

Dentro das actuacións dotacionais, o PXOM, diferenciará as actuacións de sistemas xerais das actuacións de carácter local.

- SISTEMAS XERAIS. O PXOM diferenciará as actuacións en novos sistemas xerais que teñan como obxectivo cubrir os déficits existentes na estrutura do PXOM e que non están incluídos ou adscritos a ningunha actuación de desenvolvemento urbanístico, dos novos sistemas xerais que deben desenvolverse previa ou simultaneamente ao desenvolvemento das actuacións urbanísticas.
- DOTACIÓN DE CARÁCTER LOCAL. As dotacións de carácter local obteranse do desenvolvemento e execución das actuacións urbanísticas previstas en solo urbano e en solo urbanizable.

#### 2. POLA URXENCIA DA ACTUACIÓN

a) ACTUACIÓN PREFERENTES

Son aquelas actuacións previstas no PXOM, para as que existirán compromisos de execución, nuns prazos concretos, por parte do organismo público correspondente (actuacións de iniciativa pública) ou por parte dos particulares, de acordo cos convenios subscritos co concello (actuacións de iniciativa privada).

b) ACTUACIÓN NON PREFERENTES

Son aquelas actuacións nas que ao non existir convenio co concello, non está garantida a súa execución nos prazos previstos no PXOM.

3. POLA INICIATIVA DA ACTUACIÓN

a) ACTUACIÓN DE INICIATIVA PÚBLICA

As actuacións públicas previstas no PXOM, serán as asignadas a Fomento, Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello, en función dos compromisos que poidan existir entre concello e os citados organismos.

b) ACTUACIÓN DE INICIATIVA PRIVADA

A maioría das actuacións previstas no PXOM, corresponderán á iniciativa privada. Das devanditas actuacións, ás que o PXOM estableza como preferentes, contarán co correspondente convenio urbanístico e, nalgúns casos, coa ordenación detallada.

## 8.2 AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

O procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica iniciase coa elaboración do presente Documento de Inicio do PXOM a partir do diagnóstico previo realizado polo equipo redactor.

A comunicación de Inicio do procedemento de elaboración do PXOM de O Valadouro enviase a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en calidade de órgano ambiental.

O documento de inicio ten por finalidade servir de orientación á redacción do PXOM, e en consecuencia contén as directrices e os obxectivos xerais do Plan, para o seu traslado ao órgano ambiental, que o somete ao público e a outros organismos para posibles suxestións ou propostas, e elaboralo Documento de Referencia.

Estudado o Documento de inicio e tras realizar consultas coas Administracións públicas afectadas e o público interesado acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade aplicables a Valadouro, o órgano ambiental dispón de dous meses para elaborar o Documento de Referencia do PXOM.

O Documento de Referencia ten por obxecto establecer un procedemento que garanta a sustentabilidade ambiental do planeamento. Para isto, determina as variables e criterios de sustentabilidade que foron a base para avaliar os efectos ambientais das alternativas de planeamento propostas. Así mesmo, o Documento de Referencia establece a amplitude, nivel de detalle e o grado de especificación do Informe de Sustentabilidade Ambiental do Plan (ISA) así como as modalidades, amplitudes e prazos dos períodos de información e consultas.

O ISA fai unha análise previa dos condicionantes, obxectivos e alternativas para o futuro desenvolvemento do concello, identificando e caracterizando os efectos sobre o medio da alternativa escollida e establecendo as medidas preventivas, correctoras e de seguimento destes efectos.

O Plan aprobado inicialmente, incluíndo as alternativas refugadas e as súas avaliacións, será sometido ao proceso de participación e consultas de acordo co establecido no Documento de Referencia. Esta fase de consultas e a posta a disposición do público do documento aprobado inicialmente, do que forma parte integrante o Informe de sustentabilidade ambiental, farase durante un prazo de dous meses (apartado 5 do artigo 7 da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia) para o seu exame e formulación de observacións. Será nominal para as Administracións públicas e ó público interesado relacionado anteriormente e realizarase mediante inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia para calquera outra persoa física ou xurídica que puidese estar comprendida como público interesado, segundo a definición dada polo artigo 10.2 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

O resultado de dito proceso recollerase nun Informe sobre a participación pública e as consultas no que se describirá o procedemento seguido e se xustificará cómo se tomaron en consideración as observacións e alegacións realizadas, así como os informes sectoriais recibidos.

Realizadas as consultas e con carácter previo á aprobación provisional, remitiranse ao órgano ambiental o documento do Plan para aprobación provisional, do que forma parte o Informe de Sostibilidade; o informe sobre a participación e as consultas; e unha proposta de Memoria Ambiental. Con esta información, o órgano ambiental redactará nun prazo de dous meses dende a súa recepción, a Memoria Ambiental, a través da cal validará o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, podendo establecer condicionantes que serán vinculantes para o planeamento e deberán quedar recollidos no documento que se aprobe provisionalmente.

Unha vez aprobado o plan definitivamente, o órgano promotor cumprirá os requirimentos de publicidade establecidos no artigo 14 da lei 9/2006, poñéndoo a disposición do órgano ambiental, das Administracións públicas consultadas e do público afectado, xunto coa documentación especificada no mesmo artigo.

Finalmente, o órgano promotor realizará un seguimento dos efectos na sustentabilidade da aplicación ou execución do plan, no que participará tamén o órgano ambiental.